

Da indireccionalidade á retranscra

*Análise das características
lingüísticas asociadas á imaxe
estereotipada do falante galego*

Autora

Mercedes González Vázquez

Monografías


Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais



Mercedes González Vázquez (Vigo, 1969). Licenciouse en Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e anos despois doutorouse pola Universidade de Vigo (Doutorado europeo e Premio Extraordinario de Doutorado). Foi profesora na Universidade Carolina de Praga e na Universidade de Leeds, onde desempeñou, neste último, o cargo de Coordinadora Académica. É autora do libro *Las fuentes de la información. Tipología, semántica y pragmática de la evidencialidad* (2006). Formou parte do equipo de traballo de proxectos de lingüística das Universidades de Santiago, Vigo e Complutense de Madrid, así como da Actualización do Plan Curricular do Instituto Cervantes. Actualmente é profesora no Dpto. de Filoloxía Galega e Latina na Universidade de Vigo.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Monografías

Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

Adobe stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-8158-965-8

Depósito legal

VG 117-2023


© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2023
© Mercedes González Vázquez

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **uñe**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Da indireccionalidade á retranca

*Análise das características
lingüísticas asociadas á imaxe
estereotipada do falante galego*

Autora

Mercedes González Vázquez

Na memoria da miña nai, Charo.
Ao meu pai, Álvaro.

Non sabemos se a língua é un eco dos sentimentos intransferibles dun pobo ou se na fala se modelan os pensamentos e o ser moral da nación. Sabemos, eso si, que de tódolos vencellos sociaes dunha nación, a fala é o primordial i esencial porque aglutina e caracteriza aos elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional.

Castelao (1986 [1944]: 260)

El investigador acude a un lugar determinado y frente a los diferentes instala un espejo de sí mismo, empieza a anotar en su libreta todos aquellos reflejos que no son él mismo; el otro se empieza a configurar como todo lo que el observador no es, y todas las diferencias sumadas constituyen, supuestamente, al otro.

José del Val (2000)

Language is the frail bridge that we fling across the chasm of the
inexpressible and the incommunicable.

(A lingua é a fráxil ponte que lanzamos a través do abismo
entre o inexpressable e o incommunicable)

Matisoff (2000 [1979]: 2)

01

Introdución 13


A atenuación, a indireccionalidade e a retranca 19

I.I Unhas notas ó redor da imaxe estereotipada e da identidade social galega	19
I.II A atenuación	25
Atenuación, cortesía e imaxe	30
A atenuación nas culturas	36
Factores de variación lingüística da atenuación	38
I.III A indireccionalidade	39
Tipos de actos de fala indirectos	41
A motivación interesada e a motivación autocortés	48
A motivación non interesada	51
Efectos indesexados da indireccionalidade	54
Factores de variación lingüística da indireccionalidade	56
I.IV A retranca	57
A existencia da retranca noutras culturas	61
A ironía	64
I.V A formación da imaxe estereotipada en función dos tipos de culturas	66
Culturas de alto e baixo contexto	66
Culturas individualistas vs. colectivistas	71
Culturas de achegamento vs. de afastamento	74
As culturas e a súa relación coa cortesía negativa, indireccionalidade e atenuación	75
I.VI Conclusións	78

02

A evidencialidade e a súa relación coa cultura 83

II.I A evidencialidade: unha visión xeral	83
Evidencialidade e modalidade epistémica	86
Evidencialidade e postura epistémica	91
Os significados evidenciais indirectos	94
II.II Evidencialidade indirecta en galego	96
Análises de disque	97
Análises de seica	99




II.III Análise dos significados evidenciais	101
O significado inferencial	101
O significado reportativo	112
O significado indirecto-indiferente	114
II.IV A interacción da evidencialidade con factores culturais	114
A relación co territorio da información e a postura epistémica	114
A relación coa intersubxectividade	122
A relación coa cortesía negativa	126
II.V Conclusións	130

03

Conclusións	135
-------------	-----

04

Referencias bibliográficas	139
----------------------------	-----



Introdución¹

De entre os moitos dons da facultade da linguaxe que prenderon o noso interese e suscitaron a elaboración deste libro, queremos entresacar dous: a expresión libre e precisa da complexidade do pensamento e a colaboración na creación e mantemento das relacións sociais. Ambos prezados bens están suxeitos á influencia da diversidade cultural que os moldea dando lugar a múltiples estilos comunicativos. En efecto, malia a riqueza potencial das linguas *per se* que permite combinar con liberdade os recursos lingüísticos, os falantes acudimos repetidamente a certos patróns conversacionais porque estamos culturalmente “programados” para comunicarnos dun xeito determinado, feito que conforma o “estilo comunicativo cultural” (Hall 1976; Gumperz 1992; Duranti 2000; Goddard e Wierzbicka 2000, entre outros). Neste libro introducírémonos no estudo da relación entre a lingua e a cultura, nomeadamente, no estudo de catro características discursivas –atenuación, indireccionalidade, evidencialidade e retranca– e a súa relación co estilo comunicativo galego.¹

Nos estudos de lingüística intercultural admíttese que a cultura exerce o poder de dar forma e organizar as linguas e o discurso mediante unhas pautas ocultas, a chamada “cultura cognitiva subxacente” ou “cultura oculta” (*hidden culture*, Hall 1976, 1983). Entendemos cultura, seguindo a Spencer-Oatey (2000: 4), como “un conxunto difuso de actitudes, crenzas, convencións de comportamento, supostos e valores básicos que comparten un grupo de persoas e que inflúen nos comportamentos de cada membro e na interpretación do “significado” do comportamento dos demais”

¹ Este traballo forma parte do Proxecto de investigación: “Estrategias de posicionamiento en el discurso del racismo y la inmigración: Análisis y aplicaciones en prácticas afectivas de aprendizaje” (RACISM-MAFF), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación & FEDER (PID2021-125327NB-I00). Desexo manifestar o meu agradecemento a tres persoas polo seu estímulo e apoio continuo: Juana Marín-Arrese, Marta Carretero Lapeyre e Elena Domínguez Romero. Así mesmo, agradezo a dous revisores anónimos a lectura e comentarios que realizaron dunha versión previa deste libro.

(tradución nosa).² Para Hall (1983), a cultura actúa como un invisible mecanismo subconsciente de control que opera na nosa mente e que deixa pegadas na lingua, sexan marcas obvias sexan sutís (*vid.* tamén Goddard e Wierzbicka 2013). Nas linguas reflíctense os dominios ós que prestamos atención no mundo e ós que non, a nosa forma de categorizar e estruturar a realidade e, por suposto, a atribución de valores socialmente establecidos ós diversos estilos comunicativos (Gumperz 1992; Goddard e Wierzbicka 2000, 2013). Son moitos os autores que suscriben esta concepción da relación entre cultura e lingua, relación cuxo interese é descubrir as normas implícitas que guían ós falantes nas diversas culturas. Duranti (2000: 8) refírese a esta interdependencia entre fala e visión do mundo nestes termos: “A fala, como práctica comunicativa social, dá a coñecer a visión do mundo dunha sociedade, así como tamén as relacións entre os individuos como seres sociais” (tradución nosa).

Tras todo o dito, constituiría unha flagrante inxenuidade pensar que a forma de comunicarnos abrangue só o que enunciámos explicitamente, xa que estaríamos a esquecer todos os contidos implícitos que transmitimos, máis ou menos eficientemente, aínda que non os codificamos. Para a decodificación do implícito, os falantes presupoñen o funcionamento axeitado das inferencias que acometerán os oíntes inmersos, estes últimos, nun contexto cultural e social que lles axudará a desenlear as claves ou pegadas para inferir. Por conseguinte, ó comunicarnos, xogamos con todos os elementos á nosa disposición, recursos lingüísticos explícitos e mecanismos convencionalizados implícitos, que conxuntamente forman todos eles o estilo comunicativo persoal ou cultural.

Unha característica das linguas que vén motivada por esta “cultura oculta” identifícase coa predisposición dos falantes a facer uso, en maior ou menor medida acentuado, da atenuación, da indireccionalidade, do humor (ou retranca), da evidencialidade e da cortesía verbal. Nalgunhas culturas os falantes manifestan propensión a introducir estes recursos entre os seus hábitos lingüísticos cotiáns e recorrentes, mentres que noutras, tales compoñentes son vistos como instrumentos da fala secundarios, doadamente prescindibles e mesmo molestos. A consecuencia desta discrepancia intercultural é a adscripción dunha determinada interpretación, valor e xuízo social tanto ó emprego destas características discursivas coma á súa omisión na fala en función do esquema de interpretativo dende o que se valore. Como certeramente apuntara Cheng, W. (2003: 2) e comprobaremos neste estudo:

2 Na versión orixinal da autora a cultura é: “a fuzzy set of attitudes, beliefs, behavioural conventions, and basic assumptions and values that are shared by a group of people, and that influence each member’s behaviours and each member’s interpretation of the ‘meaning’ of other people’s behavior”. (Spencer-Oatey 2000: 4). Inclúe, seguindo a Bordieu (1980), o conxunto de prácticas sociais dun pobo e as súas conceptualizacións individuais e colectivas subxacentes aprendidas a través dun proceso de socialización na infancia e ó longo da vida.

A conversa intercultural invoca identidades culturais, así como coñecementos, actitudes e valores culturais propios das afiliacións culturais de cada un dos participantes. Por tanto, é probable que os falantes individuais difiran na forma en que perciben os obxectivos comunicativos da conversa, as normas, os procedementos e as estratexias que rexen a conduta, a organización e a xestión da conversa, así como no que constitúe un comportamento conversacional axeitado. (tradución nosa)³.

Outro dos moitos exemplos que forman parte desta amplísima “programación cultural” –á que estamos, se non sometidos, polo menos influídos–, constitúe o dominio da evidencialidade, i.e. a categoría que sinala as fontes de información nas que se basea o falante cando enuncia algo ou o modo de acceso á información (Aikhenvald 2004: 3). Este dominio semántico-pragmático permite clasificar dous tipos de linguas a nivel interlingüístico. Dunha banda, constátase a existencia de linguas cuxa gramática obriga a incluír a evidencialidade en cada enunciado e, no caso de non indicala, o enunciado non só se tornará incorrecto e agramatical, senón que o falante ficará estigmatizado por incumprimento das normas sociais e interaccionais da comunidade. Polo tanto, nas linguas de evidencialidade gramatical obrigatoria, a repercusión desta característica é cultural e social ó indicar que o falante coñece as regras de interacción social e que, por conseguinte, comunica e socializa correctamente (*vid.* Michael 2012; Nuckols 2014, 2018).⁴ Como sostén Hardman (1986:11) para o conxunto das linguas xaqui de Perú, Bolivia e Chile, a exactitude na orixe da información por parte do falante é un elemento crucial para a reputación pública das persoas; o mal uso da fonte de información é “insultante para o oínte”. Nestas linguas os falantes que non empregan os evidenciais son tildados de pouco fiables ou mentirosos (*vid.* Michael 2012; Aikhenvald 2021: 61-62).

Doutra banda, existen linguas nas que a gramática non obriga ó emisor a mencionar a orixe da información (linguas con evidencialidade opcional e cuxa presenza, se ben moderada, é moi significativa). En galego, así como nas linguas europeas, a evidencialidade non constitúe un aspecto obrigatorio da fala, de aí que fagamos uso dela libremente e con determinados propósitos pragmáticos que aínda están por esclarecer. Coméntase anecdoticamente na bibliografía o moito tempo que se aforraría

3 No orixinal: “Intercultural conversation invokes cultural identities, as well as cultural knowledge, attitudes and values that are unique to the cultural affiliations of the individual participants. The individual conversationalists are therefore likely to differ in the way they perceive the communicative goals of conversation; the rules, procedures and strategies that govern the conduct, organization and management of conversation; as well as what constitutes appropriate conversational behaviour.”

4 Nestas linguas, os marcadores evidenciais resultan tan inexcusables no discurso como na lingua galega –e noutras europeas– son as categorías gramaticais de número, xénero, os diferentes tempos verbais, etc. (*vid.* Aikhenvald 2018, 2021), mais coa importante diferenza de que, de non se empregar as formas evidenciais, o falante é estigmatizado. Cómpre subliñar aquí a outra cara da moeda: dende a perspectiva das culturas e linguas sen evidencialidade obrigatoria, os falantes coidadosos coas formas evidenciais serán etiquetados de desconfiados.

durante os testemuños nos xulgados de ser a evidencialidade obrigatoria en todas as linguas (*vid.* Aikhenvald 2021, entre outros)

16 A raíz do estudo das catro características sinaladas, neste traballo suxeriremos unha relación entre elas e a imaxe estereotipada do estilo comunicativo galego, chegando á conclusión de que a devandita imaxe é froito dunha perspectiva cultural etnocentrista.⁵ Pretendemos demostrar que a imaxe atribuída á identidade social galega, que deu lugar a creación de clixés como a falta de posicionamento, desconfianza e indireccionalidade, gardan relación non só coa atenuación e a indireccionalidade lingüística –existentes ambas as dúas en todas as linguas–, senón tamén coa evidencialidade. Por outra banda, asumindo a existencia dun *continuum* cultural no que se expanden os diversos tipos de culturas, sosteuremos que os estereotipos cesarían de ser estereotipos, e sobre todo, cesarían de ser negativos, se son contemplados dende culturas externas ou alleas ás “culturas de achegamento” e ás culturas de “contexto baixo” (Hall 1990) (*vid.* § 1.5.1 e § 1.5.3). Como veremos, as culturas de achegamento ou proximidade foron catalogadas por Haverkate (1994) e nelas incluíu as mediterráneas. De modo meramente anecdótico, lembramos aquí o eslogan turístico publicitario dos anos 60-70 “Spain is different” que presumía das peculiaridades actitudinais, xeográficas, metereolóxicas e hábitos sociais (e, se cadra, engadimos nós, conversacionais) dunha España castelán falante.⁶ O eslogan aludía e sublimaba as diferenzas entre os españois e os cidadáns tanto do resto de Europa como doutras culturas máis afastadas. Non está de máis, pois, indagar neses trazos culturais (entre os que nós incluimos os trazos conversacionais) que facían ós castelán-falantes –principalmente de Castela e Andalucía– diferentes dende a óptica estranxeira.

Deixando a anécdota á marxe, perspectivizar e contemplar dende outro ángulo as peculiaridades conversacionais que se teñen atribuído ós galegos é unha tarefa pendente na que pretendemos internarnos ou, polo menos, abrir unha vía de estudo. Como apuntara Wierzbicka (1991, 1992), a cultura en si mesma, o modo de percibi-la e enuizala depende da posición na que esteamos situados no longo *continuum* cultural. Se pertencemos a diferentes culturas rexidas por regras conversacionais dispaes, dificilmente estaremos de acordo cos valores asociados ó estilo conversacional de cada cultura no que atinxe, por exemplo, á (in)direccionalidade, humor,

5 Concibimos os estereotipos seguindo a Laird e Thompson (1992), “generalizaciones preconcebidas sobre los atributos o características de la gente en los diferentes grupos sociales.” Outra cuestión, fóra do ámbito deste traballo, sería o estudo do seu xurdimento e o borrado da súa formación histórica. No dicionario da RAG (1997) na segunda acepción figurada di: “2 Fg. Idea ou expresión que por ser moi utilizada é totalmente convencional e carece de orixinalidade e de significación: *O teu comentario non me di nada, non é máis ca un estereotipo.*” Nesta segunda acepción ponse de manifesto a pouca credibilidade que se lle pode outorgar (ou non) ós estereotipos. Non entraremos a comentar as implicacións dos clixés na sociedade e a función adaptativa, simplificadora, predictiva e defensiva por parte de quen os forman.

6 Os tópicos que se implicaban do eslogan *Spain is different* e dos anuncios publicitarios nos que aparecía (da Televisión española e da publicidade turística española) recollían os estereotipos superficiais de Andalucía, reclamo ou estímulo para turistas.

tabúes, tautoloxías, etc. (*vid.* Trent 1998; Grainger e Mills 2016: 3).⁷ Esta relativización dos xuízos lingüísticos da que estamos a falar traslócese na seguinte afirmación de Briz (2018: 109):

[...] Lo anterior nos trae a la memoria ahora los estereotipos culturales: al otro lado del Atlántico puede oírse que el español es agresivo al hablar, que muestra prepotencia, que su discurso es anárquico, opiniones que bien podrían dar mexicanos, chilenos, etc. Y estos otros estereotipos, desde este lado: cuando hablan, el mexicano es lento o el chileno llora, etc. Y el argentino es soberbio. 17

Cómpre facer mención neste punto da falacia de facer equivaler lingua e cultura, como ben lembrara Casares (2017 [2001]). Non é preciso incidir en que as diferentes culturas de América Central e do Sur posúen a mesma lingua (alén das linguas aborixes), mais todas elas diverxen na súa composición cultural, a cal está confeccionada por máis e diversos trazos, non só pola variante diatópica da lingua española que se fale en cada país.⁸

Neste libro non atoparemos unha comparativa do galego co castelán falado en Galicia, castelán que se supón baixo a influencia do estilo comunicativo galego. Non podemos afirmar se a atenuación, a indireccionalidade e o emprego recorrente da evidencialidade forman parten dos hábitos lingüísticos galegos, dada a necesidade dunha mirada externa e aséptica que contraste entre varias linguas o nivel de asiduidade e as situacións de uso destas características para que, con obxectividade, quede ratificada ou rexeitada a pertenza destas propiedades ó modo de fala galega. Un dos nosos principais propósitos encamiñase a sinalar a presenza normalizada e acentuada destes trazos noutras linguas, principalmente nas linguas integradas en culturas de contexto alto, culturas colectivistas e culturas de afastamento, como teremos ocasión de comprobar.

Por se tratar dun traballo de carácter descritivo-explicativo, queda fóra do noso alcance a análise cuantitativa de datos que poderían responder a catro preguntas para nós fundamentais: a) o falante galego atenúa máis có falante castelán de fóra de Galicia e en contextos diferentes; b) o emisor galego emprega con maior frecuencia as expresións evidenciais; c) en galego empréganse os evidenciais en contextos interaccionais e sociais diferentes con respecto ó falante castelán de fóra de Galicia; d) o falante galego fai uso de expresións indirectas con maior asiduidade e en contextos diferentes cós falantes de castelán de fóra de Galicia.

7 Estas últimas autoras subliñan neste sentido: “One person’s frankness might be considered boorishness by another; one person’s indirectness might be interpreted as prevarication and indecisiveness by another.” (Grainger e Mills 2016: 3). (“A franqueza dunha persoa pode ser considerada unha grosería por outra; a indirecta dunha persoa pode ser interpretada como evasión e indecisión por outra.”) (tradución nosa).

8 Cabe dicir o mesmo da lingua inglesa, falada como lingua materna en moitas outras culturas da portuguesa falada en diversos países culturalmente dispares e da lingua francesa, etc.

As cuestións que acabamos de bosquejar serán tratadas combinando un punto de vista teórico coa análise cualitativa de exemplos tomados de breves diálogos da obra de Castelao, do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) e do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG). O corpus CORGA, desenvolvido no Centro de Investigación Ramón Piñeiro, recompila textos do galego contemporáneo comprendidos dende 1975 ata 2016 pertencentes a rexistros xornalístico, literario, científico, ensaístico e, así mesmo, procedentes de guións de series de televisión. As áreas temáticas abranguen ficción, economía, política, artes, ciencias sociais, ciencias e tecnoloxías e cultura en xeral. No tocante ó corpus TILG, trátase dun corpus histórico de textos galegos da Idade Moderna e Contemporánea elaborado no Instituto da Lingua Galega que recolle máis de 3.000 documentos escritos entre 1612 e 2013. Do mesmo xeito que no caso do CORGA, os datos que fornece abranguen múltiples áreas temáticas xa sinaladas.

O libro distribúese en dúas partes: a primeira integra, ademais da análise da lingua, cuestións de corte social e cultural. A segunda parte, de carácter lingüístico, vai interrelacionando o estudo do emprego dos evidenciais galegos con factores culturais descritos no primeiro capítulo. De xeito máis detallado, o libro organízase consonte á seguinte estrutura: no primeiro capítulo dedicamos os preliminares a presentar unha revisión bibliográfica que testemuña a existencia dunha imaxe estereotipada da fala galega que podemos relacionar con características lingüísticas e discursivas, nomeadamente, a atenuación, a indireccionalidade e a retransca. A atribución popular destas tres marcas ós falantes galegos foi subscrita por numerosos autores, o que demostra, por conseguinte, que non se trata de tres características que atendan só á rumoroloxía popular, por dubidosa ou acertada que esta sexa. Posteriormente, neste primeiro capítulo, para comprendermos os trazos de atenuación e indireccionalidade, pasamos a definir os conceptos de cortesía na interacción verbal, a imaxe dos interlocutores e a vixilancia epistémica, dado que estas tres nocións constitúen os alicerces que sosteñen as características que nos ocupan. Así mesmo, coa intención de situar a cultura galega no *continuum* multicultural, ó final deste capítulo explóranse as tipoloxías de culturas en función de tres dimensións: o contexto alto vs. baixo, o carácter colectivista vs. individualista e o parámetro da cortesía verbal positiva vs. negativa. Xa no segundo capítulo, adentrámonos no estudo da evidencialidade como categoría semántica-pragmática e funcional; interesarámonos alí polos significados evidenciais e os seus medios de expresión. A interrelación da evidencialidade con factores culturais e de postura epistémica (*epistemic stance*) tales como o territorio de información, a intersubxectividade e a cortesía negativa serán tratados ó final deste segundo capítulo. O afondamento nestas interaccións de corte social axudaranos a explicar a función da evidencialidade na lingua galega e a súa relación coa atenuación, coa cortesía e coa desresponsabilización do contido enunciado por parte do falante. Para finalizar, formulamos as nosas conclusións.

Capítulo 01

A atenuación, a indireccionalidade e a retranca

19

1.1 Unhas notas ó redor da imaxe estereotipada e da identidade social galega

Pódese afirmar, de xeito xeral, que a concepción estereotipada das culturas e linguas é habitualmente resultado de percepcións externas nas que impera outra perspectiva e valoración verbo dun determinado aspecto da realidade e da lingua. Froito desta perspectiva externa constrúese unha imaxe que contén os trazos diferenciais entre as culturas, a imaxe estereotipada cobrará máis forza canto maior distancia separe ás culturas. No que atinxe á direccionalidade (forma de fala directa), por exemplo, é coñecida a diverxencia entre os modos de fala dos xaponeses, ingleses e irlandeses (fala indirecta) e dos norteamericanos, polacos, rusos e israelíes (fala directa) (Trent 1998; Wierzbicka 1985; Kallen 2005; Ogierman 2009; Keysar 2008; Tannen 2005). Tal diferenza é recoñecida polos falantes de cada cultura mencionada, mais, por se tratar de culturas distantes dabondo, a percepción que os membros de cada cultura amosan da outra é plenamente estereotípica e sesgada. Os tres trazos discursivos que abordaremos neste capítulo –atenuación, indireccionalidade e retranca– gardan relación tanto con esta mirada externa que acabamos de mencionar como coa observación interna da lingua por parte dos falantes. En efecto, como apuntou Huth (2013: 2), os estereotipos tamén poden provir da análise interna que do seu propio comportamento verbal fan os falantes en cada cultura.⁹ A retranca, cuxa peculiaridade fainos ser conscientes dela, podería ser un cliché que os galegos percibimos como tal por consideralo algo de noso. Sinalaba Risco (1992: 46 [1954]): “A existencia dun ‘carácter galego’ específico e diferenciado é un feito evidente, coñecido por propios e extranos. Cítanse acotío aspectos dos máis saíntes, que chegan a constituír verdadeiros lugares comús. Mais falta un estudo fondo e científico que permita

9 Para Huth (2013: 2) as dúas posibilidades, creación externa ou interna, poden constituír a semente dos clichés: “Such cultural imaginations and myths may then perpetuate themselves as they are imposed on a particular language community from the outside. They may also develop from within since native speakers may build their self-image based on their own perceived language behavior.”

unha síntesis atinada.” Risco sostén a existencia dunha idiosincrasia que precisa ser analizada e ser contemplada dende outras perspectivas. Como comprobaremos, o peso da ollada externa repercute, sen dúbida, decisoriamente na creación de todos os clichés culturais e a cultura galega non é unha excepción nesta conformación dos arquetipos.¹⁰ Neste sentido, apuntamos aquí a seguinte reflexión non exenta de interpretación polémica: “En certo modo, Galicia foi borrada do mapa cultural, debido á incapacidade de crear unha identidade nacional cohesionada e integrada. Como resultado, Galicia segue a ser caracterizada no resto de España por unha serie de tópicos e estereotipos.” (de Toro 1995: 346) (tradución nosa).¹¹

Para tentar caracterizar os trazos de identidade social galega relacionados coa liña do estudo lingüístico que aquí abordamos, no que segue revisaremos na bibliografía o perfil do *ethos* galego debuxado polos autores que se achegaron a esta cuestión. Deixaremos á parte tanto a autores dos Séculos Escuros (Sarmiento ou Feijóo) como a autores do pre-Rexurdimento e Rexurdimento (Pintos, Murguía, Brañas, Pondal, e Rosalía, entre outros). O motivo non é outro que, malia o afondamento que todos eles acometeron nas ideas de nación e identidade cultural, as súas achegas non se relacionan co noso campo de interese.

Non cabe dúbida que, tras o Rexurdimento, os intelectuais das Irmandades da fala emprenderon unha insigne incursión na búsqueda da conciencia social. Como ben subliña De Toro (1995: 347), a Xeración Nós “creou unha definición da identidade cultural e nacional galega baseada na lingua e nas raíces celtas, elementos que poderían ser usados para distinguir Galicia do resto de España” (tradución nosa).¹² Nos traballos de Castelao, Otero Pedrayo e Risco aséntanse xa os conceptos de lirismo, o sentimento ante a paisaxe, humorismo, retranca, tolerancia, cortesía, atenuación, ambigüidade, imprecisión, acordo e trasacordo, cautela, desconfianza, circunloquios, indireccionalidade e capacidade de reflexión fonda. Alén disto, e aínda que resulte obvio mentalo, os catro persoeiros da Xeración Nós coinciden na asunción de que a posesión dunha lingua propia se erixe como principal factor identitario da cul-

10 Segundo Martínez-Quiroga (2014: 212): “De todo o dito ata aquí pódese inferir que a procura da identidade cultural galega transcorre pola defensa dunha serie de trazos compartidos, que moitas veces corresponden a estereotipos marcados desde fóra; agora ben, como acabamos de argumentar, eses estereotipos tan espallados tamén lle poden proporcionar unha maior visibilidade á identidade galega e, dende esta ter certa capacidade para redefinila.” Véxase Alonso Montero (1974) e Peres Vigo (2020) para comprobar, tanto na literatura como na vertente histórica, a longa traxectoria de pervivencia dos estereotipos sobre os galegos.

11 No orixinal deste autor “Galicia has in some senses been obliterated from the cultural map, due to the failure to create a cohesive and integrated national identity. As a result, Galicia continues to be characterized in the rest of Spain by a series of clichés and stereotypes.” (de Toro 1995: 346):

12 Para de Toro (1995) existe unha segunda corrente de autores que estudan a identidade galega, autores enmarcados na década dos 80 e que se caracteriza por ir en contra destas raíces celtas e rurais propostas pola Xeración Nós. A intención dos autores desta década, segundo de Toro, foi amosar unha identidade post-moderna e vangardista de Galicia (*vid.* tamén Martínez Quiroga 2014).

tura por enriba doutros trazos, proclama que quedou claramente recollida en *Sempre en Galiza* (Castelao (1986 [1944])). Nesa mesma obra, Castelao incide nalgúns aspectos dos xeitos de fala galegos que non nos pasan inadvertidos: “a tolerancia das creencias, e a liberdade para sentir e pensar, os *modos cortesés*, e os *actos ben meditados*, a *intuición* e o *trasacordo* para rectificar os erros cometidos” (Castelao (1986 [1944]): 259, cursivas miñas).¹³ Enfatizamos desta cita catro particularidades nas que nos deteremos e explicaremos, cando for oportuno, sempre dende o prisma lingüístico sinalado entre a paréntese: os *modos cortesés* (i.e. a atenuación e cortésia negativa); os *actos ben meditados* e a *tolerancia das creencias* (i.e. a evidencialidade); a *intuición* e o *trasacordo* (i.e. a indireccionalidade). Así mesmo, continuando coa fisonomía da cultura galega, outros atributos como a prudencia e a cautela foron reseñados en repetidas ocasións por Risco (1992 [1954]): 47) deste xeito: “A mentalidade galega ofrez tamén un feitío antitético. Por un lado, que pudéramos chamar o da desconfianza, o galego é hiper crítico, positivista, non crendo mais que no que olla e no que apalpa”. A isto hai que lle engadir que, segundo Risco (*ibid.* páx. 46): “O galego precisa madurar ben as cousas”, afirmación na mesma liña na que Castelao menciona “os actos ben meditados”. Finalmente, a coñecida característica da saudade –que xa fora poetizada por Rosalía e outros poetas posteriores a ela–, ratificouna tamén Piñeiro (2009 [1984]) dende un punto de vista filosófico no seu estudo da metafísica da saudade. Este último autor sintetiza algúns trazos positivos da suposta idiosincrasia galega (Piñeiro 1978: 128):

1. A nosa tendencia reflexiva.
2. O noso realismo empírico.
3. A nosa prudencia operativa.
4. A nosa repugnancia polo dogmatismo absolutizador.
5. A nosa capacidade de introspección sicolóxica.

Xiran todos eles ó redor do afondamento na realidade, na procura de diferentes perspectivas para contemplala e a necesidade de afiuzar ou avalar o que se di. De entre os trazos negativos collemos deste autor o criticismo e “o escepticismo volitivo” (*ibid.* páx. 128) Ambos os dous, se ben principalmente o escepticismo, van emparentados coa arela dunha información fidedigna amparada en evidencias que a lexitimen e lle concedan credibilidade (de aí a relación coa evidencialidade).

13 Máis adiante continúa Castelao (1986 [1944]): 259): “García Martí (escritor pouco galeguista) no seu libro “Unha punta de Europa”, bota de menos en Galiza o tono declamatorio que usan os casteláns. Os galegos falan sempre en tono menor, sen énfasis nen voluptuosidades, sen acentuación teatral.” Isto foi afirmado por García Martí ó referirse ó castelán falado polos galegos e ó comparalo coa forma de fala dos casteláns. A crítica de García Martí é rexeitada por Castelao, pois alude ó feito de que cando en Galicia se fala castelá como unha lingua imposta, a fonética, a prosodia e a entoación corresponden á galega, non á castelá.

Esta análise do perfil da cultura galega por parte dos autores mencionados, principalmente dos da Xeración Nós, exerceu fonda influencia en traballos posteriores. Os hipotéticos sinais de identidade que estamos a sinalar –agás as raíces celtas– foron recoñecidos en diversos estudos, explicitamente ou implicitamente, como parte integrante dos alicerces da idiosincrasia galega: Fernández de la Vega, 1963: 55-56; Alonso Montero 1974; Carballo Calero 1975; VV. AA. 1978; Tarrío Varela 1989; Barreiro Rivas 2006; Gondar Portasany 1993; González Seoane e Vilavedra 1994; de Toro 1995; Ferro Ruibal 1996; Chao Rego 2004; Rivas 2004; Rutherford 2012; Martínez-Quiroga 2014; López Lorenzo 2016; Núñez Seixas 2020: 204; Caballero 2012, 2016. De entre todas estas obras, o traballo de Alonso Montero (1974) constitúe unha inxente recompilación do que “os non galegos” –a mirada externa–, afirmaron sobre Galicia, de xeito que retratou boa parte do perfil estereotipado disperso, daquela, fóra de Galicia. De entre as numerosas citas que recolle, tiramos algúns extractos que conectan cos obxectivos deste traballo; isto é, os atributos que poidan verse reflectidos nas prácticas comunicativas: cautela, indireccionalidade, imprecisión, reviravoltas, afastamento e desresponsabilización do contido enunciado. Por exemplo, Giménez Caballero (1947: 11, *apud* Alonso Montero 1974: 61) incidía na “incógnita” galega ou a dificultade de comprender os circunloquios: “A la gente de la meseta, que nos gustan las cosas claras, las líneas rectas y el cielo fúlgido como el diamante, nunca terminamos de resolver en qué reside la incógnita gallega”. Así mesmo, salientamos esta cita rescatada de Llovet, exemplo de acopio de clixés variados que redundan en salientar a dificultade do coñecemento obxectivo da realidade e, de aí, o relativismo e escepticismo galego:

De su “ensimismamiento”, de sus “inedidades”, deduce el gallego la turbiedad de la vida, la vaguedad de sus perfiles, lo incierto y lo difícil del conocimiento objetivo. La mirada gallega perfora las cosas sólo para convencerse de su radical misterio. De ahí las innumerables cautelas expresivas, la infinita prudencia, el escepticismo, la desconfianza, la parábola, el rodeo; en fin, la ironía.

Enrique Llovet (1967: 15, *apud* Alonso Montero 1974: 378)

Xunto ás características anteriores, o humor e a retranca cobran un espazo propio no retrato cultural galego. A retranca asóciase co humor, coa ironía, coa indireccionalidade, e será tratada pormenorizadamente no seu debido momento. A indireccionalidade identificámola coa “resposta intencionadamente vaga ou imprecisa” (Ferro Ruibal, 1996: 49) ou coa “inconcreción do noso dicir” (López Lorenzo, 2005). Piñeiro (1974: 247) incidía na contención, na “reserva mental”, na retención no dicir para “salvagardar a alma” que se plasma claramente na indireccionalidade. Recollemos a opinión de Gondar Portasany (1993: 46) que dá fe da importancia que a fala indirecta detenta no discurso galego:¹⁴

¹⁴ Gondar, na cita, estase a referir á retranca, da que a indireccionalidade é un compoñente imprescindible.

Esa forma de falar ou de comportarse tan propia do paisano galego, que se caracteriza pola cautela, pola habilidade para contestar evasivamente, por saber non decer ou facer o que os outros pretenden, en última instancia, pola segunda intención, é unha arma máis, que produce nos outros como efecto a dificultade de comprender a quen a está a utilizar.

Caballero (2016: 29) presenta un exemplo de retranca que recolle dunha reportaxe sobre a vaca cachena emitido pola TVG que nos serve para ilustrar esta inconcreción e indireccionalidade. No diálogo de Caballero un xornalista pregúntalle a un paisano dunha aldea da montaña luguesa: “Cómese moita carne aquí?” ó cal o home responde: “Máis se comería se a desen gratis”. A forte indireccionalidade, ó noso xuízo, vislúmbrase tanto pola ausencia do agardado “si” / “non” –que deixa ó ointe sen saber se come moita carne ou non, é dicir non responde a pregunta–, como pola propia resposta proporcionada que agocha unha crítica ou un inxenuo desexo utópico que non ten nada que ver coa pregunta.

Para finalizar con este percorrido –que só pretendeu deixar constancia tanto de análises previas sobre o *ethos* galego como dalgúns estereotipos emanados de ópticas externas–, non está de máis traer aquí a colación, dende a ficción literaria do xénero negro, o retrato ficticio que se proxecta da ambigüidade verbal galega nas novelas de Villar (2012 [2006], 2009). As personaxes, arquetipos rebosantes de indireccionalidade, son xulgadas dende a mirada, tamén estereotipada, dun aragonés. Tíramos esta cita, a modo de exemplo, da novela *Ollos de auga*: “Na recia cachola aragonesa de Rafael Estévez as cousas eran ou non eran, facíanse ou deixábanse sen facer, e supoñíalle un esforzo considerábel desenlear as expresións cargadas de vaguidades dos seus novos vecinos” (Villar 2012 [2006]: 10). Sinala certeramente Rivero Grandoso (2011: 112): “Villar esboza unos rasgos sociológicos de los gallegos muy cercanos a los tópicos que se mantienen en toda España: la indecisión, la ambigüedad, la costumbre de responder a cualquier pregunta con otra.” Comprobemos, con algúns exemplos dos seus diálogos, como plasma este autor a fala galega:

(1) –Guzmán, quen lle fixo isto sabía que ía a matalo?
–Ti que cres? –inquiriu Barrio de volta, no xeito que anoxaba tanto a Estévez.
Villar (2012 [2006]: 53)¹⁵

(2) –Sabe que é o que máis gusto desta torre, inspector?
–Que dende aquí non se mira a torre? –contestou Caldas, sen achegarse á fiestra.

Villar (2012 [2006]: 36-37)

15 Na versión traducida ó castelán: “Tú que crees, contestó Barrio, asintiendo a la gallega.” (Villar 2007: 38).

(3) –Como vai a inspección? –preguntou Rafael Estévez.

–Vai indo.

–Xa –dixo Estévez. Logo engadiu polo baixo: –Aquí sempre tan explícitos.

Villar (2012 [2006]: 24)

24

Nos diálogos de Villar, a evasión nas respostas choca coa necesidade da contestación directa e polar (“si”/ “non”) que prefere o arquetipo aragonés. Nesa pintura este-reotipada por ambas partes, os dous protagonistas non comparten nin o mesmo estilo comunicativo nin o mesmo esquema interpretativo e sistema de valores asociado a ese estilo, de aí que agromen os prexuízos, como explicaremos no momento oportuno en § 1.5.3 e § 1.5.4.

Porén, a circularidade, os rodeos e a evasiva a contestar directamente, as preguntas respondidas con preguntas plasmados por Villar, xorden do mesmo xeito nas novelas de corte detectivesco nos contextos de interrogatorios –novelas entre as cales Christie (2002 [1929]) se erixe coma un dos referentes anglófonos do xénero. Ilustrámolo con dous exemplos tirados desta autora:

(4) –What did you say to her?’ I asked.

–‘What could I say?’ She saw, of course, the awful shock it had been to me.

–Que lle dixeches? Pregunteille.

–Que podía dicir? Ela viu, certamente, a terrible conmoción que supuxera para min.

Christie (2002 [1929]: 2) (tradución nosa)

(5) –You think it’s burglary?’ I said slowly.

–What else could it be?

–Cres que é un roubo? Dixen devagar.

–Que outra cousa podería ser?

Christie (2002 [1929]: 27) (tradución nosa)

Podemos afirmar que o policía aragonés, asombrado e crispado co-protagonista das novelas de Villar, enfrontaríase ós mesmos encontronazos por terras inglesas e doutros moitos países (vid. § 1.3.4.).

Tras esta breve revisión, bosquexada a grandes trazos, dalgunhas das marcas identitarias asignadas á cultura e lingua galegas, damos paso á análise de tres fenómenos discursivos, atenuación, indireccionalidade e retransca, os dous primeiros existentes en todas as linguas.

I.II A atenuación

Neste apartado levaremos a cabo unha análise lingüística da atenuación como recurso existente en todas as linguas e culturas, facendo énfase nos medios da súa expresión na lingua galega. Como xa adiantamos na introdución, debemos manifestar que acometer esta análise non quere dicir que a atenuación e a indireccionalidade sexan trazos definitorios do modo interaccional galego, se ben son peculiaridades que se lles atribuíu –e aínda se lles atribúe– ós falantes galegos, como comprobamos no apartado anterior. Para proclamar se estes pertencen á nosa fala de hoxe en día ou non, precisaríamos acometer unha análise empírica baseada en datos que corroborase ou desmentise tal peculiaridade, tal como se está a examinar nos estudo de variación da atenuación en diferentes países e zonas xeográficas dentro dun mesmo país (Cestero 2017; Albelda et al. 2020). Non podemos asumir o risco de falar de tendencias sociais claras nin de hábitos, sen posuír evidencias obxectivas e contrastivas con outras linguas que avalen as hipóteses anteriores.

Comezamos esta sección perfilando o concepto de atenuación lingüística ou mitigación. Fraser (1980: 341) definiuna como unha modificación dun acto de fala que reduce os efectos negativos que este acto podería ter sobre o oínte. A mitigación, como estratexia para minimizar anticipadamente consecuencias negativas sobre o oínte; actúa, pois, como medida preventiva para suavizar os efectos adversos dunha orde, petición, rogo, queixa, crítica, coacción, suborno, etc. (*vid.* Haverkate 1994: 117). Grazas a ela fanse máis asimilables as críticas, amortécense os golpes de novas traumáticas, evitase a mala recepción de consellos non pedidos, etc. De xeito xeral, esta modificación do acto de fala identifícase prioritariamente coa desfocalización, impersonalización e desresponsabilización do falante que, de acordo con Haverkate (1994: 131), son estratexias para silenciar a identidade dos participantes e para distanciar e desresponsabilizar ó falante do que enuncia: “[...] una táctica de distanciamiento manejada por el hablante para reducir o minimizar su propio papel o el del oyente en lo descrito” (Haverkate 1994: 117).

Fraser (1980) estableceu dous tipos de motivacións que impelían ó falante a mitigar a súa fala: unha causa altruísta (*altruistic motivation*) e unha motivación interesada ou egoísta (*self-serving motivation*). A motivación altruísta concirne a casos nos que é necesaria a delicadeza, a empatía e o tacto na transmisión de novas desagradables como enfermidades, accidentes, etc., pois reduce o impacto psicolóxico e dáse tempo para ir prevendo e asimilando a entrada desa información temida. Pola contra, a motivación interesada responde a casos nos que o falante quere obter un beneficio ou evitar un prexuízo para si mesmo en situacións ameazadoras (peticións, rogos, críticas, queixas, etc.). Analizaremos ó longo do traballo exemplos deste tipo.

Posteriormente, Caffi (1999, 2004) clasificou tres tipos de atenuadores: os arbustos (*bushes*), os escudos (*shields*) e as cercas (*hedges*) que axudan a desresponsabili-

zar ó falante do contido que enuncia, ó tempo que atenúan a forza ilocutiva do enunciado e minimizan o desacordo co interlocutor (atenuación dialóxica) (vid. Briz 1995, 2011, 2018).¹⁶ Os escudos, principalmente, minimizan ou agochan o ego como fonte e axente do enunciado, desfocalizan a fonte da información.

Un amplo elenco de expresións variopintas cumpren a función mitigadora descrita, tanto atenuación dos actos ameazantes como de actos aseverativos (vid. Haverkate 1994; Brinton 1996; Briz 1995, 2011; Caffi 2004; Holmlander 2008; Cestero 2017). De Holmlander (2008) tomamos, en parte, a tipoloxía de expresións atenuantes, da cal presentamos as seguintes formas do galego:

- a) Os evidenciais indirectos inferenciais: *semella que, parece que, segundo parece, polo que parece, debe (de), aparentemente, seica*.
- b) Os evidenciais indirectos reportativos: *parece (ser) que, din que, seica, dis-que, ó parecer, polo visto, aparentemente etc.*
- c) Expresións explícitas da opinión subxectiva: *a min paréceme / ó meu parecer; penso, coido, creo etc.*
- d) Expresións da dúbida: verbos modais, adverbios de dúbida o futuro de dúbida, condicional de dúbida, etc.; *pode (ser) que, debe (de), supoño, quizáis, se cadra, seica, seguramente, non sei, que sei eu, se non me equivoco, eu case che diría que, non che digo que non etc.*
- e) O plural inclusivo (primeira persoa do plural): *cremos, pensamos, recollemos os libros e imos saíndo* (ó remate dunha clase), etc.
- f) Aproximadores: *máis ou menos, ou algo así, e cousas así, en plan de, como che diría, case + verbo (eu case marchou), é algo así como etc.*
- g) Restritivos ou limitadores da verdade do contido enunciado: *ata certo punto, en certo modo, dalgunha maneira, en xeral, ás veces, só, un pouco etc.*
- h) Diminutivos: *un pouquiño; son vinte euriños* (o prezo nunha tenda), *ponme unha cervecita, uns callitos* (nun bar) etc.
- i) Desarmadores¹⁷ (ou potenciadores do pseudoacordo): *si, pero...; tes razón pero; depende.*

16 A clasificación tripartita de Caffi (1999) fundaméntase no diferente alcance no acto de fala, segundo a mitigación actúe sobre a proposición, a ilocución (o compromiso do falante coa proposición) ou a orixe deíctica do enunciado. Os arbustos mitigan a subscrición á proposición, as cercas atenúan a énfase da ilocución, e os escudos serven para evitar a auto-adscrición ó enunciado, que é adscrito a outra fonte.

17 O desarmador, para Haverkate (1994), é un “movemento concesivo-opositivo” constituído por dúas partes: a primeira expresa o acordo co interlocutor, e a segunda parte sinala unha oposición ou un argumento contrario. Refírese a eles en termos de “pseudoacuerdo”.

- j) Función fática na búsqueda do acordo co oínte: *Entendes? Comprendes? Sabes?, como sabes; xa se sabe; como todos sabemos; ti me entendes; sabes o que che quero dicir?*

En galego, ó igual que ocorre noutras linguas, atenuamos conscientemente ou sen nos decatar, cando empregamos as expresións evidenciais sinaladas en a) e b). Exemplos de marcada atenuación e desresponsabilización do falante son os dous seguintes, nos que o falante fai uso de unidades evidenciais –*disque, polo visto, seica e parece que*– con tripla e dobre evidencial, respectivamente, no mesmo enunciado:

- (6) Un dos acordos que *disque* tomaron os veciños, anque *polo visto* non chegaron a levalo adiante *seica* era o seguinte.

CORGA. Corpo canso. Riveiro Loureiro, Manoel. 1993. Narrativa.

- (7) Ó chegar ó, ó medio do Carril, pos o señor abade d>aquí todo tranquilo, c>aquiala de d>entregarlle ó outro cura qu>íara amigho del... ie chegha ó monte do Carril, os xeirosos quierenlle collé-lo santo, quierenlle collé-lo santo d'alí pa partir, porque donde *disque parece que* parte, o collen o santo, d'alí ié que, ié que ié o monte ié qu>íara o monte... xa querían collé-lo aquí na ponte, xa aquí embaixo.

TILG. A fala de Goián [textos dialectais]. Pousa Ortega, Helena. 1987. Ensaio.

Nos enunciados traslócese o que López Lorenzo (2016: 73) calificou de “actitude preventiva” dos galegos, algo do que a combinación recorrente de dous evidenciais no mesmo enunciado (por ex. dous de entre os seguintes: *disque, parece, seica e parece que*) é un exemplo. López Lorenzo (2016: 73) apunta sobre esta prevención: “Esa actitude preventiva levámola os galegos, aínda hoxe, á fala coloquial nas relacións diarias, sobre todo cando se trata de tomar decisións que poden ter certo risco”. A atenuación reiterada no mesmo enunciado sería considerada moi exaxerada nos grupos culturais cuxas sociedades obvian estes recursos mitigadores polas connotacións que o código cultural no que se insiren lles adscribe (*vid.* § 1.2.).

Outros exemplos que ilustran a función mitigadora exercida mediante os evidenciais reproducímolos a continuación. Neles os marcadores evidenciais *parece* + infinitivo, *seica*, ó *parecer*, *parece ser que* e *semella que* desresponsabilizan ó falante do seu propio enunciado:

- (8) O estudio in situ das SS.LL. galegas *parece suxerir* que a eficiencia da empresa depende en gran medida da súa capacidade para delega-la responsabilidade de dirección nun ou en varios individuos.

CORGA. Revista Galega de Economía / A democracia industrial galega á luz da teoría neo-institucional: unha perspectiva crítica.

Vázquez Vicente, Xosé Henrique. 2001. Ensaio

- (9) Había un rapaz de Lugo que andaba sempre preocupado por todo. Nós poñíámonos de acordo e diciámoslle: "Hoxe véxote moi pálido, fulano", "seica non tes boa cara, fulano", así un e outro, ata que de verdade acababa por enfermar.
CORGA. Conversas con Manuel Meilán- Samuelle, Cristina. 1993. Ensaio.
- (10) Ó parecer, segundo a mesma fonte, o accidente ocorreu cando o conductor do autocar se percatou dun incendio na parte traseira do vehículo.
CORGA. O Correo Galego / Axencia. 2000. Xornalístico.
- (11) Entrevistador: –Vostede sostén que hai unha campaña orquestrada contra o PP. Ten a sensación de que colleron o delegado do Goberno como cabeza de turco?
Entrevistado: –Si, porque *parece ser que* eu molesto. *Parece que* molesto máis que outros, sempre hai que buscar unha xustificación dunha actuación política ou dunha estratexia política.
CORGA. Tempos Novos. Atlántica de Información e Comunicación de Galicia Tristán, Pancho. 1998. Xornalístico.
- (12) Claro, os maduros sempre *semella que* vos falamos en chinés aos novos.
CORGA. A canción do verán. Araguas, Vicente. 2001. Narrativa.

As expresións atenuantes que clasificamos de a) ó j) son de emprego cotián en multitude de circunstancias e en todas as linguas, se ben faltan aínda estudos comparativos da súa frecuencia e das situacións sociais de uso. Adóitase propor na bibliografía a situación (e semellantes) na que unha persoa proba un abrigo nunha tenda e pide a opinión dun amigo a quen non lle gusta o devandito abrigo. Atenúase cortesmente a crítica ó abrigo (e indirectamente á imaxe da persoa) facendo uso de calquera das fórmulas vistas anteriormente:

- (13a) *Eu case che diría que mellor probes outros, non che parece?*
- (13b) *Se cadra, quédache un chisquiño grande de máis, un pouquiño só, aquí nas mangas.*
- (13c) *Non sei... páreceme que che queda así algo como grande.*
- (13d) *Non está mal... mais é como que non che senta de todo ben; non sei...non me acaba de convencer.*

Tiramos de López Lorenzo (2016: 73) a seguinte reflexión que fai referencia ó modo en que Baroja (1919) contempla, dende a súa perspectiva inscrita na cultura vasca, a fala mitigada dun emisor galego:

Expresións como "eu case preferiría..." son de uso común e, loxicamente, chaman a atención dos non galegos. En *La caverna del humorismo* recorda Pío Baroja a un obreiro galego, de quen di: "Lo característico en él eran las precauciones que tomaba para hablar; medía las palabras con micrómetro, y las cosas más insig-

nificantes las decía con cautela”. Un día razoaba cun compañeiro de traballo a quen lle saíra un fillo “un tanto calavera”, en expresión de Baroja, e dicíalle: “Porque tu hijo es como si fuera de Madrid, y los hijos de Madrid son un tanto a modo de golfos, si bien se quiere”. Baroja analiza a frase e comenta: “Había que ver las salvedades que había en la frase. Primero había que hacer el distingo de que los hijos de Madrid no son golfos, sino a modo de golfos; después de que no son a modo de golfos, sino un tanto sólo a modo de golfos; luego, que esta opinión se puede tener si se quiere, mejor dicho, si bien se quiere, y, por último, que el hijo de su paisano era como si fuese uno de estos hijos de Madrid, que son un tanto a modo de golfos, si uno tiene la voluntad de crearlo así”.

López Lorenzo (2016: 73)

Algúns autores tenden a realizar un proceso de redución ou simplificación da atenuación ó identificala maiormente coa atenuación de talante interesado. Verificamos isto na definición que proporciona Briz:

La atenuación, [...] es una categoría pragmalingüística cuya función consiste en minimizar la fuerza ilocutiva de los actos de habla y el papel de los participantes de la enunciación con el fin de lograr la meta prevista [...] Quitar relieve, suavizar, mitigar, reparar, esconder la verdadera intención son valores que describen de forma más concreta esta operación lingüística estratégica vinculada a la actividad argumentativa y de negociación de dicho acuerdo, un acuerdo, que a veces es también social, de imagen, y en concreto a menudo de imagen cortés.

Briz (2006: 7-8)

Xa para finalizar este apartado, debemos apuntar unha diferenza entre dous tipos de atenuación posibles. De acordo con Cornillie e Delbecque (2008), pódese distinguir, en primeiro lugar, a “atenuación do compromiso do falante”, que é identificada coa minimización da veracidade do enunciado ou coa atenuación da credibilidade no que se di; isto é, refírese ó contido de modalidade epistémica que expresa a dúbida sobre o enunciado. O segundo tipo de atenuación, que califican de “atenuación da implicación do falante” (*speaker involvement*), defínena como o grao de participación que o falante, como conceptualizador, ten na construción e conceptualización dun evento. Pensamos que, neste tipo de atenuación, o falante se desresponsabiliza e se distancia do enunciado porque non foi participante nin testemuña del, porén, non implica a perda da credibilidade no que di.

No caso do galego (e doutras linguas como o xaponés, chinés mandarín e coreano (*vid.* § 2.4.1), cremos que, nas situacións en que o falante está seguro da veracidade do enunciado, estaríamos ante a atenuación da implicación ou involucración do falante nos feitos relatados. Un exemplo desta atenuación sen rebaixamento no grao de certeza do contido proposicional sería o seguinte:

- (14) Na casa toquei a fuga en re maior, efluvios, avanta o carro no solpor e outras pezas máis. Logo fomos ver teatro, *seica* botaban “O velorio” do grupo Troula, mais cando chegamos, as localidades estaban esgotadas. Perante esta situación decidimos tomar algo no Universal.

TILG. Pacífico Sul. Raña Lema, Román. 1980. Relato curto.

O valor de *seica* aquí é de información que soubo por terceiras persoas (amigos, prensa, radio, etc.) equivalente a *disque*. Non se pon en dúbida o feito de que botaran a peza teatral *O Velorio*, de xeito que *seica* non trasloce ningún matiz de dúbida senón información de oídas fidedigna na que o falante non participou directamente nin estivo involucrado. Polo tanto, se contrastamos o mesmo enunciado sen o adverbio evidencial, comprobamos que *seica* engade atenuación non da veracidade do contido proposicional, senón da involucración ou implicación do falante no evento enunciado. Isto lígase á natureza deíctica da evidencialidade e á expresión da distancia entre a proposición e o falante como conceptualizador. Analizaremos estas cuestións en § 2.1.1., no capítulo dedicado á evidencialidade.

Atenuación, cortesía e imaxe

Adóitase afirmar que a atenuación, así como tamén a indireccionalidade, agroman no discurso como efecto da actuación do principio de cortesía de Leech (1983), Lakoff (1998) e Brown e Levinson (1987). Antes de entrar na explicación do funcionamento deste comportamento lingüístico e social, debemos facer fincapé en que, se ben é unha actividade universal, a cortesía é concibida, interpretada e xulgada en cada cultura de distinta maneira (Blum-Kulka 1987; Wierbizcka 1985; Spencer-Oatey 2000; Kerbrat Orecchioni 2004; Bravo 2004; Ogierman 2009; Albelda e Briz 2010; Fuentes Rodríguez 2010).

Partimos da asunción de que no discurso interaccional existe un pacto tácito que Fraser deu en chamar o “contrato conversacional” que consiste en:

Ó iniciar unha conversa, cada unha das partes achega unha comprensión dun conxunto inicial de dereitos e obrigas que determinará, polo menos nas fases preliminares, o que os participantes poden agardar do outro ou dos outros. Co paso do tempo, ou debido a un cambio no contexto, sempre existe a posibilidade de renegociar o contrato conversacional: as dúas partes poden reaxustar os dereitos e as obrigas que contraen mutuamente.

Fraser (1990: 232) (tradución nosa)¹⁸

18 Nas súas palabras orixinais: “Upon entering into a given conversation, each party brings an understanding of some initial set of rights and obligations that will determine, at least for the preliminary stages, what the participants can expect from the other(s). During the course of time, or because of a change in the context, there is always the possibility for a renegotiation of the conversational contract: the two parties may readjust just what rights and what obligations they hold towards each other.”

Nas interaccións verbais, unha das principais obrigas e responsabilidades reside en manter a harmonía entre os participantes. Neste concepto preliminar baséase o principio de cortesía de Leech (1983) que, partindo dos conceptos de custo e beneficio, presupón que nos actos de fala minimizaremos o custo para o oínte e maximizaremos o seu beneficio. Todo acto de fala que implique un esforzo ou custo para o interlocutor será descortés (unha orde, unha petición, unha exixencia, un suborno, unha crítica, etc.); polo contrario, será cortés todo acto que supoña un beneficio para o destinatario (unha invitación, un consello, un ofrecimento, unha promesa positiva, unha gabanza, un desexo positivo, dar ánimos, etc.). Polo tanto, a finalidade da cortesía é atenuar a expresións dos actos que implican un custo ou esforzo para o destinatario e intensificar ou maximizar as expresións que derivan nun beneficio (Leech 1983: 107). O principio é ben xeral e asumible: “Reduza ó mínimo a expresión de crenzas descorteses”, e “Aumente ó máximo a expresión de crenzas corteses” (Leech 1983: 81). Igualmente para Lakoff (1998: 269) a cortesía responde ó principio: “Non se impoña, manteña a distancia, ofreza alternativas, use a deferencia”. Postula, en consecuencia, a idea de que debemos permitir que o oínte tome as súas propias decisións, para o cal debemos deixar opcións abertas (Lakoff 1998: 170).

Outra das premisas dos actos de fala corteses consiste en respectar a imaxe dos participantes na conversa, entendida a imaxe conforme a Goffman (1967), como identidade ou valor social positivo que unha persoa reivindica para si mesma no interior da comunidade na que interactúa. Tanto para Goffman como para os autores continuadores da súa proposta (Heritage e Raymond 2005, Heritage 2012, entre moitos outros), a imaxe non é a propia identidade (o que un pensa dun mesmo), senón a imaxe que os demais teñen de cada participante na conversa (o que os demais pensan sobre o seu valor) (*vid.* Fuentes Rodríguez 2010: 10-14). Nos estudos de interacción social incídese en que, polo feito de formarmos parte dunha comunidade, estamos sometidos a certas obrigas e dereitos conversacionais e, así mesmo, temos expectativas sobre as actitudes dos demais e de nós mesmos no transcurso da conversa (*vid.* Hernández-Flores 2004; Heritage 2012). Por todo iso, a imaxe ou identidade social de cada participante é preciso salvagardala e respectala en cada intervención dentro do “contrato conversacional” que vimos antes (Fraser 1990). Calquera actividade comunicativa (aseverativa, ameazadora, gabadora, humorística, etc.) supón a exhibición da imaxe do falante fronte a unha audiencia, o cal repercuta nas relacións interpersoais e no propio desenvolvemento da conversa, de aí que a imaxe sexa traballada mediante as chamadas “actividades” ou “traballos” de imaxe positivos e negativos (*face-work acts*, Goffman 1967). As gabanzas e as ameazas son dúas actividades de imaxe ubicadas nos dous extremos do *continuum* de cortesía: o extremo positivo e o negativo, e no medio acontece un sinfín de posibilidades en función da cultura. Estudaremos no apartado seguinte exemplos de traballos de imaxe.

Do dito ata agora despréndese claramente que a atenuación forma parte das actividades de imaxe porque axuda a construír a imaxe social dos participantes, tanto do falante como do oínte. Vexamos en que sentido é unha actividade de imaxe e a que tipo de cortesía, positiva ou negativa, pertence. En todos os estudos de interacción conversacional defínese a imaxe positiva como a necesidade dos individuos de estar socialmente ben conectados cos outros; é dicir, co desexo de ser aprobados positivamente e aceptados como membros dun grupo (Brown e Levinson 1987, Fuentes Rodríguez 2010, Escandell 2017 [1993], Haverkate 1994, Albelda e Briz 2010). É ben certo que existen actos inherentemente cortesés como expresar gabanzas, cumpridos, agradecementos, parabéns ou mesmo manifestar acordo coa opinión do interlocutor, xa que todos eles potencian a imaxe positiva do oínte (actos gabadores da imaxe, *Face-Flattering Acts*, vid. Kerbrat-Orecchioni 2004). Así mesmo, outros “lubricantes sociais” (*social greasers / social lubricants*) tamén colaboran a fomentar a imaxe positiva, estreitar vencellos sociais e, en definitiva, xestionar e manter en harmonía as relacións (Leech 1983: 83-84; Brown e Levinson 1987: 13-15; Bravo 2004, 2021; Hernández-Flores 2004; Albelda e Briz, 2010: 268; Heritage 2012; Kerbrat-Orecchioni 2004: 43-44). Moitos autores catalogan estes mecanismos cortesés da fala de “cortesía valorizante” (Albelda e Briz 2010: 242).

Pola súa parte, a imaxe negativa refírese ó desexo dos individuos de posuír autonomía (que a súa esfera privada sexa respectada); isto é, o desexo de non ser coaccionados por imposicións alleas (Brown e Levinson 1987: 61).¹⁹ Alén diso, implica, asemade, que o falante respecta o oínte porque “le considera como una persona competente, capaz de pensar y actuar racionalmente” (Haverkate 1994: 30), cuestión que amosa unha ligazón directa coa indireccionalidade e as insinuacións, como veremos.

Nos actos de fala ameazadores (rogos, peticións, ordes, consellos, críticas, queixas, rexeitamentos, etc.) ou calquera outro tipo de inxerencia na esfera do oínte, a atenuación, a indireccionalidade, a vaguidade e a ambigüidade constitúen estratexias de cortesía negativa para protexer a imaxe do interlocutor, xa que con elas se rebaixa a imposición sobre o oínte, o acto resulta menos coaccionador. Fálase para estas estratexias tamén de “cortesía mitigadora” a diferenza da “cortesía valorizante”.²⁰ No caso da indireccionalidade, da vaguidade e da ambigüidade preténdese “non definir o intento” (Brown e Levinson 1987: 225; Brinton 1996: 212). Propón Haverkate (1994:

19 Brown e Levinson (1987) apuntan varios factores sociolóxicos que inflúen no emprego da cortesía e nas escolhas lingüísticas entre falante e oínte que non trataremos aquí: a) A relación de poder entre o falante e o oínte; b) A distancia social entre os interlocutores e o coñecemento mutuo dos interactuantes. A maior distancia social e menor o coñecemento entre eles, máis actos de cortesía haberá; c) O grao de imposición do acto de fala.

20 Para Albelda e Briz (2010: 242) a cortesía mitigadora “convive con un posible riesgo de amenazas y se dirige a evitarlas o repararlas (incluye todo el concepto de cortesía de Brown y Levinson, tanto la cortesía negativa como la positiva).”

29) algunhas expresións que conducen á cortesía negativa como os atenuadores da diverxencia tales como: *si, pero...*; *se non me equivoco; non sei; non sei se estarei trabucado, pero creo que*. Con eles presentamos un desacordo como se se tratase dun acordo parcial. Con outros atenuadores podemos emitir a nosa opinión e o noso desacordo semellando posición impersoal (*os que saben do tema din que..., segundo lin nun informe*) ou podemos acentuar a modestia finxindo ignorancia, con expresións do tipo: *na miña modesta opinión...; eu son lega/o nisto, pero...* (vid. tamén Escandell 2017 [1993]: 176-180). Igualmente, non cabe dúbida que as formas evidenciais colaboran na produción dun discurso atenuado e na mitigación do contido enunciado, como xa tivemos ocasión de comprobar (vid. Albelda 2018).

Abundando nas estratexias cortesés, tanto positivas como negativas, entre elas Brinton (1996: 236-239) inclúe a vaguidade, xa que para esta autora a vaguidade “indica que o relevante é a relación entre os interlocutores e non a precisión expresiva.” (tradución nosa). A inclusión de elementos lingüísticos vagos permite ofrecer alternativas e concede a liberdade para que o oínte interprete por si mesmo e tome as súas propias decisións, feito que fomenta a cortesía negativa. Para Brinton, esta vaguidade impregna de intimidade coloquial ós interlocutores e crea vencellos de afiliación ó grupo. Asemade, involucra ó destinatario para que supla a vaguidade, tendo como consecuencia o fomento da cortesía positiva ó facilitarlle a súa participación na conversa como persoa que ten algo que aportar (vid. Haverkate 1994).

Á vista de todo o exposto, a atenuación, polo tanto, pode estar motivada polo funcionamento da cortesía negativa en actos de inxerencia cara ó oínte, mais esta é so unha das motivacións existentes. Como xa apuntamos con anterioridade, na bibliografía tense enzalzado recorrentemente a parte estratéxica e interesada da atenuación, esquecendo, ás veces, a existencia do fin desinteresado e altruísta proposto por Fraser (1980). Un exemplo da concepción da atenuación motivada polo interese atopámola na seguinte cita de Briz (2018), que reincidente no papel da atenuación non só como salvadora da imaxe social do falante, senón como estratexia conducente a obter un beneficio para o falante:

Pero en ocasiones, dada la intención del YO y por la presencia del TÚ, uno es amable, modesto, colaborativo; en suma, cortés o, más exactamente, estratégicamente cortés. Beinhauer (1991 [1929]: 132) señalaba que la cortesía, más que deferencia auténtica hacia el interlocutor, persigue con mayor frecuencia el propio interés del hablante.

Briz (2018: 109)

Apóíase o autor en exemplos, entre outros moitos, como: “Mamá, me he hecho un rotito en el pantalón (el niño lleva el pantalón destrozado)” (Briz 2010: 7). Noutro exemplo un home coméntalle á súa muller: “Compré un cachorrito”. Se o diminutivo, observa este autor, fai referencia ó tamaño reducido do animal, afecta só a base

léxica, co cal estamos diante dunha diminución semántica, mais non atenuación. Porén, se é unha forma de transmitir a nova a alguén contrario ós cans, o diminutivo adquire valor pragmático atenuador que minimiza os efectos negativos e mostra a intención interesada. Sen lle querer poñer ningún reparo a estas interpretacións exemplificadoras da obtención dun beneficio ou evitar un perxuízo, pensamos que o que se produce en moitos estudos sobre mitigación é o esquecemento da vertente altruísta en aras do enalzamento da mitigación estratéxica. A primacía da interpretación interesada ou “egoísta” provén de asociar, case en exclusividade, a atenuación a actos que implican unha ameaza para o falante ou para o oínte que se revela nos rogos, peticións, ordes, consellos, etc. Este tipo de mitigación deu lugar a falar do “falante estratéxico” (*strategic speaker*, Pinker 2000). De feito, certos autores como Bravo (2021: 194) explicitamente asentán a condición da presenza dunha ameaza no enunciado para poder se referir á cortesía atenuadora. Bravo (2021: 194) establece as seguintes condicións: a) debe ocorrer en relación directa coa avaliación dunha ameaza; b) debe ter un efecto social positivo sobre a relación interpersoal e o clima socioemocional da conversa; c) ten o obxectivo de atenuar o efecto social negativo da ameaza; d) debe ter en conta o beneficio para o/a interlocutor/a; e) debe ter a función de harmonizar ou “quedar ben co outro”. En suma, podemos afirmar que a maioría das análises de atenuación se circunscriben a actos invasivos, obviando outro tipo de actos non ameazadores nos cales a atenuación non interesada altruísta ten cabida dabondo.

Debemos mencionar, neste punto, que a teoría de Brown e Levinson foi criticada por exceso de visión pesimista e mesmo visión “paranoide” da interacción humana. Como mostra, recollemos as palabras de Kerbrat-Orecchioni (2004: 49) quen afirma que nesta teoría a interacción é concibida “como un terreno minado por toda suerte de FTAs [Face threatening acts, actividades de ameaza á imaxe] que permanentemente hay que empeñarse en descebar” e que os interactuantes son “presentados como obsesionados por esas ameazas que planean sobre sus cabezas.” (Kerbrat-Orecchioni 2004: 43).

Alén de todo o dito ata aquí, a cortesía positiva valorizante (por ex. as gabanzas propias das culturas de cortesía positiva) pode ocasionalmente agochar evidentes obxectivos interesados e tamén obxectivos de reparación da imaxe dos interactuantes. O interese e vantaxe para o falante é obvio no emprego de falsas gabanzas, de igual modo que nas gabanzas auténticas se obtén sobre o gabador unha repercusión positiva non buscada. Polo que se refire ó obxectivo da reparación da imaxe, esta revélase en gabanzas como resposta a enunciados auto-desprezativos (*Pero que torpiño son; Pero que tonto fun*, etc.). A cortesía valorizante cumpre aquí un dobre obxectivo estratéxico interesado: reparar a imaxe da persoa que se autodevalúa e evitar danar a imaxe de quen escoitou tal autodenigración. En réplicas a comentarios pexorativos como: *Non me gusta nada como me queda este pantalón*, o oínte cortés

acostuma responder: *Pero que dis! Quédache moi ben!; Estás fantástico*, etc. Este oínte rexeita o comentario desfavorable do primeiro falante por medio da cortesía valorizante e así repara a imaxe deste. Asemade, evita ser el mesmo considerado descortés. O importante nas culturas de cortesía positiva é que no caso de que non realice ese acto de valoración empática, socialmente convencional e agardada, a imaxe da persoa que omitiu a gabanza reparadora resulta danada. Demostra isto que a cortesía positiva pode agochar ocasionalmente fins estratéxicos, mais esta eventualidade non cambia a súa natureza positiva e empática. A atribución dun valor interesado e estratéxico á natureza da atenuación é froito dunha distorsión e extrapolación do que acontece apenas nalgúns contextos.

Volvendo de novo ós casos de atenuación que estudaremos aquí, neste traballo o estudo da mitigación non está orientado a actos ameazadores, senón a actos aseverativos nos que a estratexia de obtención dun fin interesado está descartada. Trátase de exemplos como o transmitido aquí mediante o evidencial *parece + infinitivo*:

- (15) De feito, a actual procura dunha maior autonomía e participación do traballador nas empresas convencionais nas que se teñen implantado grupos kaizen ou de mellora *parece apoiar* este argumento.

CORGA. Revista Galega de Economía / A democracia industrial galega á luz da teoría neo-institucional: unha perspectiva crítica. Vázquez Vicente, Henrique. 2001. Ensaio

Nas seguintes dúas mostras, os marcadores evidenciais non funcionan como estratexias atenuadoras interesadas, senón cun valor empático e cortés. Con *disque* en (16) empatízase co interlocutor ao rebaixar o falante o seu propio coñecemento, aínda tendo máis coñecemento có interlocutor. Funciona como estratexia de interacción cortés para poder o falante aliñarse co destinatario e así non deixar en evidencia a carencia de coñecemento do oínte (véxase a análise deste exemplo e outros semellantes en § 2.5.3). No exemplo (17), por razóns de cortesía e coa finalidade de non invadir o territorio do oínte, o locutor inclúe a expresión evidencial *seica*, malia que non dubida da verdade do que di:

- (16) –Xa deixaron de traballa-la terra, logo?
–Pois *disque* si. Xa hai moitísimo tempo. Aínda atopei ó home o outro día e pregunteille como lles ía.

CORGA. O Correo Galego / CG2000-11-19/22 Aneiros, Manuel. 2000 Xornalístico

- (17) E estaba nestas, cando apareceu diante o Norberto, o procurador.
–Que, Roxelio, *seica* non hai moito que facer. Imos tomar un vaso?

CORGA. Náufragos en terra. Martínez Oca, Xosé Manuel. 1995. Narrativo

A atenuación nas culturas

Cómpre neste punto reflexionar sobre a diferenza do emprego da atenuación segundo as culturas. Se ben a atenuación é un recurso a disposición de todos os falantes en todas as linguas, certas culturas sobresaen pola súa propensión a utilizala con máis asiduidade ca outras. Linguas e culturas como a libanesa, danesa, sueca, australiana, xaponesa, coreana, inglesa, irlandesa e chinesa optan pola atenuación para evitar confrontacións e abordar potenciais conflitos nunha liña de consenso e respecto (*vid.* Levisen 2012; Fant 1992, 2007; Kamio 1997; Kallen 2005; Iwasaki 2009; Ahn e Yap 2015; Ahn 2016; Grainger e Mills 2016; Yan 2019; Louis e Khoudary 2021: 596). En danés, constitúe un axioma cultural o feito de que “interlocutors are not expected to agree fully or to disagree strongly, but preferably, disagree slightly” (“non se espera que os interlocutores estean totalmente de acordo ou en forte desacordo, senón que, preferentemente, estean lixeiramente en desacordo” (Levisen 2012: 191) (tradución nosa). Para os irlandeses, suecos, daneses, xaponeses e coreanos, unha actitude autoafirmativa (é dicir, fortemente asertiva) é destrutiva para a imaxe de afiliación do falante, para o clima interpersoal e para a credibilidade do falante porque se considera unha ameaza ó consenso e se interpreta unha afirmación exaxeradamente persoal e emocional (Fant 1992, 2007; Miki 1996; Bravo 2004; Hernández Flores 2004; Trent 1998). Esta concepción da comunicación desemboca na norma tácita e xeneralizada da atenuación. Por exemplo, en inglés é posible contar ata seis estratexias atenuadoras en enunciados moi breves, coma no exemplo (18). Na tradución que ofrecemos xorde o tempo condicional dúas veces; os adverbios atenuantes *só* e *quizais*; o verbo *suxerir* e, finalmente, o adxectivo, tamén atenuante, *aconsellable*:

- (18) I would only suggest that it perhaps would be advisable to make...
Lazard (1999: 98)
So suxeriría que quizais sería aconsellable facer... (tradución nosa)

Discursos coma o anterior testemuñan a presenza da atenuación acumulada na lingua inglesa (Grainger e Miller 2016), e moito máis, se aínda cabe, na cultura irlandesa (Farr e O’Keeffe 2002: 42; Kallen 2005: 53; Gąsior 2014).²¹ O mesmo cabe dicir de todas as linguas que estamos a indicar. Sobre a lingua irlandesa recolleemos a seguinte cita que ratifica a forte orientación á atenuación (e á indireccionalidade) dos seus falantes:

Para comprender plenamente a atenuación, cremos que o contexto sociocultural debe ser considerado como un dos factores críticos para explicar por que os falantes atenúan o discurso. Na sociedade irlandesa, evítase con moita frecuencia

21 Unha proba da importancia da atenuación na cultura irlandesa é a existencia do proverbio seguinte e semellantes: “Pity him who makes his opinions a certainty” (Special Dictionary, 2011; *apud* Gąsior 2014) (“Mágoa de quen fai das súas opinións unha certeza”) (tradución nosa).

a direccionalidade, o que queda patente nos nosos datos. Suxerimos que a sociedade irlandesa non valora a “frontalidade”, que vai desde a direccionalidade ata o autobombo. O feito de que a sociedade irlandesa non valore moito o discurso potente ou directo queda confirmado por algúns dos resultados anteriores sobre o uso do condicional como medio para rebaixar a asertividade e a direccionalidade. Nos extractos arriba, unha característica notable é a indireccionalidade ó responder a preguntas polares. Os irlandeses responden en poucas ocasións a unha pregunta polar cunha soa palabra (sí ou non), xa que o consideran demasiado directo e descortés (Asián e McCullough 1998: 49). Isto é coherente coa norma sociocultural de evitar o exceso de asertividade.

Farr e O’Keeffe (2002: 42) (tradución nosa)²²

En chinés mandarín, xaponés e coreano, por medio de diversos marcadores discursivos de incerteza, os falantes mitigan o seu discurso en situacións nas que están ben seguros da veracidade do que afirman (*vid.* Yan 2019; Kamio 1997). No caso do chinés mandarín, Yan (2019) explica isto por se tratar de informacións que poden ser negativas para o destinatario, de onde se deduce que este comportamento dos falantes chineses vén motivado pola cortesía negativa.

Acabamos de sinalar como certas culturas están orientadas ó fomento da atenuación como valor harmónico e cohesionador do grupo. Contrariamente, existe outro tipo de culturas nas que a intensificación do dito e a autoafirmación das opinións dos individuos é o estilo comunicativo imperante e desexable. Nos grupos culturais que practican a atenuación prima a concepción de que a autoafirmación resulta agresiva para a harmonía e a afiliación ó grupo. Pola contra, nas culturas non atenuantes (norteamericana, polaca, rusa e española), a aserción forte e a autoafirmación é unha manifestación de confianza. De acordo con Wierzbicka (1985: 163, 2003), o estilo comunicativo polaco, no tocante á expresión das opinións, favorece a intensificación rotunda e as aseveracións sen dúbidas. Para Bravo, refiríndose á cultura española, a autoafirmación asertiva identifícase cun mecanismo de imaxe para formar parte do grupo. Dito doutro xeito, é unha estratexia de afiliación ó grupo (Fant 1992; Bravo 2004; Hernández Flores 2004). Como defenden estes autores, na cultura española a expresión de afiliación autoafirmativa vese como algo positivo, mentres que o afastamento se interpreta negativamente como carencia de afiliación. A confianza,

²² No orixinal: “In order to fully understand hedging, we feel that socio-cultural context needs to be considered as one of critical factors in explaining why speakers hedge in discourse. In Irish society, directness is very often avoided and this is attested throughout our data. We suggest that ‘forwardness’, which ranges from being direct to being self-promoting is not valued within Irish society. That our society does not place a high value on powerful or direct speech is borne out by some of the above results for the use of would as a means of downtoning the assertiveness and directness of how we interact. [...] In the extract above, a notable feature common to the way Irish people interact is the indirectness in answering a polar question. Irish people will rarely answer a polar question with a single word answer (yes or no), it is considered too direct and impolite (Asián and McCullough 1998:49). This is consistent with the socio-cultural norm of avoiding over assertiveness.” (Farr e O’Keeffe 2002: 42- 43).

como contido afiliativo, empurra ó uso dunha linguaxe directa sen atenuantes. A confianza autoafirmativa asóciase coa sinceridade: “es un valor para los españoles más apreciado que el del respeto inofensivo que puede mostrar un falso acuerdo.” (Albelda 2004: 122). Trataremos a repercusión e influencia das interpretacións culturais discordantes sobre a formación dos xuízos e visións estereotipadas en § 1.5.

Factores de variación lingüística da atenuación

Non cabe dúbida de que a atenuación está suxeita a diversas variables situacionais que inflúen na súa posta en funcionamento. Alén da variabilidade xeográfica ou diatópica, na bibliografía reitéranse acotío as seguintes variables contextuais: a relación e xerarquía social entre os interlocutores e o seu xénero, o marco de interacción, a temática tratada, a finalidade da interacción, o grao de planificación do discurso e o ton ou rexistro empregado (*vid.* Briz 1995, 2011; Fuentes Rodríguez 2010; Escandell 2017, Tannen 2005, entre outros). É ben sabido que as normas de cortesía ditan que a aumento da distancia social, maior atenuación e indireccionalidade. Nas interaccións formais nas cales existe unha diferenza de xerarquía social moi acusada ou ben impera unha relación de [+poder] e [-solidariedade] entre os interlocutores favorécese o uso de atenuantes (Haverkate 1994; Briz 1995). Engádeselle a isto que, en igualdade xerárquica, certas circunstancias contextuais provocan un maior grao de atenuación: unha petición difícil de cumprir, tratar temas controvertibles ou excesivamente íntimos e delicados ou calquera situación na que poida xurdir un choque ou conflito entre os participantes. Alén desta diferenza social e contextual, non podemos deixar de mencionar que dende Haverkate (1994) existe consenso en recoñecer nas mulleres o emprego dun discurso máis atenuado e cortés, en termos xerais (Tannen 1990; Grainger e Mills 2016). Outro factor variacional favorecedor da presenza da mitigación é a falta de coincidencia nas metas dos interlocutores, como salientou Briz (2004: 15). Se o falante sabe ou intúe que o seu obxectivo se enfronta coas metas do interlocutor, recorrerá a mecanismos atenuadores para acadar a aceptación. Cómpre subliñar que, para este autor, unha cantidade excesiva de atenuantes na interacción coloquial española entre amigos pode causar estrañeza porque o hábito lingüístico propende á direccionalidade sen atenuantes (Briz 2004:15). Non podemos tratar aquí, por cuestión de espazo, os factores sociais, contextuais e de xénero que afectan á variación sociolingüística respecto da utilización da atenuación.

Verbo da variación diatópica ou xeográfica, se ben non temos datos sobre o galego, podemos dicir que o castelán peninsular amosa diferenzas respecto doutras culturas. Albelda (2008), Albelda e Briz (2010) e Félix-Brasdefer (2019) demostran que o castelán falado nalgúns países de Hispanoamérica se caracteriza por unha maior atenuación e cortesía có castelán peninsular verbo do emprego do imperativo, peticións, mandatos, rogos, etc. Aínda que moi brevemente, trataremos esta variación de forma conxunta coa variación da indireccionalidade en § 1.3.4.

I.III A indireccionalidade

Ó igual que comentamos ó comezo de § 1.2., analizaremos a indireccionalidade desde un punto de vista lingüístico como recurso existente en todas as linguas. Dado que se adoita atribuír esta característica á identidade galega, interéсанos afondar nela, mais sendo conscientes do que xa vimos reiterando en varias ocasións: só a análise de datos empíricos da fala podería corroborar ou descartar esta característica como trazo pertencente ó estilo comunicativo galego. Lonxe estamos de poder encarar tal estudo. Porén, cómpre puntualizar aquí que a tendencia á indireccionalidade que se atribúe ós galegos (e a outras culturas anglófonas, árabes, asiáticas e indias), aínda sendo só unha impresión manifestada polos castelán-falantes, atopa apoio en documentos históricos que non podemos analizar aquí e nos que habería que indagar. Seguindo a Gasior, para historiador Diodoro de Sicilia (90-21 a.C.) é común a indireccionalidade nos celtas, dato recollido na súa obra *Biblioteca Historica*.²³

Na conversa usan poucas palabras e falan en clave, a maioría do tempo insinuando as cousas e deixando gran parte por entender.

Diodoro de Sicilia (Vol. 40, *apud* Gasior 2014: 86)²⁴

Basearémonos para a análise deste apartado en exemplos tomados principalmente da obra de Castelaο, quen botou man arreo do criptoruralismo (Carballo Calero 1975) e da indireccionalidade para realizar unha crítica solapada e intentar burlar, así, a censura á súa obra.

Adentrándonos xa na definición de indireccionalidade, en termos xerais, refírese por actos de fala indirectos a aqueles enunciados que transmiten *algo máis* ou *algo diferente* do seu significado literal, sendo "literal" equivalente a "explícito" e "directo" (Lempert 2012; Blum-Kulka 1987: 141). Os actos de fala indirectos abranguen as insinuacións, metáforas, tautoloxías, ironía e retranca, visto que en todos eles o contido proposicional explícito (o dito) e a mensaxe transmitida (a intención agochada) toman camiños bifurcados. Mediante os actos indirectos "the speaker communicates to the hearer more than he actually says by way of relying on their mutually shared background information, both linguistic and non-linguistic, together with the rational powers of rationality and inference on the part of the hearer" (Searle 1977 [1975]: 60-61) ("O falante comunica ó oínte máis do que realmente di ao basearse na información de fondo mutuamente compartida, tanto lingüística como non

23 Convén indicar aquí que na literatura grega dos séculos VI ata o século I a.C., os límites xeográficos de ocupación asignados ós Celtas diverxían en función dos autores. Aínda así, Diodoro de Sicilia, autor grego, inclúe entre as celtas todas as amplas zonas preto do océano Atlántico (*vid.* López Férrez 2006 para unha análise da presenza e testemuña dos Celtas na literatura grega, así como as diferenzas entre os topónimos empregados polos autores).

24 No orixinal: "In conversation they use few words and speak in riddles, for the most part hinting at things and leaving a great deal to be understood. (Diodorus Siculus in Todd 1999, p. 17) (*apud* Gasior 2014: 86).

lingüística, xunto coas capacidades racionais de razoamento e inferencia por parte do oínte”) (tradución nosa).²⁵ Posteriormente, de acordo con Brown e Levinson (1987: 69) os actos indirectos encubertos (*off-record*) amosan “máis dunha intención inequívocamente atribuíble”. Para os obxectivos deste traballo, abonda con definilo dun xeito moi amplo como “o acto de comunicar unha cousa mentres se di outra”. Resta dicir que na forma de fala indirecta o falante, ó enunciado algo non claramente informativo, desobedece varias máximas. En primeiro lugar incumpre a máxima de cantidade de Grice: “Haga usted que su contribución sea tan informativa como sea necesario (teniendo en cuenta los objetivos de la conversación).” (Grice 1991 [1975]: 516) e, así mesmo, infrinxe a máxima da claridade, pois o resultado é escuro para o oínte. En segundo lugar, desoe tamén a máxima da relevancia porque falta conexión entre os enunciados: o dito literalmente non harmoniza co resto da conversa ou co dito anteriormente. O oínte vese na obriga de darlle un novo sentido, buscarlle a relevancia á expresión indirecta para que teña relación co tema tratado. A omisión do cumprimento das máximas por parte do falante obriga ó interlocutor a buscar unha interpretación alternativa, pois asume que o falante actúa obedecendo o principio de cooperación e pretende dicirlle algo coherente. Así, o destinatario terá que inferir para suplir a falta de informatividade e de relevancia, ambas as dúas ausentes explicitamente no enunciado, pero dalgún xeito implícitas. Finalmente, a teoría da relevancia de Sperber e Wilson (1986) define a indireccionalidade en termos da cantidade de traballo cognitivo que debe efectuar o oínte. Deste xeito, o esforzo que o oínte ten que facer para chegar ó significado é o que nos permitirá avaliar o grao de indireccionalidade (como por exemplo en (19) abaixo).

Nos seguintes diálogos comprobamos a desobediencia ás máximas conversacionais. Trátase de textos que acompañan a dúas viñetas nas que aparecen dous labregos falando:

- (19) –Asegún contan, os deputados gañan catro mil réas cada mes.
–Como non fixeran outro mal!

Castelao (1989a [1961]: 9)

- (20) –Alá se foi o millo, as froitas, o viño...
–Sí, pero as contribucións non as levou a tronada.

Castelao (1989a [1961]: 28)

A mensaxe encuberta que inferimos é que se o feito de gañar unha cantidade excesiva de cartos fose o único mal cometido polos deputados, poderíamos darnos

²⁵ Brown e Levinson (2013: 69) consideran indirecto todo tipo de indicios a partir dos cales o falante quere ou pretende comunicar algo sen facelo directamente, de modo que o significado é ata certo punto negociable. Inclúen a indireccionalidade como unha das diversas estratexias de cortesía negativa coas que os falantes tentan salvagardar a imaxe negativa do destinatario (i.e. o seu desexo de non recibir imposicións alleas).

por contentos. A ese mal parecen engandírselle outros que aínda sen mencionalos, o paisano deixa abertas as portas á imaxinación do oínte. Poderíase glosar así: “Se ese fose o único mal que fan! Mentres só sexa iso o mal!”. En (20) realízase unha inferencia semellante na que se culpa implicitamente ós dirixentes da perda das contribucións e non ás condicións metereolóxicas como a tronada.

Existe controversia no concerner a que tipo de fenómenos incluír como mecanismos da indireccionalidade. As metáforas e as tautoloxías son excluídas por algúns autores (por ex. Searle), mais comportan un compoñente indirecto evocador de interpretacións abertas e que son decodificadas na cultura (*un gható é un gható, e un bicho é un bicho; o negocio é o negocio, a vaquiña polo que vale, etc.*). Transmiten, ó noso xuízo, un significado non literal indirecto e encuberto que o oínte debe inferir. Neste libro, estes dous subtipos de fala indirecta (tautoloxías e metáforas) non serán tratados porque precisan dunha análise moi pormenorizada que aquí non podemos acometer.²⁶ Centrarémonos en producións de fala indirecta como as anteriores de Castela, producións que deron pé a que Carballo Calero (1975) calificara a escrita do rianxeiro de “criptoruralismo”, pola linguaxe encriptada que abanderaba nos seus álbumes.

Circunscribe, pois, o noso campo de estudo ó subtipo de acto indirecto que se atopa na lingua galega que sería, ó noso modo de ver, a forma indirecta non convencional, a cal explicaremos deseguido. Tomamos esta decisión porque noutras linguas da península ibérica os actos de fala indirectos convencionais son de uso común, mentres que, pola contra, os actos non convencionais están desvencellados da súa práctica comunicativa habitual, motivo polo que nestas comunidades lingüísticas a fala indirecta non convencional crea problemas de interpretación e pode ser recibida ou catalogada como expresión complexa, escura, con dobre intención e mesmo malintencionada (*vid.* Alonso Montero, 1974; López Lorenzo 2016). A seguir explicamos esta clasificación bipartita dos actos de fala indirecta.

Tipos de actos de fala indirectos

Existe consenso en afirmar que a forma de fala indirecta se subdivide en dúas clases: a indirecta convencional (IC) e a non convencional. A primeira é resultado das convencións da linguaxe e dos rituais sociais ós que se asocian as fórmulas lingüísticas rutinarias. Así por exemplo, se unha persoa para pedir un bolígrafo, pan ou lume

26 Grainger e Mills (2016:34- 35) tratan a amplitude do concepto que engloba: (i) a concepción de que o acto indirecto é a diferenza entre o significado literal e o significado desexado polo falante; (ii) a consideración de que o acto indirecto se refire á cantidade de traballo interpretativo que realiza o oínte; (iii) o tratamento do acto indirecto como cortesía convencional; (iv) a comprensión da indireccionalidade como un acto de fala extraoficial; (v) a idea de que existen graos de indireccionalidade; (vi) a noción de que existe unha estreita relación entre a indireccionalidade e a cortesía; (vii) a noción da indireccionalidade como logro interaccional.

realiza as seguintes preguntas: “Tes un bolígrafo?” / “Podes pasarme o pan?” / “Tes lume?” enfrontámonos cunha indireccionalidade completamente convencionalizada porque o mecanismo de inferencia realizado xa sufriu un proceso de convencionalización e os falantes xa esqueceron dito proceso (*vid.* Escandell 2017 [1993]). O que está a preguntar literalmente é se dispón dun bolígrafo, se ten a capacidade de pasar o pan ou se ten un chisqueiro, respectivamente. Porén, socialmente a pregunta deixa de ser pregunta e pasa a ter valor e función de petición. Como sinalou Gumperz (1992), comprender unha IC require, ademais de ter o coñecemento da lingua, coñecer as pautas socioculturais implícitas que sinalan que ese enunciado é unha estratexia usada para outro propósito, e non para que responda “si” ou “non”. Existe unha relación entre a fala indirecta convencional e a cortesía negativa, relación apuntada xa inicialmente por Searle (1977 [1975]: 76): “la cortesía es la motivación más prominente para la indirecta en las peticiones, y ciertas formas tienden a convertirse en las formas convencionalmente educadas de hacer peticiones indirectas.” Lembremos que mediante a cortesía negativa, os falantes salvagardan a imaxe negativa do destinatario; isto é, respectan o seu desexo de non recibir imposicións alleas.

Pola súa parte, no segundo tipo de indireccionalidade, a non convencional, o seu significado depende do contexto, xa que exige unha interpretación contextual por parte do oínte e amósase aberta no contido proposicional expresado e a forza ilocutiva que amosa. O acto indirecto foi creado polo falante cun fin específico para un oínte específico, e deixa abertas as portas para que o oínte interprete e recupere o significado e a intención por si mesmo por mediación dunha implicatura conversacional (*vid.* Searle 1977 [1975]; Fuentes Rodríguez 2010; Escandell 2017 [1993]). Comprobémolo nos seguintes exemplos propios:

- (21) –Quedamos sen leite.
–Precisamente vou saír agora a comprar tabaco.
- (22) –Que tal a reunión?
–Non había conexión a internet e os documentos tiñan as páxinas desordenadas.
–Vaiche boa! Foi un desastre.
- (23) –Que tal a reunión?
–Non había conexión a internet e os documentos tiñan as páxinas desordenadas; mais, a pesar diso, resultou moi ben. Chegamos a un acordo, menos mal.

En (21) a petición indirecta é comprendida polo oínte, quen se ofrece, tamén indirectamente, a cumprir a petición. Comparando (22) co (23), en (22) o oínte implica que a reunión non foi fructífera, mais en (23), como ocorre nas implicaturas conversacionais, a potencial implicatura cancelase ó engadir un movemento opositivo. Nos exemplos existe unha motivación de cortesía, claramente negativa no primeiro (non

se impor e deixar autonomía de decisión e acción ó oínte). En moitas linguas resulta habitual o emprego da indireccionalidade non convencional en peticións, ordes, rogos, consellos, críticas, queixas, rexeitamentos, expresión de opinión confrontadas e mesmo en recoñecementos de situacións que non queremos admitir. A indireccionalidade actúa nestes casos como contrapunto cortés ou estratexia de cortesía, para que a demanda do falante non resulte impositiva nin o rexeitamento abrupto, coa conseguinte perda de imaxe positiva para o falante (*vid.* § 2.4.3). Como ilustración disto, acudimos á coñecida lenda ou parábola do angazo de tradición oral popular, recollida polo Padre Sarmiento (*vid.* Alonso Montero 1974) que resumimos así: un fillo volve á casa despois de estar emigrado traballando en Castela. Ó volver á casa familiar só fala castelán, pois asegura que xa non lembra o galego. Estando na casa preguntalle ó pai polo nome galego das cousas todas, ata que nun momento pisa os dentes dun angazo que estaba contra unha porta e berra alto e forte: “Carallo pro angazo”. Ante o cal, exclama o pai: “Carallo, como che acordou o nome!”. Na retranqueira e burlona resposta do pai, o transmitido é diferente ó dito ó implicar unha recriminación cara a actitude do fillo, mais sen recorrer ó deosto nin á acritude da crítica directa.

Do dito ata agora non se implica que a cortesía sexa inherente ós actos indirectos. Pola contra, os actos indirectos non convencionais poden derivar na produción de vaguidade, ambigüidade, ironía e mesmo nunha actitude descortés, dado que un maior grao de indireccionalidade non sempre coincide cun maior grao de cortesía (Leech 1983: 127), mesmo dentro da mesma lingua e cultura. Os dous exemplos seguintes ilustran a ironía agochada trala indireccionalidade e a inexistencia da cortesía (*vid.* exemplos en Pinker 2007):

(24) Non cres que me terías que dicir onde vas?

(25) Non estaría de máis que me explicaras o que está a pasar aquí.

O característico da indireccionalidade non convencional é que a forma lingüística en sí mesma nada nos di da intención, que pode ser cortés ou descortés, dependendo do contexto. Os modelos de Searle (1977 [1975]: 59), Grice (1991 [1975]) e Sperber e Wilson (1986) postulan a importancia do contexto para a recuperación das intencións como un *a priori* para que a comunicación teña éxito. Segundo este punto de vista, e como apunta Haugh (2008: 99), a comunicación implícita consiste en que os falantes expresen as súas intencións (implícitas) e que os oíntes atribúan intencións a eses falantes. Só a inmersión no contexto específico, xunto coa asunción do funcionamento do principio de cooperación de Grice, colaboran e facilitarán a comprensión (Keysar 2008: 1). Para a recuperación da intención, pois, precisamos de dous tipos de contexto: o contexto cultural de normas socioculturais de uso da lingua, por unha banda, e o contexto inmediato situacional do momento de acto de fala no que están inmersos os participantes (Gumperz 1992). Este segundo marco

discursivo situacional compartido polos interlocutores facilita a creación dun terreo común (“coñecemento común ou mutuo”) no que discorre a interacción e que inclúe as “crenzas compartidas”, a asunción do que cada interlocutor cre que sabe o outro, etc. Dentro dese contexto mutuo, Gibbs (2001: 108) explica como “as persoas buscan automaticamente as intencións dos demais” ata o punto de transcender, ás veces incorrectamente, o literal. Ofrecemos un exemplo ilustrativo da lectura ou interpretación errónea da intención do falante neste diálogo entre unha parella:

(26) –Wife: John’s having a party. Wanna go?

–Husband: OK.

(Later)

–Wife: Are you sure you want to go to the party?

–Husband: OK, let’s not go. I’m tired anyway

–Muller: Xoán vai dar unha festa. Queres ir?

–Home: Vale.

(Máis tarde)

–Muller: Estás seguro de que queres ir?

–Home: Vale, non imos. Estou canso de todos os xeitos.

Gibbs (2001: 5) (tradución nosa)

A segunda intervención da muller (*estás seguro de que queres ir?*) pode deberse a que pensa que o seu home podería non estar atraído pola idea de ir á festa e pide confirmación. En troques, o home pensa que a súa intención ó preguntar é amosar o seu amolamento ou desánimo de ter que ir á festa. Por tanto, o erro no recoñecemento da intención axeitada (ou o erro por non coñecer o contexto completo), provoca o fracaso da comunicación e o malentendido. Se cadra, as experiencias en común previas da parella pesaron máis na recuperación da intención por parte do home, pois prexulgou erroneamente a insistencia da muller como unha desapetencia. Finalmente, outra interpretación de toda a conversa, diverxente da anterior, apuntaría a que a muller non quixese ir á festa, co cal a segunda pregunta (*estás seguro de que queres ir?*) acadou o efecto desexado.

Ó longo do traballo iremos comprobando como o proceso de interpretación a través do cal os participantes calculan e extraen os significados que se comunican hai que incrementalo co “filtro” da cultura. De acordo con Gumperz (1992), os interlocutores utilizan todo tipo de sinais de contextualización e cada grupo cultural ten o seu propio coñecemento do contexto cultural que lle permite comprendelos.

Traemos aquí a colación un exemplo tomado dun artigo xornalístico, en clave de humor, de Carracedo (2015), que nos permite ilustrar o funcionamento do contexto cultural (Vid. este exemplo en González Vázquez 2022b: 161). Comenta a seguinte anécdota:

No hace mucho, mi amigo Juan Suárez Quintanilla me contaba de un médico castellano recién llegado a Galicia que, cuando le preguntó si se adaptaba aquí

–refiriéndose al mal tiempo–, claro, le contestó que el clima era lo de menos, que el problema era que no entendía bien a la gente, y no era una cuestión de idioma. Como ejemplo, le contó que su primer paciente tenía una lesión en la piel y, para diagnosticarla, tenía que saber si le picaba o no. El diálogo fue como sigue:

–¿Le pica o no le pica?

–Bueno.

–Pero ¿le pica?

–Bueno.

–Mire, le tiene que picar o no picar. Si no me lo dice, no le puedo diagnosticar.

Y su respuesta –“Se ten que picar!”– lo desconcertó totalmente y dijo que esto le pasaba a diario.

Aínda que Carracedo non explica o diálogo, pensamos que nel xorden dous aspectos que confunden ó oínte castelán: en primeiro lugar, a vaguidade e ambigüidade de *bueno* e, en segundo lugar, a condicional *se ten que picar!* Ó noso xuízo, a resposta do paciente *Bueno* é un asentimento atenuado (a picor é soportable) que o oínte castelán non comprendeu como tal asentimento, pois agardaba un “si” ou un “non” por resposta, mais non un opaco *bueno*. A reticencia que o paciente amosa a recoñecer abertamente e en dúas ocasións o pruído pode deberse a dous motivos. En primeiro lugar, a resposta *bueno* proviría da incertidume do paciente de non saber se a intensidade da picor é suficiente para responder afirmativamente con rotundidade, ou mesmo pode estar a dubidar de se pode calificar o que sente como pruído e non coma outra cousa, de aí a reserva ou indecisión. Dito doutro xeito, non quere responder afirmativamente por se estivera errado e propiciara a emisión dun falso diagnóstico. Todo o anterior explicaría non só a vaguidade de *bueno*, senón tamén o enunciado final *se ten que picar!* En efecto, debido a inseguridade do paciente sobre o seu propio síntoma e dada a insistencia do médico que pregunta exactamente o mesmo dúas veces en termos binómicos, o home, se cadra algo farto, recoñece finalmente que *picar, pica*. De ter preguntado doutro xeito ou buscado outras palabras, tería axudado ó paciente a esclarecer o seu síntoma e a responder con máis precisión. A segunda explicación que vislumbramos, menos verosímil, ten relación co desexo de non querer queixarse abertamente amosando certa febleza e o desexo de minimizar o grao da importancia da picor. Neste caso, o enunciado viría acompañado dun cambio na entonación, máis enfática, e a lectura implícita sería: *Bueno; non está mal. Chégalle ben!* Ó non recoñecer o síntoma de maneira transparente, réstalle importancia. Sexa como for, en ambos casos *Bueno* podería traducirse noutras linguas coma a castelá inequivocamente como un asentimento: *Si, proe*. O receo a afirmar algo do que non está aínda completamente seguro, por unha banda, e orgullo de evitar recoñecer algo para el negativo (febleza), por outra, provoca esta resposta ambigua e indirecta do paciente para salvagardar a súa propia imaxe. Este “traballo de imaxe” realizado polo

paciente é de difícil comprensión para un locutor que descoñeza os sinais e códigos culturais agochados, e por suposto, un galimatías ou enigma para un locutor que agarda unha diáfana resposta polar (“si” / “non”) como única saída. Como apuntaba Risco sobre o carácter galego (*vid.* § 1.1.), o pensamento analítico, reflexivo e concienzudo non lle permite emitir algo do que non está certo dabondo.²⁷

Abundando na importancia do contexto cultural, a necesidade dun lector implícito coñecedor dos indicios culturais foi salientado por Núñez Ramos (1985, 1989), Tarrío Varela (1989) e González Seoane e Vilavedra (1994) ó respecto da obra de Castelao. En palabras destes dous últimos autores (1994: 35): “o lector non recibe pasivamente a mensaxe, en certo modo pódese dicir que, para que sexa unha mensaxe humorística ten que construíla o lector.” A colaboración activa do oínte/lector, característica imprescindible para interpretar a indireccionalidade, precísase para presupoñer o coñecemento compartido que o falante / escritor lle atribúe ó oínte / lector. Precisamos dun lector avezado para decodificar o texto (27). No debuxo que o acompaña o diálogo aparece un acomodado cabaleiro de bandullo prominente en pose distendida que, deitado nun sofá, lle di así a un paisano:

(27) –Yo nunca sentí la necesidad de hablar gallego.

–Es que esa necesidad no se siente en la barriga.

Castelao (1989b [1969]: 54; 1944: 11)

Sostén Núñez Ramos (1989), ó explicar este diálogo, que a voz do autor implícito (Castelao) soa en apoio do personaxe que responde, e o lector escóitaa ó reconstruír, intuitivamente, a argumentación e a xerarquía de valores de necesidades implícitas. Deducimos da resposta que existen dous tipos, polo menos, de necesidades: as físicas e as espirituais, das cales o home deitado no sofá só sente as necesidades físicas, máis primitivas e terrenais. Interpretáse unha velada crítica á carencia dunha psicoloxía máis elevada e transcendente no home acomodado como son o amor á súa lingua e á súa terra. Para interpretar o enunciado anterior partimos do significado literal como base ó que hai que engadir o significado adicional. Esa necesidade –falar galego– non é unha necesidade primaria básica, senón de índole espiritual e, polo tanto, algo máis restrinxida a certos espíritos. Neste caso engadimos un significado diferente ó literal.

A indireccionalidade non convencional ponse de manifesto en moitas conversas que acompañan os debuxos de Castelao. En (28) asistimos a un intercambio entre Xan, un labrego, e alguén que pode ser o alcalde ou o cacique do pobo, intercambio do que inferimos intencións implícitas subxacentes, como por exemplo, o rexeitamento (Castelao 1961). En (29) dúas mulleres conversan e a segunda parece non ter nada

²⁷ A isto cabe sumar que, segundo García-Sabell (1978: 175), “[...] o enfermo galego é moi difícil que testemuñe os seus síntomas, que os dea directamente [...]”

mellor que dicir do cura. Rómpeuse a máxima conversacional de relevancia nos dous casos:

- (28) –Eu son Xan, o que votou por vostede.
–¡Ah! ¡Si! ¡Caramba! Si desea algo vuelva mañana.

Castelao (1989a [1961]: 12)

- (29) –E que tal co novo cura?
–Canta moi ben.

Castelao (1976: 40)

Nas respostas dos textos de Castelao, os actos indirectos eluden o cumprimento da máxima de relevancia. En (29)ponse de manifesto a evasión na resposta xa que o agardable por convencional é, en primeiro lugar, prover unha información relativa á personalidade –para ben ou para mal– do cura (moi boa persoa, moi amable, moi faladeiro, etc.) ou ben relacionada directamente co seu oficio (moi traballador, moi espiritual), á cal, de querer abundar, se lle engadirían despois outros aspectos secundarios e alleos a súa profesión. Isto, ó noso xuízo, é o que quere manifestar Castelao con esta resposta algo enigmática para falantes doutras linguas. A resposta en (29) podería ser respondida cunha pregunta: *E logo, non che gusta?*

Noutra viñeta do autor de Rianxo vense dous viaxeiros nun tren; un deles ten a man metida no peto do outro:

- (30) (Cousas do tren).
Sentado no compartimento do tren, o viaxeiro esperta e dille ao outro:
–Que me estás metendo no bolsillo, queridiño?

Castelao (1971: 11)

A cautela, a ironía e a queixa trasláncense indirectamente neste caso, pois o home non acusa ou recrimina de xeito directo ó ladrón que tenta roubarlle.

Nos actos de fala indirectos o falante parte da suposición de que o seu enunciado xera indicios ou pistas dabondo que guían ó oínte cara ó significado que quixo expresar, mais esa asunción é errónea xa que, así mesmo, poden conducilo a inferencias equivocadas. No texto anterior, de non coñecer a Castelao e o seu contexto, a resposta pode circunscribirse ás dotes musicais, e ben pode ser que non teña intención de criticar ó cura. Nesa incertidume, vaguidade e ambigüidade reside a complexidade da indireccionalidade.

No seguinte exemplo fala un taberneiro cun paisano que está a beber unha cunca de viño:

- (31) –Que che parece o meu viño?
–Je...por onde vai molla, e como refrescar, refresca.

Castelao (1989a [1961]: 56)

Interprétase, tanto por eludir a resposta directa coma pola falta de relevancia da resposta, que o viño non é bo.²⁸

48

A motivación interesada e a motivación autocortés

Unha característica asociada á amplitude de interpretacións posibles dos actos indirectos é o feito de que o falante desfrute da vantaxe de poder rexeitar a interpretación realizada polo seu interlocutor: o emisor permítese o trasacordo e a posibilidade de negar a intención do que se dixo con maior ou menor convicción. O *trasacordo* (en termos de Risco 1992 [1944]; Piñeiro (1974); Gondar Portasany 1993; Rutherford 2012), por se tratar dun desdicirse do dito, garda semellanza coa *negación plausible* (en termos de Pinker 2007), que consiste en rexeitar, chegado o caso, que o propósito agochado sexa pedir, criticar, ameazar, coaccionar, subornar, etc. Como apreciamos nos seguintes exemplos de suborno (32), insinuación sexual (33) e ameaza (34), o falante pide ou insinúa algo e, asemade, podería negar con certa habilidade que o solicitou:²⁹

(32) Gee, officer, I was wondering whether there might be some way we could take care of the ticket here [a bribe].

Ehh, mira (oficial de policía), estaba a pensar se habería algún xeito de ocuparnos aquí disto da multa (un suborno).

(33) Would you like to come up and see my etchings? [a sexual come-on].

Gustaría che entrar e ver os meus grabados? (unha proposta sexual).

(34) Nice house you got there. Would be a real shame if something happened to it [a threat].

Tes unha casa preciosa. Sería unha verdadeira mágoa que lle pasase algo (ameaza).

Pinker (2007: 437-38) (tradución nosa)

No seguinte diálogo trátase dunha petición de favor:

(35) (Chad (= C) is standing in the hallway, holding his 15-month old son's hand.)

C. –Hey, Debbie. Are you going to be free from 1:30 to 2:30?

D. –Yeah. I think so. You want me to watch him?

C. –Yeah.

D. –I'd love to. It'd be a pleasure.

C. –Okay. Thanks. I'll bring him around then.

28 Vid. Piccardi (2004) para a análise deste exemplo dende os postulados da teoría de cooperación de Grice.

29 As traducións non pretenden ser completamente literais. O enunciado (33) emítese nun contexto aceitado.

(Chad (= C) está de pé no corredor, co seu fillo de 15 meses collido da man.)

C. –Ola, Debbie. Estás libre de unha e media a dúas e media?

D. –Si, creo que si. Queres que o coide?

C. –Si.

D. –Encantaríame. Sería un pracer.

C. –Vale. Grazas. Traereicho entón.

Jacobs e Jackson (1983: 299) (tradución nosa)

Nos exemplos anteriores, tomados doutras linguas pero con correspondencia de uso en galego, a forma indirecta serve para degradar ou rebaixar a forza e a intención do acto. Todos estes casos gardan relación coa imaxe social do locutor que resulta ameazada por pedir ou recoñecer algo perigoso ou negativo e de aí o xeito esvaradío da fala. O valor de beneficio ou vantaxe comunicativa para o falante ponse de manifesto en subornos (e na súa aceptación) como o seguinte:

Na película *A lista de Schindler*, despois de que algúns dos traballadores xudeus de Schindler fosen deportados a Auschwitz, este negocia cun comandante das SS a súa liberación. O comandante dille: “Non é a miña tarefa interferir nos procesos que teñen lugar aquí abaixo. Que lle fai pensar que podo axudarlle?”. Schindler respóndelle: “Permítame expresar a razón”, e baleira unha bolsa de diamantes sobre a mesa. O comandante di: “Podería facer que o arresten.” A resposta de Schindler: “Estou protexido por amigos poderosos. Debería vostede sabelo.” Isto deixa ó comandante sen saber que facer. Finalmente di: “Non estou dicindo que os acepte. Só digo que non me sinto cómodo con eles sobre a mesa.” Entón o comandante recolle os diamantes e méteos no peto.

(Lee e Pinker 2010:78) (tradución nosa).³⁰.

Explican Lee e Pinker (2010:786) que a indireccionalidade se confronta coa forma directa ausente no diálogo, pois Schindler non afirma abertamente: *Se liberas ós meus traballos, dareiche estes diamantes nin Se me arrestas, farei que te castiguen*. Así mesmo, tampouco o comandante alemán explicita: *Aceptarei a túa oferta, mais negareina ante terceiras persoas*.

Continuando coa cortesía negativa cun fin estratéxico, xunto á negación plausible existe a posibilidade da forma indirecta autocortés que agocha unha finalidade defensiva. Cando a imaxe dun dos participantes na conversa é danada por outro, pode

³⁰ No orixinal en inglés: “In the film *Schindler’s List*, after some of Schindler’s Jewish workers have been deported to Auschwitz, he negotiates with an SS commandant for their release. The commandant says: “It is not my task to interfere with the processes that take place down here. What makes you think that I can help you?” Schindler replies: “Allow me to express the reason” and empties a satchel of diamonds onto the table. The commandant says: “I could have you arrested.” Schindler’s response: “I’m protected by powerful friends. You should know that.” This leaves the commandant at a loss. Finally he says: “I’m not saying that I am accepting them. All I say is that I am not comfortable with them on the table.” The commandant then scoops up the diamonds and jams them into his pocket.” (Lee e Pinker 2010: 785).

intervir a indireccionalidade como resposta defensiva (autocortesía como defensa, *self-politeness* Cheng, R. 2001). En (36) un famoso xogador de baloncesto que agrediu a un adestrador (no exemplo responde ás iniciais P. J.) participa nunha entrevista para a televisión americana. Deféndese de xeito indirecto esquivando responder a pregunta e realizando un eloxio indirecto ó seu comportamento cos outros adestradores:

- (36) A. –Are you someone who is easy to get out of control?
B. –Well, you ask any coach I've played for except P. J. to see if this kind of thing has ever happened.
A. –Es unha persoa que perde os nervios con facilidade?
B. –Bueno, ti pregunta a calquera adestrador co que eu xogara agás P. J. e ves se isto me ten pasado algunha vez.

Cheng, R. (2001: 89) (tradución nosa).

Noutra situación, en (37), un veciño que vive nunha zona moi perigosa da cidade non quere recoñecer ante o seu interlocutor que estea a vivir nun barrio conflictivo. No canto de responder directamente, evade a pregunta e responde igualando a perigosidade de todas as zonas coa súa ("hogano en todas partes existe perigo"). Deste xeito, deféndese e rexeita o agravio exercendo a cortesía cara si mesmo:

- (37) A. –Is this a relatively safe area? I mean break-ins and all that.
B. –Well... as safe as it can be nowadays. There have been some activities here and there, but people watch for each other's homes and things aren't that bad.
A. –É esta unha zona relativamente segura? Quero dicir roubos e todo iso.
B. –Bueno...tan segura coma poida ser hogano. Ten habido algunhas cousas por aquí e por alá, pero a xente vixía / preocúpase polas casas dos outros e as cousas non son tan más.

Cheng, R. (2001: 89) (tradución nosa).

En ambos os dous casos, o entrevistado percibe na pregunta o dano á súa imaxe e reacciona en contra da crítica evitando o conflito.

Evitar o conflito verbal aberto co fin de que as relacións interpersoais poidan continuar civilizadamente na medida do posible é, sen dúbida, unha das obvias vantaxes do discurso indirecto en contextos nos que o poder ou xerarquía dos interlocutores está en claro desequilibrio. En todos os exemplos analizados de risco para un dos interlocutores, cada un deles pode finalizar a conversa con certa dignidade, sen a debacle que se podería producir cun discurso explícito directo. Finalizamos esta incursión polas motivacións interesadas da indireccionalidade cun poema de Caprani, tomado de Gąsior 2014, quen fantasea poeticamente coa orixe histórica do atributo da indireccionalidade e vaguidade presente na lingua irlandesa:

When the English robbed our language
 And they gave us theirs instead
 They gave us leave to cheat them
 In things we left unsaid;
 When they robbed us of our claymores
 And thought our pikes absurd
 We fashioned brand-new weapons
 With each odd, new-fangled word.
 Cando os ingleses nos roubaron a nosa lingua
 E nos deron a súa no seu lugar
 Déronnos oportunidade para enganalos
 Nas cousas que deixamos sen dicir;
 Cando nos roubaron as nosas espadas
 E pensaron que as nosas lanzas eran absurdas
 Creamos armas novas do trinque
 Con cada estraña e novedosa palabra.

(Caprani 1987, *apud* Gąsior 2014: 86) (tradución nosa)

A motivación non interesada

Contrariamente á esta concepción “interesada” da indireccionalidade, varios autores abriron unha vía a outra concepción ben lonxe do falante estratéxico e motivada por fins colaborativos e empáticos que inciden, antes ben, na atención á sensibilidade e intereses do oínte. A presenza da fala indirecta pódese explicar polo desexo de procura de conexión co interlocutor e o desexo dunha relación solidaria (*rapport* en termos de Fant 2007; Tannen 1990, 2005).³¹ Na liña da motivación altruísta proposta por Fraser (1980), da que falamos anteriormente, para Miki (1996: 642) a indireccionalidade transmite ó interlocutor un sentimento equivalente a, como di o autor “Sabes o que

31 Tannen (1990) argumenta así a indireccionalidade que se lle atribúe ás mulleres norteamericanas fronte a maior direccionalidade dos homes nesa sociedade: “A explicación da indireccionalidade empregada por unha muller podería ser tamén a súa procura de conexión. Se consegue o seu obxectivo por esixir, a recompensa é satisfactoria en termos de estatus: “Estás por enriba porque os demais fan o que ti lles dis.” Pero se consigues o teu propósito porque os demais queren o mesmo, ou porque se ofrecen libremente, a recompensa está na conexión. Non estás por enriba nin por debaixo, senón que estás felizmente conectado con outros cuxos desexos son os mesmos cós teus. Ademais, se as dúas partes entenden a indirecta, non hai nada encuberto nela: Está claro que se fixo unha petición. Chamar encuberta a unha comunicación indirecta reflicte a opinión de alguén para quen o estilo directo parece “natural” e “lójico”, unha opinión máis común entre os homes.” (tradución nosa). No orixinal: “The explanation for a woman’s indirectness could just as well be her seeking connection. If you get your way as a result of having demanded it, the payoff is satisfying in terms of status: You’re one-up because others are doing as you told them. But if you get your way because others happened to want the same thing, or because they offered freely, the payoff is in rapport. You’re neither one-up nor one-down but happily connected to others whose wants are the same as yours. Furthermore, if indirectness is understood by both parties, then there is nothing covert about it: That a request is being made is clear. Calling an indirect communication covert reflects the view of someone for whom the direct style seems “natural” and “logical”, a view more common among men.”

quero dicir”, un vencello secreto, un sentimento de “Ti e máis eu estamos nisto”, en definitiva, un sentimento de solidariedade, unión e camaradería. Igualmente Brinton (1996: 236) subliña que a vaguidade na conversa amosa que o relevante é a relación entre os interlocutores e non a precisión expresiva. Así mesmo, na sociedade grega, de acordo con Sifianou (1999 [1993], 2008, 2012), a fala indirecta en actos de petición crea lazos de solidariedade porque proporcionan ós destinatarios a oportunidade de expresar a súa xenerosidade, o seu talante solícito cara ó interlocutor. Isto podémolo aplicar á sociedade galega, visto que opera ese mesmo sentimento de solidariedade mutua. Vexámolo nuns exemplos:

- (38) Quedei sen cartos e non hai ningún caixeiro por aquí (Falan dous amigos).
- (39) O luns teño quenda de tarde e vénme moi mal (Falan dous empregados nunha tenda).
- (40) Non sei como facer para levar ós nenos ó partido, ese día traballo (Falan un pai e unha nai).

O oínte, se está na súa man e quere, ofrecerase a axudar, tendo así a oportunidade de ser colaborativo, solícito e amosar o seu desprendemento. Ó mesmo tempo, o falante consegue a súa petición sen forzar ó oínte nin deixalo en evidencia no caso de que non poida cumprir a petición e dálle a oportunidade ó oínte de manifestar a súa boa disposición libremente, se pode e se quere. Deste xeito, a creación de vencellos harmoniosos e a pertenza a un mesmo grupo queda reforzado. No caso de non poder satisfacer a petición, ambos interactuantes salvagardan a súa imaxe grazas á fala indirecta.

Na cultura galega, a indireccionalidade non convencional xorde en actos de fala non ameazantes para o locutor; isto é, atinxe a actos aseverativos sen ningún tipo de imposición. Un caso disto atopámolo na emisión de cumpridos e gabanzas indirectas. Thomas (1995) e Brutti (2006: 113) puxeron de relevo que expresar gabanzas indirectamente redunda nunha maior orixinalidade, favorece a credibilidade do dito e confire máis forza ó discurso grazas á forma diferenciada e orixinal de enuncialo. O feito de que as louvanzas en forma directa poñen ó descuberto abertamente unha peculiaridade persoal do oínte é outro factor que incide na preferencia polas gabanzas indirectas grazas a súa mellor recepción por parte dos destinatarios (Brutti 2006). A gabanza directa pode inmiscirse indiscretamente no territorio persoal do oínte, provocar vergoña e percepción de que a gabanza é falsa, como ben sinalou Bruti (2006). Isto evítase coa fala indirecta:

- (41) David –Are you stranded?
Sabrina –My father was supposed to pick me up but something must have happened.
David –Whoever your father is, whatever happened, I’ll be grateful to him.”

David –Quedaches tirada?

Sabrina –O meu pai tiña que recollerme, pero debeu de pasar algo.

David –Sexa quen sexa o teu pai, pasara o que pasara, estareille agradecido.

Brutti (2006: 113) (tradución nosa)

53

Outro exemplo de repercusión positiva da fala indirecta relacionado coas gabanzas e estratexias de protección das imaxes é o caso dos intercambios en momentos de saúdos, presentacións entre descoñecidos e de comentarios non comprometedores para romper o xeo. De xeito anecdótico, podemos traer aquí a colación o saúdo mantido entre o presidente de EEUU, Joe Biden, e Felipe VI na recepción previa á cea ofrecida ós mandatarios da OTAN o 28 de xuño de 2022 no Pazo da Zarzuela. O presidente, tras lle dar a man a Felipe VI e á súa dona e despois de intercambiar algún breves comentarios de apertura, dirixiuse a Felipe VI e proferiu cun sorriso en presenza das dúas mulleres: *We both married way above our station* (“Os dous casámonos por riba das nosas posibilidades”) (emitido no Telexornal 28/06/22; 21:00; TVE1). O enunciado constitúe unha cuádrupla gabanza indirecta e xocosa dirixida tanto a ambas as dúas donas como ó destinatario directo (Felipe VI) e sen que a imaxe do Presidente quede por debaixo da do destinatario, pois el mesmo tamén se inclúe na gabanza. Sen entrar en cuestións de ideoloxía de xénero, o certo é que, se ben a cultura norteamericana non é indirecta, a situación protocolaria demandaba un comentario altamente diplomático, distendido e rompedor de xeo, que respectase simultaneamente as catro imaxes implicadas. Por se tratar dunha gabanza indirecta, eludíuse a posibilidade de amolar ou avergoñar a ninguén dos involucrados. Grazas a esta estratexia indirecta, unha das “bromas favoritas” de Biden, os catro participantes da conversa quedan equitativamente nivelados, satisfeitos consigo mesmos e ninguén omitido.³²

Abundando nos aspectos positivos da fala indirecta, varios estudos propoñen que a indireccionalidade pode crear afiliación dentro do grupo cultural no lugar de crear distanciamento social. Este parece ser o caso da República de Sudáfrica e de Zimbabue, países onde conflúen dous grupos culturais de falantes compartindo a mesma lingua: o inglés dos sudafricanos e dos británicos, e o inglés dos zimbabuenses e dos británicos (*vid.* Grainger e Mills 2016). Segundo estes estudos, os sudafricanos empregan a forma indirecta como un medio para lograr un obxectivo comunicativo que só é recoñecible dentro do grupo dos sudafricanos, non sendo facilmente

32 No xornal sensacionalista *Daily Mail* (29/6/22) alúdese ó emprego en dúas ocasións desta mesma broma: “Biden pulled out one of his favorites jokes, telling the king “We both married way above our station.” (Biden tirou dunha das súas bromas favoritas, dicíndolle ó rei “Os dous casámonos por riba das nosas posibilidades.”) (tradución nosa) (consultado 6/7/22). Esta brincadeira dirixíullela a Boris Johnson e á súa muller durante o encontro do G7 no verán de 2021 en Cornwall (Inglaterra) e repetiuna nunha entrevista con Johnson televisada pola BBC. Como resultado, o xornalista bromea sobre Biden: “Needs some new material!” (Necesita renovar o repertorio!) (tradución nosa).

Volvendo á análise lingüística, non é de estrañar que, dada a súa eficiencia comunicativa –salvante os reparos de ideoloxía de xénero e frivolidade que habería que comentar– sexa unha das bromas favoritas de Biden.

accesible para os británicos. Esta é a situación tamén en Zimbabue, pois para os zimbabuenses, a fala indirecta é unha forma de apuntalar a identidade, a pertenza a un grupo cultural e a afiliación co oínte. Nestas dúas comunidades culturais non hai necesidade de ser explícito porque os falantes comparten o mesmo código interpretativo de implícitos. A indireccionalidade, pois, cumpre un traballo de imaxe afiliativa en troques dun traballo de cortesía negativa de evasión de imposición cara ó oínte (Grainger e Mills 2016: 49) e, ó noso xuízo, (deducimos do traballo destas autoras), non se trata, así mesmo, de evasión do compromiso ou falta de posicionamento.

En definitiva, moitas culturas como a libanesa, xaponesa, coreana, chinesa, inglesa, irlandesa, australiana, escandinavas, sudafricana e zimbabuesa adoitan manter distancia entre o que se di e o que se comunica implícitamente en discursos que non concirnen a actos de fala invasivos (Louis e Khoudary 2021: 596; Ahn 2018; Grainger e Mills 2016; Kallen 2005; Yan 2019), e sen que o falante teña ningún interese estratéxico agochado de evitar danar a súa propia imaxe. Nestas linguas e culturas as expresións indirectas constitúen a norma tácita e normalizada para moitas situacións sociais.

Efectos indesexados da indireccionalidade

Non compartir o mesmo código social conversacional e a ausencia de coñecemento cultural deriva na comisión de erros de comprensión / produción e, finalmente, no malentendido e choque cultural. Un caso de desacerto intercultural por mor dunha indireccionalidade extrema na fala é o relatado por Keysar (2008: 1), quen refire un suceso acontecido entre el mesmo (de lingua e cultura israelí) e a súa muller de lingua inglesa. Relata Keysar que estando os dous nunha librería de Xerusalén, a súa muller (anglófona que non fala hebreo) sinala unha mesa chea de libros entre os que hai Hagadas en inglés³³ e coméntalle ó seu home, Keysar: “Así que o Seder vai ser todo en hebreo?”. “Por suposto”, respondeu el e continuou a mirar libros. Como subliña Keysar (2008: 1): “Non me falou durante un par de días. Finalmente, entendín por que. O que quería dicir era *Merquemos unha Hagada en inglés*. Eu entendín a súa pregunta como unha solicitude de información” (tradución nosa). Ó noso modo de ver, a muller pensou que o seu desexo de mercar unha Hagada en inglés era obvio polo que considerou que o seu home entendera perfectamente a súa petición e a rexeitara sen miramentos. Trátase dunha indireccionalidade excesiva por parte da muller que foi entendida no sentido estritamente literal polo seu home. Requiriría, por se tratar de diferentes códigos culturais –indireccionalidade da cultura inglesa e direccionalidade da cultura israelí (vid. Blum-Kulka 1987 e Wierzbicka 1985, 2014)– da especificación da intención explícita por parte da muller. As expectativas de que o

33 A Hagada é o texto relixioso utilizado durante o Seder de Pésaj, o ritual da festa da Pascua xudía ó cal ían asistir xuntos el e maila súa muller, como relata Keyser.

seu home realizara inferencias a partir do dito e de que participara no seu xogo interpretativo – xogo que Searle calificou como fin último da comunicación: “a lectura da mente” – víronse frustradas. O exemplo de Keysar é mostra támen, ó noso modo de ver, do diferente proceso levado a cabo polos falantes para propor ou plantear algo. A pregunta da muller, se cadra, constituía un primeiro paso inicial, unha aproximación para guindar *a posteriori* a petición, aproximación que foi directamente truncada e desouvida por Keysar.

Como acabamos de ver, non cabe dúbida de que a indireccionalidade atinxe non só a diálogos interaccionais, senón que tamén se constata no xeito de introducir temas de conversa, como lle aconteceu á muller de Keysar, quen estaba a introducir unha cuestión importante para ela. A indireccionalidade na forma de introducir temas e na forma de ofrecer unha opinión foi estudada por Iwasaki (2009). Este autor demostrou que os xaponeses tenden a preparar paseniñamente ó seu interlocutor tanto antes de introducir un tema como antes de expresar a súa opinión. En ambos os dous casos buscan inicialmente un terreo común. No caso das opinións, por exemplo, o discurso débese iniciar primeiro coas argumentacións para finalmente proferir a visión propia. Este modo de proceder diverxe dos falantes de inglés americano (e probablemente dos israelíes, polacos e rusos, entre outros), dado que estes proclaman asertivamente primeiro a súa opinión, seguida de posteriores movementos de apoio xustificativo. Segundo Iwasaki (2009), comparados cos xaponeses, os falantes americanos carecen de estratexias para buscar un terreo común, non atenuan nin buscan o parecer do interlocutor (o que si, en cambio, fan os ingleses coas preguntas ou etiquetas de confirmación: *isn't? / don't you?*). A orde de presentación das opinións e peticións, a orde na presentación dos feitos e argumentacións vén determinada pola cultura, e por suposto, esta última inflúe tanto na recepción e interpretación dos contidos por parte dos interactuantes coma no xuízo que facemos dos falantes.

Outro factor relacionado co anterior e que pode explicar malentendidos interculturais –e malentendidos intraculturais ó se produciren tamén entre membros da mesma cultura– é o chamado *egocentrismo* dos locutores. Segundo Keysar e Henly (2002) e Kecskes e Mey (2008), os erros interpretativos débense ó egocentrismo dos participantes da conversa ó enunciaren as mensaxes só dende a súa perspectiva, sen se pór na perspectiva de quen escoita. De acordo con estes investigadores, o comportamento egocéntrico provén do feito de que os falantes conceden maior peso ó seu propio coñecemento que ó coñecemento en común compartido. Confían en que o seu coñecemento vai ser comprensible para o oínte, mais en realidade, son estimadores deficitarios do que o oínte sabe e é quen de interpretar. Infravalorar a ambigüidade e vaguidade da propia fala e sobreestimar, en cambio, a efectividade e transparencia do discurso son características propias dos falantes egocéntricos, para estes autores. Isto explicaría a dificultade que pode presentar, ás veces, a indireccionalidade, dificultade que, lembremos, foi sinalada para o galego por Baroja (1919), Gondar Portasany (1993), López Lorenzo (2016), entre outros. A teoría do

egocentrismo dos falantes explica os casos de desacertos na comunicación oblicua ou indirecta, mais non debemos esquecer que a indireccionalidade é representación dun carácter fortemente colectivista ó basearse precisamente no territorio común compartido polo grupo e fundamentarse nos códigos implícitos coñecidos polos interlocutores. O egocentrismo na fala, por conseguinte, é froito dun mal cálculo da capacidade interpretativa do receptor, do seus coñecementos previos compartidos, en definitiva, dunha mala posta en funcionamento da indireccionalidade. Pola contra, o falante indirecto ponse no lugar do oínte e, dende esa perspectiva, fai o cálculo de ata onde pode chegar no grao de indireccionalidade para que este conxecture acertadamente. En definitiva, a peculiaridade do egocentrismo, sen que constitúa unha característica inherente da indireccionalidade, desemboca nun mal uso dela.

Factores de variación lingüística da indireccionalidade

A influencia da cultura sobre a lingua compróbase en todas as linguas e en miríadas de aspectos lingüísticos. Por exemplo, en castelán existe variabilidade no emprego da indireccionalidade e da atenuación en función da procedencia xeográfica dos falantes e doutras variables situacionais. Baseándose en diversos estudos previos da lingua falada en varias cidades, Félix-Brasdefer (2019: 277) analiza a diferenza pragmática nas peticións e rexeitamentos entre o castelán de Madrid e Barcelona e o castelán de diversas capitais latinoamericanas. Conclúe que, ó igual que defenderon Albeda e Briz (2010), as peticións e rexeitamentos feitos en Madrid e Barcelona se producen e perciben como máis directos que nas capitais de México, Ecuador, Perú, Chile, Puerto Rico e Costa Rica. Segundo demostrou Bravo (2004), a protección da imaxe negativa non é tan esencial nas peticións no castelán peninsular, á vista de que o uso de estratexias indirectas non é unha práctica tan habitual en España. Xa comentamos que o estilo directo non só é aceptado como normal, senón que ademais se lle outorga unha valoración positiva porque reforza as ligazóns de afiliación ou pertenza ó grupo. Pola contra, nos países latinoamericanos mencionados, os falantes interactúan de xeito máis indirecto, tentativo e deferencial (Félix-Brasdefer 2019: 70). Sobre a diferenza entre a cultura española e chilena, Albelda (2008: 99) afirma:

[...] en la cultura española peninsular existe un fuerte sentido de la afiliación, reflejada en la confianza (Bravo 1999, Hernández 2002). Se percibe como positiva la muestra de la solidaridad y de la cercanía social, mientras que la precaución y mesura social crean o acentúan la distancia social. En cuanto a la cultura chilena, se valora el respeto y deferencia al ámbito y espacio personal de los demás, lo cual se refleja en los usos lingüísticos.

Porén, entre o castelán dos países latinoamericanos existen, así mesmo, diferenzas. O castelán falado en Buenos Aires, en Santo Domingo e en Caracas atópase nun nivel intermedio do continuo de (in)direccionalidade entre o castelán de Madrid e Barcelona (o máis directo) e o castelán dos mexicanos (o máis indirecto) (*vid.* Félix-Brasdefer 2019: 277).

Fronte a esta variación lingüística diastrática, en torno á cal aínda están a se realizar estudos para chegar a conclusións definitivas, contéplase tamén a tendencia a que os falantes se dirixan á homoxeneización nos hábitos lingüísticos en beneficio da direccionalidade. En efecto, a indireccionalidade parece ir en declive hoxe en día, pois discorre en relativo decrecemento tanto en galego coma noutras linguas (*vid.* Terkourafi 2019 para o grego; Marsily 2018 para o francés) debido á globalización e á aparición das redes sociais dixitais que exixen rapidez e direccionalidade nas respostas. O emprego asiduo da comunicación escrita no móbil (tan proclive á economía lingüística e á direccionalidade) e a imparable robotización e dixitalización contribúen, así mesmo, á perda de matices comunicativos e ó vertixinoso e alarmante empobrecemento léxico.³⁴ Este mesmo esmorecemento que contemplamos na indireccionalidade está tamén a suceder coa retranca (*vid.* Caballero Wangüemert 2012; González / Carrabouxo 2020: 58), ó ir esvaéndose unha xeración de falantes galegos que tiñan como pasatempo lúdico as conversas retranqueiras, as cales ocuparán a nosa atención no seguinte apartado.

I.IV A retranca

Da atenuación e indireccionalidade enlazamos coa retranca, un trazo no que se coincide con rotundidade na súa adscrición á conciencia colectiva galega e ó comportamento verbal galego. Moitos son os autores que concordan con unanimidade na retranca como atributo decisivo dos galegos: Risco (1992 [1954]), Piñeiro (1974, 1978), Carballo Calero (1975), García-Sabell (1978), Costa Clavell (1983), Núñez Ramos (1985, 1989), Chao Rego (1987, 2009), Gondar Portasany (1993: 46), González Seoane e Vilavedra (1994: 32), Baltrusch (1998: 117-118), Antón Fraguas (1998), Mariño Ferro (2000), Barreiro Rivas (2006), Piccardi (2004), Pascual Carballo (2009), López Lorenzo (2005), Rutherford (2007: 23-24), Rivas (2004), De Toro (2010), Caballero Wangüemert (2012, 2016), Martínez Quiroga (2014), González / O Carrabouxo (2020: 58). Baltrusch (1998: 121), por exemplo, considera a retranca “como un dos mecanismos constitutivos da memoria cultural galega tanto como unha maneira de pensar, de falar, de actuar, como unha estética, un abeiro contra todo o que non resulta asimilable no momento.”

A retranca caracterízase pola mestura de indireccionalidade, humor e ironía, se ben non sempre se dan todos estes compoñentes simultaneamente, pois nalgúns ocasións a réplica sarcástica ou o mero xogo dialéctico pode substituír ó trazo do humor. En termos xerais, esta propiedade esencial do *Volkgeist* ou espírito galego é definida como humorismo con cautela, tal e como mantiveron Risco (1992 [1954])

³⁴ Neste sentido, adóitase facer bromas a robots informáticos axudantes de aplicacións tecnolóxicas (Siri, Alexa, axudantes de Google e Amazon, respectivamente) que non comprenden nada máis aló do explícito e directo.

e Fernández de la Vega (1983 [1963]). Se acudimos á definición que aporta o Dicionario da Real Academia Galega (González González, *dir.*) comprobamos que incide nas segundas intencións con sentido do humor: “[...] habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di: *Contesta sempre con retranca cando se meten con ela.*” Comezamos, xa que logo, o achegamento á retranca polo compoñente do humor que xorde case omnipresente en todas as aproximacións (*cf.* en dirección oposta Caballero Wangüemert 2016). Para López Lorenzo (2016: 70) a retranca é unha forma de humor nado da prudencia e cautela: “A prudencia, a cautela, é outra característica psicolóxica dos galegos, da que naceu esa forma peculiar do humor que é a retranca.” En que sentido entender esta cautela constitúe unha peza chave para desenlear o puzzle da retranca. Como ben apuntara Fernández de la Vega (1983 [1963]): “O humorista parte do suposto de que as cousas teñen dúas caras e que son equívocas e conflitivas”, afirmación na que coincide con López Lorenzo (2016) cando subliña este último: “O galego –e o seu humor– é realista, e sabe que a realidade é poliédrica, que ten moitas caras, moitos aspectos. Por iso, é relativista. Todo é asegún ou depende. E por iso mesmo é tamén non dogmático, integrador de contrarios.” Alonxándose do factor do humor, Chao Rego (2009: 19) defínea así: “Un xogo no que os paisanos subentenden todo e os foráneos non entenden nada.” Atinadamente comenta: “Quen non escoitou os paisanos que pasan horas a falar en linguaxe indirecta, de segundas intencións, sen que nin por un momento se faga explícito nada do que todos están subentendendo e celebrando co aplauso dun sorriso que agroma nos beizos?”. Na mesma liña, López Lorenzo (2016: 98-99) defende que se trata dunha “divertida inconcreción do noso dicir” e que se basea en “respuestas breves e inconcretas que dejan un mundo aberto a la interpretación de que se quiso realmente decir.”³⁵ Poñamos como exemplo desta “inconcreción do dicir” o texto correspondente a un debuxo de Castelao no que aparecen unha moza e un mozo falando. A razapa fai a pregunta e o rapaz responde:

- (42) –Se fose rica, queríasme máis!
–Non tiña por qué quererche menos.

Castelao (1989 c [1961]: 44)

O humor é moi soterrado, probablemente escurecido pola indireccionalidade da resposta que fai que todo o esforzo do lector (e da moza) estea encamiñado a desambiguar a resposta do rapaz, feito que provoca que non agrome doadamente o matiz humorístico. O xogo verbal coas palabras, presente ás veces na retranca, compróbase na contraposición explícita *querer máis vs. querer menos*.

³⁵ López Lorenzo (2016: 215-216) sinala que resulta frecuente “confundir a retranca galega coa ambigüidade ou falta de transparencia, atributo que se lle adxudica ó galego como propio, un máis dos varios tópicos culturais: o do galego no medio da escaleira, de quen non se sabe se sobe ou se baixa.”

Procurando unha explicación ás paradoxas integradoras de contrarios e inconcrecións, Pascual Carballo (2009: 240) propón que “a cautela e o cosmopolitismo natural do galego [...] indúceo a concibir a realidade desde un prisma hospitalario e integrador, desde o que os contrarios se conxugan, non se exclúen, como partes dunha mesma entidade con dúas caras contrapostas.”³⁶ A conxugación dos contrarios abre as portas ó trasacordo, como sinalou Gondar Portasany (1993: 47): “O fin último da retranca é permitir o trasacordo, é dicir, a revisión dun acordo ou determinación que se adoptou, un volverse atrás no camino andado para percorrelo por outra vía ou doutra maneira.”

No seguinte exemplo asistimos a un claro exemplo de retranca como conxunción do humor irónico e forte indireccionalidade. Un home e unha muller falan (no debuxo que acompaña o texto non se sabe quen di que):

- (43) –¿Por que o meu amo non pagaba o tren, nin o tranvía, nin o teatro?
–Porque era moi simpático...

Castelao (1989a [1961]: 37)

Detéctase a reviravolta retranqueira ó deducir que a muller non pretende transmitir o que di explícitamente (que o amo sexa simpático), nin tampouco manifesta que sexa antipático (o cal constituiría unha ironía). Acotío defínese a ironía como “dicir o contrario do que se pensa”; de se tratar no debuxo de ironía, a muller quereda dicir que o home é antipático, algo que non é correcto neste caso. A retranca destila do feito de que o motivo de non pagar non ten nada que ver coas cualidades de simpatía ou antipatía do amo, senón coa súa posición social de poder, algo que vai máis aló de dicir o contrario do que se pensa, e que conta coa perspicaz e intuitiva interpretación por parte do oínte de moitos implícitos. Diálogos coma este lembran os postulados de Wittgenstein sobre a dificultade de inferir o pensamento baixo a forma exterior da roupaxe da lingua e, así mesmo, fainos lembrar que o fin último da comunicación é a “lectura da mente”, como sinalou Searle (2004 [1969]).

Noutras dúas viñetas do mesmo autor aparecen un paisano, quen comeza a conversa, e un home de maior estatuto social ou económico, quen responde:

- (44) –Por iso, ¡moito lle gusta andar polas tabernas a beber viño!
–Porque son un demócrata, ¿sabes?

Castelao (1989 a [1961]: 17)

³⁶ Neste sentido encamiñanse as dúas novelas de Villar da que tiramos esta cita: “Na recia cachola aragonesa de Rafael Estévez as cousas eran ou non eran, facíanse ou deixábanse sen facer, e supoñalle un esforzo considerábel desenlear as expresións cargadas de vaguidades dos seus novos veciños.” (Villar 2006: 16-17). Este tipo de representación leva a Rivero Grandoso (2011: 112) a sinalar atinadamente que: “Villar esboza unos rasgos sociológicos de los gallegos muy cercanos a los tópicos que se mantienen en toda España: la indecisión, la ambigüedad, la costumbre de responder a cualquier pregunta con otra.”

- (45) –Vostede era un cacique
–Porque non podías ser ti.

Castelao (1989 a [1961]: 38)

- 60 Para comprender o implícito da resposta, cómpre situarse nunha Galicia na que circulaba a idea, expandida polo poder da época, que consideraba ós demócratas liberais individuos libertinos. Só nese contexto cultural da época é posible comprender o diálogo de Castelao. A resposta retranqueira agocha un xeito moi falaz e irrespetuoso do falante de comprender a democracia, no que a capacidade de entendelo como humor dependerá das ideoloxías dos oíntes. De novo, no segundo exemplo a retranca denota, falta de respecto insultante cara ó interlocutor, pois agocha ou trasloce o dito da fraseoloxía popular: “Pensa o ladrón que todos son da súa condición.”

A retranca foi entendida por autores como Piñeiro (1978: 129), García-Sabell (1978: 136), entre outros, como unha resposta evasiva para eludir unha crítica, expresar un rexeitamento ou un ataque directo, como en (43). Neste sentido, interesa expor a explicación proporcionada por Rutherford (2007: 23-24), para quen a retranca xurdiu como:

[...] unha maneira de enfrontarse con preguntas problemáticas feitas polas autoridades, unha maneira de opoñer resistencia a estes intrusos sen se expor a acusacións de insubordinación. Isto conseguíase dando unha contestación que non era contestación ningunha, pero que o parecía, e deste xeito evitando os dous riscos igualmente perigosos que resultarían de dar unha contestación auténtica: o de dicir a verdade e o de contar unha mentira.

Se ben isto é certo, Rutherford (2007: 19) diferencia dúas clases de retranca: a primeira, que acabamos de comentar, de índole “reactiva” ou defensiva, historicamente primixenia. O segundo tipo de retranca, posterior e moderna, califícaa de “proactiva e irónica”. Segundo este autor, é practicada non por autodefensa, senón “polo pracer intelectual e estético que contribúe á conversa cotiá e como unha delicada afirmación e reforzo da conciencia colectiva e da identidade nacional.” En liña con este segundo tipo de retranca, e tal e como vimos nos exemplos expostos, concordamos en que a retranca xorde tamén como xogo dialéctico intelixente e lúdico –a modo de regueifa– polo que descartamos que a súa finalidade sexa só eludir riscos ou ser cortés. Nos exemplos anteriores, vimos que na indireccionalidade da retranca non é necesaria a intención de ser cortés co destinatario, senón, antes ben, a intención de quitarlle dramatismo á situación. Nos casos de retranca abertamente humorística (a maioría), hai que engadir o obxectivo de buscarlle o lado do humor ás circunstancias vitais negativas (en ocasións reflectindo certo conformismo). Nos estudos sobre o humor en xeral deféndese o seu valor de estratexia de comunicación fática; é dicir, como mecanismo para establecer vencellos interpersoais ou estratexias afiliativas. Trátase dun intercambio non informativo de corte social que propicia a creación de

redes interpersoais, exerce a función de reforzo social, facilita a proximidade entre os interlocutores, reduce a ansiedade e a tensión entre os participantes (*vid.* Hernández López 2010; Ruiz Gurillo 2012).

A modo de conclusión deste apartado, podemos rematar resumindo algunhas das características da retranca, que segundo Caballero Wangüemert (2016: 30-31) serían: 61

- A) Forma exterior: a inconcreción, a sutilidade ou fineza evasiva.
- B) Mecanismo interno: o disimulo ou a segunda intención.
- C) Causa: a desconfianza perante o interlocutor.
- D) Finalidade: a defensa fronte a un sistema cultural hexemónico alleo.
- E) Mérito ou virtude: saírmos airosos dunha situación conflitiva sen comprometermos (non dicirmos ou facermos o que os outros pretenden sen que pareza mal).

A estas cinco características sumámoslles a forte indireccionalidade como compoñente inexcusable, o humor como compoñente case omnipresente e, ocasionalmente, o xogo coas palabras como comprobamos en (42). Finalmente, non debemos esquecer a vertente da retranca como exclusivo xogo lúdico en clave de humor, en maior ou menor medida enxeñoso, espallado polas conversas nas que non hai segunda intención, ironía, disimulo nin actitude defensiva, mais si desexo de creación dun clima de confianza e unión, tema que non podemos tratar aquí por razóns de espazo.

A existencia da retranca noutras culturas

A retranca, co seu xogo de implícitos agochados, pasa por ser un hábito conversacional galego e, a nivel cognitivo, identifícase cun xeito de interpretar a realidade a través do cal se dá sentido ó mundo galego. Noutras palabras, reflicte a forma de pensar, a lóxica coa que se contempla o mundo. Wierzbicka (2014) instaurou o concepto de "palabra chave cultural" ó se referir ás palabras culturalmente reveladoras que captan como os falantes filtran e categorizan a realidade, como prestan atención ó mundo no que viven. Estas palabras chave encarnan, ademais, formas de pensar e falar socialmente recoñecidas no seo do grupo. Vai de seu que a retranca se podería considerar un concepto chave da cultura galega no sentido instaurado por Wierzbicka (2014). Agora ben, como apuntan diversos autores (Gondar Portasany 1993; Rutherford, 2007; López Lorenzo 2016, entre outros), a concepción da retranca en Galicia comporta unha valoración positiva de intelixencia e sagacidade asociada ó falante así como de xogo estético. Porén, seguindo a López Lorenzo (2016), a ollos externos pode ser contemplada como malicia ou astucia malintencionada, como

trécolas con segunda intención.³⁷ Así mesmo lembremos que, como xa apuntamos con anterioridade, a fala indirecta pode ser interpretada como evasión e indecisión por outra persoa de diferente cultura e, inversamente, a direccionalidade dun falante pode ser considerada unha grosería polos falantes doutras culturas (Grainger e Mills 2016: 3, *vid. supra* cita 7).

Se ben forma parte do *ethos* ou espírito popular galego, como acabamos de afirmar, a retranca non parece ser exclusiva de Galicia, dado que se pode comprobar a presenza dun humor irónico, se cadra non igual pero si moi semellante, noutras linguas. Sperber e Wilson (1995: 178) presentan o seguinte diálogo como mostra de indireccionalidade en inglés, no cal un paciente comenta un tratamento contra a tartamudez que recibiu de mans dun logopeda. O tratamento é valorado con benevolente humor, sen ser criticado directamente, pero como se ve, é criticado implicitamente:³⁸

- (46) A –Did your treatment for stammering work?
 B –Peter Piper picked a peck of pickled pepper.
 A –How amazing!
 B –Yes, b-b-but th-th-that’s not s-s-something lv-v-very often w-w-want to say.
 A –Funcionou o tratamento para o tartamudeo?
 B- –Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita tinta; cando a pipa tinta pinga, a pita tinta pía.
 A- –Incríble!
 B –Si, pe- pe-pero no-no-non é- é a- a- al-algo que –que-que que-que-queira di-di-dicir con mo-mo-moita frecuencia.

Sperber e Wilson (1995: 178) (tradución nosa)

A indireccionalidade e humor na segunda resposta de B, ademais de evitar criticar e ferir, deixa en mans da intelixencia do oínte a extracción de calquera xuízo de valor, o que fomenta a cortesía positiva.

Tiramos outro exemplo de indireccionalidade de Wilson (2009), no que constatamos o característico humor británico, se ben, neste caso, dista abondo da retranca galega:

37 Neste sentido García-Sabell (1978: 136), o 16 de abril de 1977 na xuntanza do grupo de traballo con algúns intelectuais da época, emitía o seguinte “desexo imaxinado” para a Galicia de 2002: “b) Desaparición da actitude defensiva. Ou o que é o mesmo: entrega aberta e leda á vida, sen reservas, sen medos e sen falsas humildades.” E apostillaba de contado: “Chatar dunha vez, por inútil, a retranca. Esperta-la confianza nos demais: os nosos, –¡ouh, gozosa novidade! ¡por fin!– non enganar.” O seu terceiro desexo protexía o humorismo da intemperie: “c) Cultivo, iso si, do humorismo. E aínda arrequecelo, pois de ser coraza, pasaría a ser expresión máxima da fartura espiritual da xente de noso. O humorismo daranos entón a verdadeira medida da capacidade reaccional do home galego cara ás insolentes contradicións do mundo e da criatura humana.”

38 Na tradución cambiamos o trabalinguas en aras de adaptalo ó repertorio cultural galego. Agradezo a un dos revisores do libro o feito de me prover con este trabalinguas (*Debaixo dunha pipa*) en concreto.

(47) I left my bag in the restaurant, and someone kindly walked off with it.

Deixei o bolso no restaurante e alguén amablemente marchou con el.

Wilson (2009: 192) (tradución nosa)

Así mesmo, a lingua francesa non está exenta de mostras deste humor con retranca, como na seguinte broma –sexista, non politicamente correcta–, que atopamos en Koestler (1980 [1964]):

(48) Un jeune officier autrichien de la belle époque essayait d’obtenir les faveurs d’une courtisane à la mode. Pour s’en débarrasser, celle-ci lui expliqua que son coeur, hélas! n’était pas libre. A quoi le soupirant répliqua poliment: “Mademoiselle, je ne visais pas si haut!”

Un mozo oficial austriaco da *belle époque* tentaba obter os favores dunha xeitosa cortesá. Para desembarazarse del, esta argumentoulle que o seu corazón, mágoa! non estaba libre. A isto o pretendente replicoulle cortesmente: “Señorita, eu non apuntaba/aspiraba tan alto! ”

Koestler (1980: 22[1964]) (tradución nosa)

De novo, a resposta do mozo vai moito máis aló do explícito, deixando ó oínte a pensar a que, se non ó seu corazón, aspiraba.

Continuando co francés, no seguinte diálogo A e B intercambian brincadeiras, ó noso modo de ver, retranqueiras:

(49) Deux amis se préparent à partir en randonnée. L’un (A), sachant qu’il va pleuvoir, s’habille en conséquence alors que l’autre (B), résolument optimiste sort en tenue légère. Au cours de la randonnée, l’orage éclate.

A. –Mais tu as une grenouille dans la tête! Comment fais-tu pour prévoir à coup sûr le temps qu’il fera?

B. –Que veux-tu, la météo, c’est mon dada. Mais comme tu ne prévois jamais rien, je peux même te prêter ma crème solaire si tu veux.

Dous amigos prepáranse para ir de camiñada. Un deles (A), sabendo que vai chover, vístese en consecuencia, mentres que o outro (B), resoltamente optimista, sae con roupa lixeira. Durante a camiñada desátase unha tormenta.

A. –Pero se tes un galiño do tempo!³⁹ Como fas para poder predicir o tempo que fará con tanta seguridade?

B. –Que queres que che diga! O tempo é o meu pasatempo. Pero como ti nunca predis nada, préstoches a miña crema solar se queres!

Priego Valverde (1999: 292) (tradución nosa)

39 Na tradución adaptamos libremente “grenouille” por “galiño do tempo” (i.e. o galo do tempo portugués), en troques do seu significado “ra”, para manter o valor cultural “galego-portugués” do animal que predí o tempo.

O que acabamos de presentar é apenas unha pequena mostra dalgúns exemplos da existencia noutras linguas dun humor algo semellante á retranca, se ben non igual. Nos exemplos dos estudos do humor en castelán de Ruiz Gurillo (2012, 2013, 2019) non apreciamos a mesma mestura de ironía, indireccionalidade, evasión e humor característica da retranca (por ex. nos monólogos de Buenafuente ou Eva Hache que a autora analiza). Un motivo claro disto é que se trata de monólogos e non interlocucións, razón pola que habería que seguir á procura deste humor en lingua castelá. Se cadra, poderían atoparse casos, aínda que pensamos que moi escasos, se se emprende un estudo pormenorizado e fondo que non podemos realizar aquí. Feita a salvidade anterior, a nosa experiencia persoal fala en contra da existencia da retranca en castelán, que si exhibe, obviamente, unha “ironía humorística”. O que aquí defendemos, e que vén de seu, é que este fenómeno discursivo está interiorizado na conciencia e na fala galega, á diferenza claramente do castelán. Esta interiorización ou atributo psicolóxico agroma arreo nese humor e en moitos máis contextos nos que agromaría –de agromar– na fala castelá. Asemade, temos que subliñar que a retranca é empregada en situacións non humorísticas, de acordo con Caballero Wangüemert (2016) á diferenza do humor irónico castelán. A nosa impresión indúcenos a pensar que a “ironía humorística” castelá se circunscribe a situacións informais en ambientes distendidos entre amigos ou a situacións familiares. O seu emprego non xorde como resposta a case calquera pregunta, coma é o caso do falante galego –principalmente do rural–, quen é quen de responder de volta con outra pregunta retranqueira. De acordo con Chao Rego (2009) e Rutheford (2012), a retranca emprégase defensivamente como resposta a preguntas difíciles, mais tamén, engadimos nós, como resposta a preguntas neutrais. Non só o desexo de esquivar o conflito nas preguntas problemáticas, senón a satisfacción de crear un vencello de harmonía e de xogo co receptor nas preguntas neutrais son dúas motivacións, sen dúbida, agochadas tralo emprego desta característica discursiva.

No analizado ata aquí mencionamos a ironía humorística como recurso común dos castelán falantes, recurso co que a retranca non se pode confundir. Cómpre, xa que logo, centrar o foco brevemente na ironía para explicar a diferenza entre elas.

A ironía

Tradicionalmente a ironía é definida nos dicionarios como “expresión que comunica o contrario do seu significado literal” González González (*dir.*), tal e como comprobamos no seguinte exemplo:

- (50) A un adolescente caeulle ó chan unha morea de follas da carpeta de clase e no grupo de amigos, tamén adolescentes, ninguén lle axuda a recollelas. O rapaz cando remata de recoller as follas di: “Grazas pola axuda.”

Noutros moitos casos, segundo Wilson e Sperber (2012), a ironía defínese como

unha alusión ecoica coa que facemos alusión ou referencia a un estado de cousas que se prevía, que se agardaba ou se desexaba e que finalmente non aconteceu. O falante amosa a súa actitude de frustración por medio do desprezo, mofa ou ridículo cara a esa situación ou persoa. Estes autores sosteñen que “a ironía consiste en facerse eco dun pensamento (por exemplo, unha crenza, unha intención, unha expectativa baseada nunha norma) atribuído a un individuo, a un grupo ou á xente en xeral, e expresar unha actitude burlona, escéptica ou crítica ante este pensamento.” (Wilson e Sperber 2012: 125) (tradución nosa). Poñamos outros exemplos cotiáns habituais en moitas linguas nos que a ironía neles reside en afirmar xusto o contrario do que se pensa (intervencións semellantes a (50) *supra* e (51) e (52) adoitan aparecer na bibliografía de diversas linguas):

(51) Durante o verán, nun grupo de amigos alguén asegura que en certa praia hai sempre moi pouca xente. Deciden ir con expectativas de que a praia será para eles, mais ó chegaren, atópanse cunha praia ateigada de bañistas. Un amigo comenta:

Pois si que é verdade que non habería xente!

(52) Unha estudante fixo un exame que afirma que lle saíu moi mal. Ó saír a nota, a estudante obtén un sobresáinte. Unha amiga dille:

Está claro que che saíra moi mal!

As expectativas coas que se contaba fracasaron, polo que o falante se fai eco irónicamente da afirmación (*a praia está baleira, o exame saíume mal*), salientando a falta de correspondencia coa realidade.

Ironía, que non retranca, revélasenos na viñeta de Castelao (1971: 2) onde un paisano lle espeta ó outro: *Pois xa que o sabes, voucho dicir*. O home destila ironía na primeira parte do enunciado (*pois xa que o sabes*) porque de xeito indirecto e burlón lle increpa ó seu compañeiro que está errado no seu coñecemento sobre a cuestión de que se trate; isto é, amosa escepticismo sobre o que cre saber. Na segunda parte, *voucho dicir*, manifesta o seu desexo de aclararllo.

En ocasións, o falante pretende que o receptor procese tanto a lectura explícita do que dixo como a irónica implícita; é dicir, enuncia unha mensaxe dobre á mantenta co fin de que sexa quen de realizar dúas interpretacións en paralelo. Gibbs (2007: 245) pon o exemplo dun taxista que, ó ver como outro condutor acaba de cortarlle o paso ó facer unha manobra sen sinalizar, lle comenta a un pasaxeiro: *Encántame a xente que emprega os intermitentes*. Non cabe dúbida de que o condutor fala con sarcasmo, aínda que a súa afirmación sexa literalmente certa, pois di o que pensa. En efecto, neste tipo de ironía, os falantes realmente pensan e cren o que din explicitamente, porén, a ironía provén do feito de que a mensaxe que queren comunicar é a oposta: *Non me gusta a xente que non emprega os intermitentes*. O oínte debe realizar as dúas lecturas interpretativas simultaneamente, algo abondo doado no exemplo ex-

posto, pero non tanto noutros casos escorregadizos para oíntes non afeitos a estes xogos verbais de procesamento máis complexo. Con todo, cómpre dicir que estes non son os casos prototípicos, xa que na maioría da fala irónica o que di literalmente o falante non é o que pensa, senón o seu contrario, como aparece na definición dos dicionarios (dicir o contrario do que se pensa).

Todos os tipos de ironía mencionados ata aquí e outros máis verificámoslos na lingua castelá.⁴⁰ Se comparamos estes exemplos irónicos cos anteriores de retranca galega, cerciorámonos da diverxencia existente entre estas dúas expresións indirectas, ironía e retranca, non equivalentes. Na ironía non existe humor nin xogo lúdico dialéctico. Vimos facendo fincapé en que o humor se perfila como unha característica moi maioritaria na retranca, pero non imprescindible (ás veces a réplica retranqueira pode ser aceda), sendo, ó noso modo de ver, os trazos inescusables o ludismo do xogo dialéctico e a indireccionalidade.

I.V A formación da imaxe estereotipada en función dos tipos de culturas

Neste apartado trataremos as consecuencias de non compartir o mesmo estilo conversacional nin o mesmo código cultural subxacente a ese estilo. Non subsumirse baixo o mesmo código cultural conduce a discrepar no sistema de valores e crenzas atribuídos a eses modos de fala e, xa que logo, redunda en enxuizar erroneamente ós falantes desas culturas ó asumir unha perspectiva etnocentrista (lembremos a cita comentada anteriormente de Baroja (1919), só por sinalar un exemplo). Comezaremos explicando os tipos de culturas que se adoitan clasificar nos estudos socioculturais.

Culturas de alto e baixo contexto

Unha das teorías máis aceptadas de clasificación das culturas no eido da sociolingüística é a de Hall (1976, 1983), quen catalogou os grupos culturais en función do uso que fan os falantes do contexto para crear significado. Este autor considera que as culturas difiren na proporción de contexto necesario para construír o significado, sexa un emprego alto do contexto (*High Context*, alto contexto, AC a partir de agora) sexa un uso baixo (*Low Context*, baixo contexto, BC, a partir de agora). Parte este modelo de que, para crear significado, os falantes combinan elementos preprogramados –elementos integrados no contexto e elementos pertencentes ó propio

40 Outros exemplos de ironía abranguen valores recriminatorios e críticos como neste exemplo:

A. —I'm a reasonable man.

B. —Whereas I'm not (it's what you're implying).

A. —Eu son un home razoable.

B. —Ah, e eu non o son. (é o que estás implicando) (trad.lit. "Mentres que eu non o son") Sperber e Wilson (1981: 307) (tradución nosa).

receptor– coa información efectivamente transmitida. Canta máis información se almacene no contexto e forme parte do preprogramado, menos se necesita expresar na comunicación explícita; e viceversa, canta menos información se atope no contexto, máis se necesita codificar a información explicitamente na comunicación. Hall (1983: 60-61) expón o exemplo dos membros dunha mesma familia que poden utilizar menos palabras na comunicación, porque comparten información integrada, preprogramada no contexto mutuo familiar. Fóra do ámbito familiar, deben acometer unha enunciación precisa que delimite ben o significado da mensaxe porque os oíntes non comparten información do contexto. Nunha cultura AC, agárdase que o oínte sexa quen de ler “entre liñas” grazas ós coñecementos previos. Hall (1976: 91) subliña que “unha comunicación ou unha mensaxe de alto contexto é unha na que a maior parte da información atópase no contexto físico ou está interiorizada na persoa, mentres que moi pouca se atopa na parte codificada, explícita ou transmitida da mensaxe.” Exemplos disto son os seguintes diálogos de Castelao (53) a (55) – dous deles non publicados no seu momento por mor da censura, mais aparecidos na colección de debuxos e viñetas recompilados por Cid Fernández (2017). Nas imaxes falan dous homes:

- (53) –Faite médico, hom, que enfermos non faltan nunca.
–E a concencia?

Castelao (1971: 23)

- (54) –Moitas cousas pasan por imprudencia temeraria
–Si, si; pero por imprudencia temeraria tamén se pode chegar a ministro.

Castelao (1922-24, *apud* Cid Fernández 2017)

- (55) –Qué difícil é o latín!
–Moito máis do que pensan os cregos.

Castelao (1922-24, *apud* Cid Fernández 2017)

Pola contra, en (56), a fala do cacique é directa: sen ambigüidades expón a súa situación e o seu sentimento. Porén, a lectura e a interpretación crítica que busca Castelao é indirecta, grazas tanto ó título do debuxo (*Probiño!*) como ó contexto histórico, a ideoloxía do autor e a ideoloxía do potencial lector ó que vai dirixida a obra de Castelao. No debuxo aparecen dous homes moi ben atildados, fumando os apreciados e costosos habanos daquela. No texto un deles coméntalle ó outro:

- (56) A mí me maltratan, me persiguen, me injurian y todo porque soy cacique.

Castelao (1989 a [1961]: 43)

Á vista está, na mostra anterior, que o descoñecemento do contexto social e histórico desvirtúa a decodificación das mensaxes. Igualmente, a desatención ós códigos implícitos en culturas AC é xerme de multitude de malentendidos (*vid.* Miquel e Sans 1992). Por poñer só un caso anecdótico dos moitos que existen, Louis e

Khoudary (2021: 596) comentan as diferenzas culturais existentes entre unha muller estadounidense e unha libanesa. Estando a muller libanesa invitada na casa da estadounidense, esta última gabou o bonito bolso que levaba a muller libanesa, quen lle respondeu cunha fórmula feita rotinaria na que se lle ofrece o gabador o obxecto loubado مَهْدِيْم ("ofrézollo", "regálollo") (o que se adoita responder no Líbano ás gabanzas dun obxecto persoal, *vid.* Louis e Khoudary 2021: 596). A estadounidense, en troques de rexeitar cortesmente a oferta, aceptou o bolso sen aspaventos nin miramentos. Pensamos nós que pode ser que aceptara o suposto "agasallo" porque, dende a súa perspectiva, non quería rexeitar e desprezar o xesto da libanesa. A muller americana non percibiu que na resposta á súa gabanza só se cumpría cunha norma de cortesía, e xa se esvaera toda relación co significado literal "ofrézollo", "regálollo". Como resultado, bromean Louis e Khoudary (2021: 596), a amable libanesa regresou á casa coas súas pertenzas persoais nunha bolsa de plástico.

Nunha cultura de baixo contexto os significados decláranse explicitamente a través da linguaxe e pídense explicacións cando algo non queda claro, feito que non sucede moito nas de alto contexto por esa vaguidade consensuada e permitida socialmente. Como explica Hall (1976) a maior parte da información está na mensaxe transmitida para compensar o que falta no contexto: todo está codificado nas palabras e moi pouco no contexto. En definitiva, unha cultura BC caracterízase por unha comunicación explícita, directa, precisa, lineal, analítica e como apunta Hall (1976) "polo uso constante e ás veces interminable de palabras."

Na escala de Hall (abaixo) represéntanse nun *continuum* gradativo os países cuas culturas pertencen a AC ou BC. Concordamos coa adscripción dos catro países / linguas situados nos dous extremos da escala, mais a ubicación dalgúns países situados no medio pode xenerar dúbidas. Ó noso modo de ver, a escala adscribe, por unha banda, Xapón, países árabes, Grecia, España e Italia a culturas AC. Pola outra, Alemaña, países escandinavos e EEUU intégranse claramente como BC. Pola contra, dende a nosa perspectiva, interpretamos a posición de Francia e Inglaterra (o autor non menciona Escocia nin Gales, mais entendemos que se refire a todo o Reino Unido) máis perto da AC cá da BC, pola orientación á indireccionalidade non convencionalizada na cultura francesa (Marsily 2018) e, sobre todo na inglesa e irlandesa (Ogierman 2009; Kallen, 2005; Hickey 2005; Farr e O'Keffee 2002). Con todo, calquera adscripción no *continuum* cultural é móbil, xa que está supeditada ó relativismo cultural; isto é, a súa adscripción dependerá de con que outra cultura esteamos a comparar.⁴¹ Na escala gradativa –que se le en vertical– os países máis perto da

41 Alén da variación lingüística diastrática, diatópica, etc. que hai que tomar en conta na elaboración de escalas culturais, outro aspecto que promove dúbidas sería o factor do progresivo aumento do multiculturalismo en todas as sociedades e a impronta que está a deixar a globalización nas linguas. Porén, escalas como a de Hall son valiosas e inestimables ferramentas para esclarecer as relacións interculturais.

epígrafe adscribíense claramente á devandita epígrafe, quedando os países do medio a cabalo entre as dúas dimensións culturais:

Culturas de alto contexto (discurso implícito)

69

Xapón
Países árabes
Latino América
Grecia
España
Italia
Inglaterra
Francia
Estados Unidos
Alemania
Suiza de fala alemá

Culturas de baixo contexto (discurso explícito)

(Datos tomados de Hall 1976 e Hall e Hall 1990)

Na gráfica omítense moitas culturas, por exemplo a rusa e polaca que se relacionan coa forte direccionalidade e co contexto baixo (*vid.* Ogiermann, 2009: 36-37 para o ruso; Wierzbicka 1985 e Gąsior 2014 para o polaco). Comentan estas autoras que o carácter moi directo da enunciación, que pode resultar rudo e impositivo noutras contornas culturais, é para os falantes rusos e polacos unha mostra de sinceridade, cordialidade e solidariedade; porén, pola contra, perciben as enunciacións indirectas como unha perda de tempo ou –peor– como un indicio de manipulación que convida á desconfianza. Relacionado co emprego do contexto nas culturas AC, antes que intercambiar meramente información, nelas téndese a valorar máis as ligazóns afectivas entre as persoas e a coidar as relacións interpersoais, de aí que empreguen con maior asiduidade a indireccionalidade, a atenuación e o humor no lugar da direccionalidade, a ironía aceda, etc. As culturas árabes, as culturas asiáticas e india (tendo en conta en ambas toda a súa variabilidade, *vid.* Paulston 2012) preocúpanse máis por establecer e manter boas relacións sociais,⁴² desdeñando en parte a información explicitamente intercambiada. Proba deste aspecto que atinxe á importancia

42 Lembremos que a parte social das linguas ten peso en todas as sociedades, máis nunhas chega a se antepor á carga informativa. Scollon e Scollon (1995: 40) defenden neste sentido: “the choice of language in discourse is not simply a matter of practical choice governed by efficiency of communication of information. Every such choice is also a matter of the negotiation of the face of the participant.”

do mantemento das relacións nas culturas asiáticas, verificouse que os adverbios de dúbida en chinés mandarín son empregados en situacións de certeza por parte do falante, mais pretende amosar un posicionamento epistémico deferencial e cortés cara ó oínte, isto é, unha situación de incongruencia epistémica (*vid.* Yan 2019). Confróntese isto co postulado por Fant (1992, 2007), Haverkate (2004) e Hickey (2005: 322) entre moitos outros, que sinalan que nas conversas polémicas entre españois, a tendencia non é a atenuar as opinións, senón a reafirmalas, sen que a imaxe do interlocutor se vexa por iso ameazada nin danada. O mesmo cabe dicir do estilo comunicativo asertivo ruso e polaco. Continuando coas culturas de alto contexto, na mesma liña do xa dito, nun estudo sobre o xeito de introducir os temas nas conversas en chinés, Cheng, W. (2003: 53) demostra que nesta lingua non se introducen, como norma, os temas cruciais de conversa ata que se alcanza o momento axeitado, mesmo se o falante ten o dereito social a introduci-lo directamente dende o inicio, tese que ratifica a importancia do coidado das relacións interpersoais nas sociedades asiáticas orientadas a patróns conversacionais moi indirectos.⁴³ Nas sociedades asiáticas dáse mesmo o descrédito da comunicación directa, como subliñan Scollon e Scollon (1995: 139): “O asiático medio é algo máis escéptico sobre o valor da comunicación directa e informativa e valora máis a reflexión profunda sobre un tema” (tradución nosa).⁴⁴ A cita salienta unha cuestión non menor: o escepticismo que xira ó redor da comunicación directa e a valoración positiva, en cambio, da “reflexión profunda sobre un tema”. A cita lembra unhas palabras de Risco (1992 [1954]: 46): “O galego precisa madurar ben as cousas.” Esta preferencia e valoración positiva da indireccionalidade nas culturas de alto contexto demostra que nelas non conta tanto o que se diga directamente e con toda profusión de detalles, senón matinar no que se insinuou e tirar implicaturas de aí. A indireccionalidade, non esquezamos, permite liberdade ós oíntes que non se senten coaccionados nin a actuar nin a pensar dun determinado xeito. Trátase, en definitiva, dunha concepción da comunicación, da realidade e das relacións humanas diverxente respecto das culturas directas de baixo contexto.

43 Cheng, W. (2003: 53) afirma: “[...] Asians tend to adopt an indirect pattern. The Chinese inductive pattern can be adopted by a Chinese person to show that he or she is rather sensitive to other participants by delaying the introduction of the topic until the moment is right for it, even if that Chinese person has the right to introduce the topic. This is opposite to Western culture which uses a deductive rhetorical pattern for the introduction of topics, as the main purpose of communication is to exchange information.” (Cheng, W. 2003: 53) (“Os asiáticos tenden a adoptar un patrón indirecto. O patrón inductivo chinés pode ser adoptado por unha persoa chinesa para mostrar que é máis ben sensible ós demais participantes atrasando a introdución do tema ata que sexa o momento adecuado para iso, mesmo se esa persoa chinesa ten dereito a introducir o tema. Isto é contrario á cultura occidental, que utiliza un patrón retórico deductivo para a introdución de temas, xa que o principal obxectivo da comunicación é o intercambio de información.”) (tradución nosa).

44 No orixinal: “the average Asian is somewhat more skeptical about the value of direct, informational communication and place a higher value on thinking deeply about a subject.” (Scollon e Scollon 1995: 139).

Culturas individualistas vs. colectivistas

Continuando coa clasificación de tipos de culturas, Hofstede (2001, 2011) postula outra dimensión que permite clasificar as culturas: o concepto do colectivismo vs. individualismo. Este parámetro pretende medir o grao de integración dos individuos nos grupos de xeito que delimita o individualismo (importancia do individuo por riba do grupo, característico dos países occidentais) do colectivismo (importancia do grupo por enriba do individuo, asociado ós países de Asia oriental, países árabes e India). Mentres que no individualismo a identidade persoal está baseada no valor de cada persoa, no colectivismo a identidade persoal tende a identificarse e fusionarse co grupo. Cumprir as expectativas externas, as normas sociais e grupais resulta imprescindible en detrimento dos intereses persoais de cada individuo. Nalgúns estudos interculturais analízanse proverbios como expresión quintaesenciada da visión dos pobos; nese sentido a visión colectivista xaponesa reflíctese nun coñecido proverbio xaponés no cal se apreza a alta estima cara o colectivismo e o desdén cara o individualismo: "O cravo que sobresa se crava para abaixo." A forte ligazón entre as persoas no colectivismo podería provir dunha dependencia e necesidade mutua que favorece a creación de grupos sólidos. Non consideramos baladí mencionar que as culturas colectivistas coinciden en detentar carácter rural (como Xapón antes de se desenvolver economicamente) e presentan certo illamento xeográfico (pensemos nas culturas aborixes illadas, por exemplo). Nas sociedades illadas e rurais, a comunidade é máis importante có individuo, de aí que a sociedade rural galega historicamente sexa colectivista. Esta afirmación constátase na importancia de actos colectivos laborais e sociais como a sega, a matanza do porco, a vendimia, a rapa das bestas, o traballo en común das redeiras e mariscadoras etc. En todas estas mostras de colectividade, os veciños e grupos asístense uns ós outros configurándose relacións de dependencia mutua e solidariedade entre eles. Sen dúbida, isto está a cambiar en Galicia co proceso de desruralización.

En definitiva, podemos concluír que a conformidade co grupo, a empatía e a dependencia dos demais son trazos do colectivismo fronte á independencia e a autonomía típicas do individualismo. Na bibliografía sobre este tema sinálase a correlación existente entre este parámetro e as culturas BC / AC de Hall (1976) (*vid.* Duranti 2000). As culturas de baixo contexto tenden a favorecer o individualismo ó poñer máis énfase nos desexos individuais e logros do individuo, mentres que as culturas de alto contexto se orientan ó colectivismo como consecuencia de conceder prioridade ós vencellos interpersoais. Pódese entender que, como resultado da asunción dunha postura empática co oínte, os membros das culturas colectivistas prestan tal atención ó outro que son quen de adoptar unha perspectiva "exterior" de si mesmos, "coma se se viran a si mesmos dende os ollos doutra persoa" (*vid.* Hofstede 2001, 2011), todo o contrario da actitude que se contempla nos falantes egocéntricos.

Considérase a cultura norteamericana exemplo de individualismo⁴⁵ e, en troques, as culturas asiáticas, árabes e india (con toda a variabilidade no interior de cada unha delas) constituirían casos nidios de culturas colectivistas (Davies e Bentahila 2012; Paulston 2012). Porén, non debemos esquecer que as clasificacións das culturas se integran nun rico e disperso *continuum*, de xeito que o retratado nas definicións dos arquetipos ou modelos culturais son os dous extremos do *continuum* (Xapón, China vs. EEUU, por exemplo). Por outra banda, é ben sabido que as culturas cambian ó longo do tempo como resultado de diversos factores. Neste sentido, Félix-Bradesfer (2009) postula a tendencia cara o individualismo na sociedade mexicana a cal historicamente estaba enmarcada dentro das culturas colectivistas. Non entramos neste traballo na mudanza dos tempos e o seu efecto na sociedade e na fala, agás do xa comentado previamente en diversos puntos deste libro.

Polo que se refire ás prácticas comunicativas nestes dous tipos culturas, se ben é certo que a diferenza entre culturas AC vs. BC imprime unha demostrable impronta no discurso, en cambio, delimitar estilos comunicativos polo criterio colectivismo vs. individualismo resulta *a priori* máis complexo pola dificultade que comporta o seu discernimento. Porén, a diferenza entre culturas individualistas e colectivistas reflíctese, segundo Scollon e Scollon (2005: 147), nos estilos de comunicación. Os últimos autores relacionaron a fala indirecta co colectivismo e o individualismo coa fala directa. Ben é certo que tanto as culturas asiáticas como as árabes, de carácter colectivista, empregan a indireccionalidade. De acordo con Zaharna (1995:249), entre outros “a preferencia cultural árabe é polas declaracións indirectas, vagas e ambiguas. Isto, de novo, débese á función da linguaxe como lubricante social dirixida a promover a harmonía social” (tradución nosa).⁴⁶ Dado que para os colectivistas a súa relación cos demais é unha parte esencial do eu, e encaixar no grupo é máis importante que ser único ou independente, as estratexias de nivelación, de salvar a imaxe propia e a dos demais e o mantemento da harmonía interpersonal teñen unha importancia primordial nestas sociedades. Para previr rupturas de comunicación ou para previr que resulte danada a imaxe, os colectivistas prefiren utilizar a comunicación indirecta de alto contexto.⁴⁷

45 Na perspectiva individualista norteamericana descansa a motivación para moitos ditos populares semellantes ó seguinte, xa distorxionado do orixinal: “Dáme autonomía / liberdade ou dáme a morte”. A cita orixinal, que atinxía á liberdade, pertence ó contexto da guerra en EEUU por volta de 1775 cando o político americano Patrick Henry proferiu: “Is life so dear, or peace so sweet, as to be purchased at the price of chains and slavery? Forbid it, Almighty God! I know not what course others may take, but as for me, give me liberty or give me death!” (<https://en.wikipedia.org/wiki/Givemeliberty,orgivemedead>). Consultado o 10/ 3/2021).

46 No orixinal do autor: “The Arab cultural preference is for indirect, vague, and ambiguous statements. This again stems from the function of language as a social lubricant aimed at promoting social harmony.”

47 Cómpre dicir que a cultura inglesa parece reflectir individualismo e, ó mesmo tempo, nela se empregan a indireccionalidade e a atenuación como modo comunicativo (*vid.* Sifianou 1992: 41). Historicamente a cultura irlandesa, en troques, amosa maior colectivismo, se cadra en parte debido ó seu illamento insular e carácter rural.

Servímonos dun exemplo de indireccionalidade, tomado de Haugh, para ilustrar, ó noso xuízo, como a empatía característica do colectivismo é transmitida de xeito indirecto. Dende a nosa perspectiva, no exemplo a indireccionalidade funciona como mecanismo de petición harmonioso e eficaz. Trátase dunha insinuación de petición moi indirecta entre dous compañeiros de piso, insinuación que podería pasar desapercibida ó oínte pertencente a unha cultura individualista e de baixo contexto:

- (57) S. –What time are you leaving this morning?
 M. –Oh, in about an hour I suppose. Are you in a hurry to leave?
 S. –No, no. Just asking.
 M. –Would you like to use the bathroom first?
 S. –Yeah, sure, if you don't mind.
 S. –A que hora marchas esta mañá?
 M. –Ah, coido que nunha hora aproximadamente. Tes présa por marchar?
 S. –Non, non. Só preguntaba.
 M. –Queres usar o baño ti primeiro?
 S. –Si, vale, se non che importa.

Haugh (2007: 94) (tradución nosa)

No que concirne ás culturas individualistas, interésanos salientar o factor do “egocentrismo comunicativo” posto de relevo por aínda escasos autores. Nas culturas occidentais, en termos xerais, fálase dende unha perspectiva egocéntrica, orientándose o locutor só cara o seu contido e esquecéndose do receptor. As orientais adoptan a perspectiva do oínte, oriéntanse cara el, ó teren en conta empaticamente os intereses e sensibilidade dos locutores (*vid.* Keysar 2008: 3). Dito noutras palabras, a indireccionalidade, asociada ó colectivismo, permite contemplar a conversa e os eventos do mundo tendo en conta a perspectiva do interlocutor. Non cabe dúbida de que a indireccionalidade e o colectivismo forman parte dun *continuum* e que dende o prisma das culturas asiáticas, todas as culturas occidentais –de xeito global– son para as primeiras máis directas e individualistas.

Lembremos que determinado tipo de malentendidos culturais xorden por erros cometidos na comprensión dos implícitos nas situacións de excesiva indireccionalidade, pois se esquece que certos contidos, que pertencen só a un grupo cultural, precisan de ser codificados abertamente para que alguén alleo ó grupo sexa quen de interpretar a mensaxe. Contrariamente, unha conversa inserida nunha cultura individualista con explícitos directos e redundancia verbal pode resultar molesta para alguén imbuído nunha cultura AC.⁴⁸

⁴⁸ Hofstede (2011) propón máis parámetros á hora de clasificar as culturas como, por exemplo, o factor do grao de tolerancia á incertidume que os oíntes son quen de aceptar nas interaccións.

Culturas de achegamento vs. de afastamento

74 Neste recorrido pola categorización cultural ocupámonos agora dunha das tipoloxías máis influíntes para a análise das linguas que foi a realizada polo autor holandés Haverkate (1994; 2004) baseándose na teoría da cortesía de Brown e Levinson (1987) e na teoría de Hall (1976). Todas as teorías da cortesía coinciden en que esta é un principio de regulación social das interaccións, e xa que logo, polo seu carácter social, a cortesía está regulada por convencións socioculturais específicas que atinxen a cada cultura. Partindo desa premisa, Haverkate concebiu dous tipos de culturas (xa mencionadas previamente en moitos puntos do noso traballo) en función da cortesía que reflicten: as culturas de achegamento promotoras da cortesía positiva e as de afastamento que secundan a cortesía negativa.

As culturas de achegamento (proximidade ou solidariedade) tenden ó uso da cortesía positiva, por ex. a italiana,⁴⁹ castelá, grega, turca, marroquí, persa, etc. (i.e. culturas mediterráneas e podemos tamén engadir as árabes en xeral). Por outra banda, cataloga as culturas de afastamento como aquelas nas que prima a cortesía negativa. Entre elas podemos incluír a cultura holandesa, danesa, sueca, inglesa, irlandesa, alemá, norteamericana, chinesa, coreana, xaponesa e moitas linguas aborixes de América e Australia. Esta distinción entre achegamento e afastamento, vixente hoxe en día, foi secundada por moitos autores de diferentes culturas, o que proba o seu valor intercultural (Bravo 2004; Hickey 2005; Kallen 2005; Levisen 2012) etc. Albelda e Briz (2010: 248) explican este binomio cultural nestes termos:

En algunos patrones culturales se observa una tendencia a mostrar cercanía social, a acortar los espacios interpersonales, a interferir directamente en la esfera privada de los demás, a establecer puentes de relación y confianza entre los interlocutores. Otros modelos culturales se caracterizan, más bien, por lo contrario, por respetar el ámbito y el espacio personal de los demás, por mantener la deferencia y precaución en las relaciones sociales, etc. A las primeras se les considerará culturas de acercamiento, mientras que a estas últimas se las denomina culturas de distanciamiento.

Nas culturas de afastamento óptase por un estilo de interacción orientado á procura de consenso e respecto ó oínte, o cal provoca a presenza de maior atenuación e indireccionalidade nos enunciados que a que xorde nas culturas de proximidade.

49 Segundo Brandimonte (2005:197-199), baseándose en Arias (1984), a lingua italiana revela un comportamento máis atenuador e conciliador que a castelá. En palabras de Arias (1984) (*apud* Brandimonti 2005: 198): “Nunca los italianos son lingüísticamente tan drásticos como los españoles cuando tienen que ofender o defenderse o dar órdenes o condenar. [...] El español es radical y drástico casi en todo: actitudes, expresiones... El italiano es posibilista y conciliador. El español se rompe, el italiano se dobla. Italia es el país de la diplomacia. [...] En ella se enseña que ningún sí ni ningún no deben serlo nunca definitivamente. Por eso, para un italiano todo es posible, y no existen caminos sin retorno.” Cómpre facer estudos sobre este tema para verificar, dende un punto estritamente lingüístico, ata que punto estas afirmacións reflicten o emprego real da lingua italiana e castelá. As mesmas afirmacións poderían ser aplicadas a outras culturas, como a brasileira, á cal estereotipicamente tamén se lle aduce esta identidade cultural e estilo conversacional conciliador, flexible e posibilista.

O emprego, por exemplo, das oracións pasivas e impersoais, crean distanciamento entre o falante e o que di, ou entre falante e oínte.

En efecto, como defendeu Bravo (2004: 30), nas culturas de achegamento ou de cortesía positiva, a protección da imaxe negativa do falante non resulta tan prominente, de aí que actos potencialmente deterioradores da imaxe como peticións, ordes, rogos, queixas, críticas non comportan tanta mitigación porque os oíntes non se senten ameazados. O que asume importancia, en troques, é o reforzo da cortesía positiva, o sentido de pertenza a un grupo (afiliación ó grupo, termo proposto por Bravo) e a confianza mutua entre os membros, o que implica maior compromiso afectivo e emocional. Na óptica destes autores, esta afiliación pode acadarse a través dun discurso directo e abertamente confrontacional (Bravo 2004; Albelda e Briz 2010). Para eles, o estilo directo é reforzador da personalidade (a autoconfirmación da propia personalidade) e, xa que logo, socialmente moi ben valorado nestas culturas porque estreita os lazos de afiliación afectiva entre os participantes da conversa (Haverkate 1994; Hernández Flores 2004; Bravo 2004: 30). De acordo cos autores xa citados e con Hickey (2005: 319), a cultura española situaríase no extremo final do *continuum* da cortesía positiva (afirmase o mesmo para o grego, *vid.* Sifianou 1999[1993]).

En definitiva, seguindo a Haverkate (2004), Hernández Flores (2004), as culturas mediterráneas valoran a confianza, a reciprocidade, a solidariedade, a proximidade, a gabanza mutua e a autoafirmación do individuo aseverativo. Haverkate (2004: 66) considera que nas culturas de achegamento “se sobreentiende el derecho a reducir la libertad de acción del interlocutor”, de aí o maior uso de imperativos, as interrupcións e solapamentos da fala simultánea, os desacordos abruptos e frontais, etc. Os dereitos epistémicos do falante son marcadamente diferentes ós dereitos doutras culturas nas que calquera invasión do territorio informativo dos participantes supón infrinxir unha norma social con importantes consecuencias para o emisor. Como é sabido, en moitas culturas –non as de achegamento, certo é– o emprego dun imperativo a un camareiro (*Ponme unha cerveza*), calquera interrupción ou desacordo abrupto mesmo cun amigo (*Pero ti estás tolo!*; *Pero ti que dis!*) é considerado de mala educación. Fant (1992, 2007) comprobou que as culturas hispánicas mostran unha preferencia pola “atmósfera dialéctica” (*vid.* tamén Hickey 2005). Ben provistos de mecanismos de cortesía positiva, os falantes pertencentes a culturas de achegamento omiten ou reducen o uso da cortesía negativa por chocar esta última coa súa percepción da comunicación e co seu sistema de valores.

As culturas e a súa relación coa cortesía negativa, indireccionalidade e atenuación

Malia a correlación tratada anteriormente entre indireccionalidade e atenuación, por unha banda, e a cortesía, por outra, esta interdependencia non ten un alcance interlingüístico, feito posto en evidencia por numerosos autores (Blum-Kulka 1987; Ker-

brat-Orecchioni 2004, entre outros). A falta de correlación biunívoca débese, en primeiro lugar, a que a indireccionalidade / direccionalidade non necesariamente está asociada ó concepto de cortesía / descortesía, senón a outros fenómenos como a negación plausible (Pinker 2007), a mitigación altruísta para non danar o oínte sen que o falante obteña ningún beneficio a cambio (por ex, entre descoñecidos, norma ética social). En segundo lugar, varios estudos demostraron que a direccionalidade nas culturas alemá, polaca, rusa, xudía, mexicana e española non debe considerarse descortés, antes ben, é concibida como unha forma de expresar proximidade, empatía e afiliación (Blum Kulka 1987; Briz 2004; 2010; Félix-Brasdefer 2019). Por conseguinte, nestas culturas a indireccionalidade enténdese como unha estratexia que leva a confusión por non codificar claramente a mensaxe, dando como resultado prexuízos e creación de estereotipos. A inexistencia de correspondencia intercultural no concepto de cortesía significa que este está convencionalizado culturalmente: cada grupo cultural adopta certos mecanismos lingüísticos para ser cortés que quedan codificados só para esa lingua (Briz 2004: 71; Bravo 2004, 2021). Isto leva a apuntar a Briz (2004: 68): “un exceso de afiliación, de cortesía, pode provocar incomodidad; un exceso de autonomía pode derivar en descortesía.” En definitiva, a atenuación e a indireccionalidade poden comportar cortesía, respecto e proximidade ou, pola contra evasión e distancia dependendo das culturas. O mesmo mecanismo lingüístico recibe unha percepción e valoración social diferente, en función do esquema interpretativo e sistema de valores culturais dos falantes, motivo polo que agroman prexuízos etnocentristas. Wierbizcka (1985, 1992), Kamio (1997), Albelda e Briz (2010: 248) defenden que o sentimento de inxerencia contra a imaxe se percibe de diferente modo por persoas de diferentes culturas. Outros elementos socioculturais como a idade, o xénero e o estatus sociocultural dos interlocutores, a situación contextual inflúen á hora de percibir intromisións e ameazas e á hora de debuxar os límites dos territorios persoais.

En galego as estratexias corteses de protección asócianse a actos ilocutivos ameazantes e non ameazantes porque, mesmo en actos non invasivos, existe sensibilidade ó dano da imaxe de ambos os dous interlocutores, como defendimos. A aserción pode deteriorar a imaxe positiva do falante porque, debido ó grao de compromiso coa proposición expresada, exponse dita aserción á ratificación ou ó desacordo do oínte. A este respecto, Haverkate (1998: 48) explica que:

[...] no es raro que los hablantes que se hallan en un estado epistémico, convencidos de la verdad de la proposición expresada, atenúen la fuerza de su aserción incrustándola en una cláusula matriz del tipo *creo que...*, *pienso que...* y *me parece que...* Obviamente, estos hablantes procuran evitar dar la impresión de que imponen su opinión al interlocutor; a éste, por lo tanto, se le ofrece la oportunidad de formular una opinión divergente, sin que ninguna de las partes vea amenazada su imagen positiva.

Á vista de todo o exposto ata aquí, os estudos defenden que as culturas de achegamento desestiman o emprego asiduo de atenuadores debido á existencia dunha menor sensibilidade perante o concepto de ameazas á imaxe (*vid.* Albelda e Briz 2010: 249). Polo contrario, as culturas de afastamento decántanse por un maior uso de atenuación. Segundo esta perspectiva e de xeito paralelo, unha cultura de afastamento non favorece o uso de cortesía positiva valorizadora, mentres que unha cultura de achegamento fai acopio de gabanzas, intervencións colaborativas e solapadas –fala simultánea– que apoian o que din os outros (Albelda e Briz 2010: 250; 2004b: 28). No castelán peninsular (e no español de México), o concepto de cortesía diverxe do concepto de cortesía proposto por Brown e Levinson, a quen se lles criticou por exhibir un acusado etnocentrismo anglófono (*vid.* Kerbrat-Orecchioni 2004; Blum-Kulka 1987). Noutras variedades do castelán estudadas por Albelda e Briz (2010), nomeadamente o castelán chileno, a atenuación forma parte do discurso acotío. Tomamos de Albelda e Briz (2010: 249-250) o seguinte cadro:⁵⁰

Acercamiento	Distanciamiento
-Atenuantes	+Atenuantes
+Cortesía valorizante	-Cortesía valorizante
+Intervenciones colaborativas	-Intervenciones colaborativas
+Habla simultánea	-Habla simultánea
+Cercanía física al hablar	-Cercanía física al hablar
-Temor al silencio interaccional	-Temor al silencio interaccional

Como se observa no cadro, as culturas de achegamento favorecen a menor frecuencia de atenuadores debido á existencia dunha menor sensibilidade perante o concepto de ameazas á imaxe. Polo contrario, as culturas de distanciamiento son propensas a un maior uso de atenuación. Do mesmo modo, unha cultura de afastamento non favorece o uso de cortesía valorizadora, mentres que nunha cultura de aproximación, os eloxios e as intervencións colaborativas afiliativas que secundan o dito polos outros son moi ben recibidas (*vid.* Albelda e Briz 2010: 249).

En definitiva, son necesarios estudos encamiñados a comprobar a situación do galego en relación tanto ó parámetro contextual de Hall como ó criterio de cortesía de Haverkate. Só así verificaremos a que tipo de cultura pertence o galego, ou se comparte características dos dous tipos. Á vista dos datos analizados no corpus, vislumbramos certa tendencia a favorecer o emprego da cortesía negativa e a existencia dun contexto alto para construír o significado colaborativamente entre os participan-

⁵⁰ Non comentamos aquí os parámetros da escala destes autores por afastarse dos obxectivos deste traballo. Para a súa análise, véxase Albelda e Briz (2010: 250).

tes da conversa ou entre lector e escritor. Estes dous trazos posicionarían o modo de fala galega máis perto das culturas de afastamento, se ben a identidade galega tamén conserva íntegros os trazos de cortesía positiva valorizante propios das culturas de achegamento. Como xa comentamos, trátase dun *continuum* de carácter xeral no que non se teñen en conta os factores de variación lingüística (a xerarquía social, tipo de relación e xénero dos participantes, a temática da conversa, o contexto sociolingüístico no que ten lugar a conversa etc.).

I.VI Conclusións

Neste capítulo comezamos coa presentación dalgúns aspectos da visión estereotipada da cultura galega, de entre os cales diriximos a nosa atención á indireccionalidade, a atenuación e a retranca, sendo, os dous primeiros, fenómenos universais das linguas e culturas (*vid.* Thomas 1995:119). Na bibliografía lingüística arguméntase que ambos veñen instigados pola norma social de cortesía negativa de non querer imporse e dar opcións ó oínte, fronte ó característico do discurso directo no que a intención do falante é unívoca, pechada e non negociable. O discurso indirecto permite ó oínte máis flexibilidade á hora de interpretar a mensaxe, coarta menos a liberdade do oínte impregnando así ó falante dunha cortesía empática. Por este motivo, dende Leech (1983) e Brown e Levinson (1987) ata os estudos actuais, a cortesía negativa é a motivación máis alegada tras o uso indirecto e atenuador da linguaxe. Desgrazadamente, o seu estudo quedou case en exclusividade ligado a ese modelo de cortesía negativa e restrinxido a actos ameazantes –peticións, ordes, rogos, suxerencias, críticas, queixas, consellos, subornos, ameazas, discrepancias de opinión ou obxectivos contrapostos–, nos cales o obxectivo é salvar a imaxe de ambos os dous participantes. Os defensores da cortesía negativa como motor da indireccionalidade van un paso máis alá cando postulan a teoría do falante estratéxico que presupón a planificación e a intencionalidade manipulativa por parte do falante nalgúns tipos de actos de fala ameazantes. Agora ben, fixemos fincapé en que nin a cortesía negativa nin a teoría do falante estratéxico poden explicar os usos nin da indireccionalidade nin da atenuación. Por poñer só un exemplo dos vistos, a retranca non defensiva, que agocha tanto humor como indireccionalidade, desvencéllase de calquera interese estratéxico. Comprobamos ó longo deste capítulo que trala forma de fala indirecta das linguas xorden outras motivacións como son: a procura da intimidade e solidariedade entre os falantes; a expresión do humor sutil, como vimos coa retranca; o desexo de ser máis orixinal e interesante no discurso; a intención de non ofender con gabanzas persoais directas; a autocortesía como defensa educada ante intromisións agresivas e, finalmente, a intención de aumentar a eficacia e forza da mensaxe e estimular a intelixencia do oínte ó obrigarlle a unha maior involucración na recepción do discurso pola necesidade de inferir.

Nas prácticas comunicativas galegas recórrase á atenuación e á indireccionalidade de xeito semellante a como acoden a elas falantes de moitas linguas (*vid.* Thomas 1995; Grainger e Mills 2016; Louis e Khodhary 2021). As motivacións do seu emprego responden a unha ampla variedade de explicacións de sesgo tanto interesado coma desinteresado que acabamos de comentar. Ó igual que Sifianou (2012) defende que a indireccionalidade en grego é un fenómeno multifuncional que cumpre moitos cometidos culturais, podemos aplicar esa mesma idea ó caso do galego, máis convén un estudo detido sobre o tema. A proporción na que na lingua galega son empregados estes recursos lingüísticos é unha cuestión que require outro estudo diferente a este, estudo que *a posteriori* debería ser contrastado con datos doutras linguas e culturas para así acadar unha análise interlingüística e intercultural. Engadido á necesidade deste traballo por facer, preséntase a dificultade da enorme variabilidade no uso destes mecanismos debido á influencia que exercen os factores sociais como o estatus e xerarquía social dos falantes, o tema do que se fale e factores psicolóxicos da personalidade dos interlocutores. Esclarecer a función da (in)direccionalidade, da atenuación e da retransa no discurso, analizar a consideración e valoración que realizan os falantes delas (con que valores positivos ou negativos as asocia cada grupo cultural) e se estes efectos sobre os falantes son diferentes de cultura en cultura son factores pendentes de explorar.

Alén do estudo dos tres mecanismos discursivos, neste capítulo deixamos constancia da existencia na bibliografía dunha imaxe estereotipada que comunmente é atribuída á identidade colectiva galega. Fican moitos aspectos por dilucidar, se é que interesa tratar estas cuestións. En primeiro lugar, convén estudar o xerme destes produtos superficiais de visión sesgada e externa. No caso da lingua galega, evidénciase a existencia de estereotipos entre Galicia e Portugal recollida na fraseoloxía popular tanto portuguesa coma galega, campo que foi estudado por Grygierzec e Ferro Ruibal (2009). Estes autores fundamentan a orixe da creación de estereotipos negativos nas rivalidades existentes entre comunidades e países estremeiros nos cinco continentes. Da lonxeva mutua imaxe tópica entre Galicia, Portugal e Castela temos mostra, dende o punto de vista literario, fraseolóxico e histórico, nas obras de Alonso Montero (1974), Grygierzec e Ferro Ruibal (2009) e Peres Vigo (2020). A este respecto, cómpre traer a colación a seguinte cita de Grygierzec e Ferro Ruibal (2009:104):

Os pobos estremeiros esfórzanse por ter unha relación pacífica, pero as fronteiras non deixan de ser vellas cicatrices e as rivalidades latentes poden estar operativas en calquera momento. Son notorias entre franceses e españois, entre franceses e alemáns, entre alemáns e polacos, entre polacos e ucraínos; hai mesmo unha rivalidade triangular polaco-ucraíno-rusa, semellante á que existe entre galegos, portugueses e casteláns. [...] É coma se, para que xurda simpatía entre os pobos, deba haber distancia xeográfica e non se deba compartir fronteira.

A relación de culturas que gardan, manteñen e mesmo fan crecer hoxe en día no seu interior estereotipos positivos e negativos é extensa. Só por mencionar algúns dos exemplos máis coñecidos da contorna europea, citaremos as visións mutuas arquetípicas existentes entre belgas e franceses; francófonos e valones (no interior da Bélxica); irlandeses e ingleses; escoceses e ingleses; marsellese e o resto de Francia; napolitanos e o resto de Italia etc.

A inevitabilidade dos tópicos negativos creados sesgadamente entre culturas e países é proporcional á escasa fiabilidade que lle debemos conceder. O ollo humano non cesa de enxuzar e etiquetar etnocentristamente, de exercitar a súa forza e poder coa palabra. Sinalamos no capítulo que no dicionario da RAG na segunda acepción, figurada, defínese o estereotipo como: "2 Fg. Idea ou expresión que por ser moi utilizada é totalmente convencional e carece de orixinalidade e de significación." Nesta segunda acepción evidénciase a pouca credibilidade que se lles outorga por se tratar con frecuencia de falsas xeneralizacións de manido e superficial uso, pero de difícil desintegración, como apostilara Einstein: "Triste época a nosa! É máis doado desintegrar un átomo ca un prexuízo" (tradución nosa).

Cuestionar e negar a credibilidade dos estereotipos non debe entenderse como negación de que existan formas culturalmente diferentes de comunicarse. Non cabe dúbida de que os grupos culturais diverxen nos estilos comunicativos porque son culturalmente diferentes no seu modo de concibir as funcións da conversa, alén de que non comparten a mesma concepción das relacións interpersoais sociais. Comezamos este libro apuntando que, como subliñara Cheng, W. (2003: 1), a cultura pode influír no comportamento e no estilo comunicativo dun individuo, xa sexa directamente e subconscientemente –a través da socialización dende a infancia do individuo–, ou indirectamente –a medida que o individuo adquire conscientemente algúns modos lingüísticos da cultura. Por este motivo, acudindo a un vello concepto saussureano, para definir un estilo comunicativo non podemos basearnos só nas características lingüísticas en si mesmas; antes ben, debemos contrastar diferentes estilos tendo en conta en que tipo de culturas están inseridos eses modos de fala, sen caer no erro de vulgar e enxuzar etnocentristamente. Dende os estudos de comunicación intercultural deféndese a relatividade dos conceptos culturais, a inestabilidade dos xuízos, a fraxilidade dos clichés e, paradoxalmente, tamén se comproba a dificultade para deconstruír eses tópicos e prexuízos. Goddard e Wierzbicka (2000: 336) salientan esta relatividade ó facer referencia ós diferentes graos de indireccionalidade segundo os grupos culturais:

[...] cuando se comparan los modelos de habla japoneses con los ingleses, los primeros son descritos como "indirectos" y los segundos como "directos", pero cuando se compara el inglés con el hebreo, son los modelos de habla del inglés los que son "indirectos" y los del hebreo "directos". Estas diferencias tampoco son cuantitativas. Son cualitativas. Las culturas difieren en características como:

respecto de qué se debe ser “indirecto”, cómo serlo y, lo que es quizás más importante, por qué serlo.

No caso da imaxe estereotipada da fala e identidade galega, esta foi creada nunha cultura conversacionalmente distante no que atinxe ó eido da (in)direccionalidade e da atenuación. Desgrazadamente, ó agromar malentendidos e choques interculturais, adóitase extraer conclusións non sobre as peculiaridades da lingua e estilo conversacional, senón sobre as intencións e a personalidade dos falantes ou do grupo cultural específico, o que provoca a súa estigmatización (*vid.* Miquel e Sans 1992). 81

Ó longo deste capítulo defendimos que a creación de estereotipos xorde no contexto de sociedades distantes unha da outra. Pode ser o caso que o galego estea situado no *continuum* cultural a carón das culturas de alto contexto e de distanciamento, mentres que a lingua e cultura castelá se posicione máis perto do outro extremo do *continuum*, é dicir, perto das culturas de achegamento (tese defendida por Briz e Bravo) e das culturas de baixo contexto. Resulta a todas luces natural que se conformen tópicos mutuos se a comprensión dos comportamentos lingüísticos é diferente, e asemade, vai de seu que o descoñecemento do funcionamento doutras culturas con *modus operandi* diverxentes non permita desmontar as visións distorsionadas.

Xa para finalizar e seguindo a liña de pensamento iniciada por Kallen (2004) e Terkou-rafi (2019) a raíz da entrada na era dixital e a irrupción da globalización, lembremos que a confianza no coñecemento compartido –característica das sociedades de alto contexto que permite dar renda libre á indireccionalidade–, está a perder forza nunha sociedade de gran mobilidade, inmediatez da información e acusados cambios nas formas de relacións sociais. A medida que a sociedade se vai urbanizando e dixitalizando e, asemade, crece o individualismo, pode acontecer que a unión característica do colectivismo (tan favorecedora da cortesía e harmonía dentro do grupo e da confianza na información implícita) esmoreza, acarreado o enfeblecemento dos hábitos discursivos a ela asociados, nomeadamente os tres que abordamos neste capítulo.

Capítulo 02

A evidencialidade e a súa relación coa cultura

83

No capítulo anterior centramos o foco no eido de tres propiedades discursivas tralo cal nos detivemos na categorización dos tipos de culturas. Neste capítulo que iniciamos acometemos a labor de relacionar a evidencialidade en galego con factores culturais, acudindo para tal fin á mediación do concepto de territorio da información (Kamio 1994, 1997) e á noción pragmática de cortesía negativa xa vista.⁵¹ Partimos da tese, demostrada en varios estudos (Blum-Kulka 1987; Wierzbicka 1985, 1991, 1992, 2014) e comentada no capítulo anterior, de que o concepto de cortesía (e os territorios informativos) cambian de cultura en cultura (supérase, pois o anglocentrismo imperante nas primeiras propostas lingüísticas de cortesía). Asumindo esa idea, chegaremos á conclusión de que tanto as circunstancias de utilización da evidencialidade como o valor pragmático e social adscrito ó seu uso variarán entre as culturas por interactuar esta categoría, en contextos conversacionais, coa cortesía verbal e co territorio de información dos falantes. Para explicar esta interacción, en primeiro lugar describiremos o sistema evidencial galego e, de seguido, emprenderemos a análise do transfondo cultural. Serán, pois, os últimos apartados deste capítulo os que contemplarán as cuestións de índole cultural.

II.1 A evidencialidade: unha visión xeral

Tentar describir o funcionamento e significado das expresións evidenciais é un proceso que, probablemente en calquera lingua, nos conduce ante contidos multifacéticos que relacionan a lingua, a cognición e a sociedade. A decisión, moitas veces intuitiva, de plasmar na nosa fala o modo de acceso á información ou fonte de información na que nos amparamos e coa que lexitimamos o discurso, é reveladora non só do posicionamento epistémico do falante ante o contido do comunicado,

⁵¹ Por razóns de espazo, non analizaremos neste traballo a aliñación nin a afiliación, malia a súa importancia na configuración das identidades sociais dos falantes e a súa relevancia na cultura.

senón tamén doutros aspectos de sesgo social. Con isto último, referímonos tanto ás implicacións que revela a evidencialidade no que atinxe ás relacións epistémicas implícitas que manteñen os interlocutores entre si, en sentido amplo, coma a outras particularidades socioculturais subxacentes. Deste tipo de cuestións tratará este capítulo que comezamos cun achegamento descritivo a esta categoría.

Como indicamos na introdución, a evidencialidade concíbese como o dominio semántico-pragmático que indica as fontes ou orixe da información (Aikhenvald 2004: 1-3), dominio obrigatorio en aproximadamente unha cuarta parte das linguas do mundo e opcional noutras (*vid.* González Vázquez 1998, 2006).⁵² Nos últimos anos na bibliografía acadouse certo consenso para calificar a evidencialidade de categoría semántica, pragmática, cognitiva e funcional (*vid.* Boye e Harder 2009: 14), liberándoa, deste xeito, da restrición da manifestación exclusivamente gramatical que se propuña en moitos traballos (*vid.* Chafe 1986; Aikhenvald 2004). Grazas a esta concepción nocional e funcional ampla admítese, en paridade ós medios morfolóxicos, a súa transmisión mediante o léxico e así como mediante “un rico repertorio de dispositivos evidenciais” (Chafe 1986: 261) e “diversas estratexias evidenciais” (Aikhenvald 2004, 2014, 2018).⁵³ Acadouse tamén unanimidade para establecer, a nivel interlingüístico, a división entre fontes directas (o falante dispón de acceso a información de primeira man, xa sexa acceso visual, auditivo ou sensorial) e fontes indirectas (o falante non accede directamente á información que transmite, mais a infire ou a escoita de terceiros, o que se denomina fonte inferencial e fonte reportativa, respectivamente).

Exemplificamos cun coñecido exemplo da lingua tuyuca que posúe expresións gramaticais (afixos) para cinco significados evidenciais. Os verbos nesta lingua compóñense dunha raíz, que achega o contido semántico, e dun afixo evidencial obrigatorio. Para transmitir o enunciado “el xogou ó fútbol” existen cinco posibilidades: as dúas primeiras abaixo reflicten significados directos e, as tres seguintes, significados indirectos (Barnes, 1984: 256) (tradución nosa a partir do inglés):

⁵² Segundo Aikhenvald (2004, 2018), un cuarto do total das linguas existentes no mundo –fálanse 7.105 linguas en total, *vid.* Gordon 2005–, empregan a evidencialidade de xeito morfolóxico e obrigatorio. Boa parte delas son linguas aborixes de América do Norte e do Sur (familias quechua e aymara e principalmente da Amazonia), aborixes de Australia, linguas drávidas da India, linguas do Cáucaso (o sherpa, o tibetano e o akha), etc. En Europa, algunhas linguas balcánicas (o búlgaro, o macedonio e o albanés) e o estonio teñen morfemas gramaticais para expresar contidos evidenciais obrigatorios (*vid.* De Haan 2013). O resto das linguas, é dicir nas que non é obrigatoria a evidencialidade, empregan mecanismos de expresión léxicos (*vid.* De Haan 2013).

⁵³ Aínda así, Aikhenvald (2014) admite con reparos a amplitude desta categoría cando se concibe con valor funcional; isto é, cando calquera medio de expresión valería para expresar os contidos nocionais. Daquela, establece unha diferenza terminolóxica entre a manifestación gramatical á que denomina propiamente “evidentiality” e as manifestacións léxicas e sintácticas, ás que denomina “information sources”, por abranguer estas últimas un dominio conceptual máis amplo.

- (58) Dííga apé-wi
Fútbol xogar- VIS: 3 SG: PAS
El xogou ó fútbol (vino xogar)
- (59) Dííga apé-ti
Fútbol xogar-NOVIS: 3 SG: PAS
El xogou ó fútbol (escoitei o partido e escoiteino a el, mais nin vin o partido nin o vin a el)
- (60) Dííga apé-yi
Fútbol xogar-INFER:3 SG: PAS
El xogou ó fútbol (infiro a partir das evidencias que xogou)
- (61) Dííga apé-yigi
Fútbol xogar-CIT:3 SG: PAS
El xogou ó fútbol (obtiven esta información doutra persoa)
- (62) Dííga apé-hi-yi
Fútbol xogar-ASUM: 3 SG: PAS
El xogou ó fútbol (é razoable asumir que xogou)

Dependendo dos sistemas evidenciais das linguas xorden máis significados e múltiples subtipos (*vid.* Aikhenvald 2004: 59; 2021: 13; González Vázquez 1998, 2006). Alén dos cinco significados sinalados cobran prominencia outros valores como o mirativo, o intersubxectivo e o endofórico, se ben para nós estes tres constitúen connotacións contextuais e non significados evidenciais en por si, como comprobaremos en diferentes momentos ó longo deste capítulo. Outro significado que se presenta gramaticalizado mediante afixos nos sistemas é o significado do “coñecemento xeral” (*general knowledge*, Aikhenvald 2021: 64). Atópase en diversas fórmulas léxicas que indican o acceso ó coñecemento xeral tales como: *é sabido, sábese, como todo o mundo sabe, como ti e mais eu ben sabemos, como todos sabemos* etc.

Existen unha serie de condicións de emprego comúns ós diferentes sistemas. Unha delas ten que ver coa persoa gramatical, pois, en termos xerais os evidenciais non se empregan en primeira persoa porque non se realiza unha conxectura sobre un mesmo nin o falante se basea en palabras doutras persoas para se referir a si mesmo. Ocasionalmente, o uso de evidenciais en primeira persoa é posible nalgunhas circunstancias, xa que tal e como afirmou Aikhenvald (2004:9) “un inferencial ou un evidencial reportativo pode describir algo que o falante non lembra, ou non quere asumir a responsabilidade ou o fixo sen querer” (tradución nosa). Veremos en § 2.3.1. contidos inferenciais en primeira persoa catalogados como “evidenciais endofóricos” (Plungian 2001).

Xa para rematar esta breve descrición e volvendo á natureza da categoría, cómpre salientar que só en tres aspectos concorda a bibliografía: a) na opcionalidade e obri-

gatoriedade da categoría segundo as linguas; b) na concepción semántica, pragmática e funcional da categoría; e c) na división de contidos en directos e indirectos. Nestas tres cuestións remata o relativo consenso na bibliografía e comezan as diverxencias de opinións nas que nos deteremos brevemente.⁵⁴

86

Evidencialidade e modalidade epistémica

A principal polémica que acompaña a análise da evidencialidade concirne á aparente interdependencia, e mesmo confluencia, entre a evidencialidade e a modalidade epistémica. A modalidade epistémica expresa os graos de probabilidade (dende o posible ó necesario) de que un enunciado ou proposición sexa verdade ou de que un evento teña lugar nun mundo posible (*vid.* van der Auwera 1998; González Vázquez 1998, 2000, 2002, 2004 [2000]). Comunica, xa que logo, diferentes graos de incertidume e dúbida sobre o coñecemento de algo; isto é, a dúbida epistémica.⁵⁵ Como ben sinalou Aikhenvald (2004: 6), para poder contemplar a evidencialidade como “unha categoría por dereito propio, e non unha subcategoría de calquera modalidade”, esta debe cumprir o requisito de que o sinalamento do tipo de acceso á información constitúa o seu significado primario (*vid.* Anderson 1986; Boye 2012). A inclusión desta condición débese a que á evidencialidade foille imputado –por mor da visión etnocentrista nos estudos de linguas europeas, de acordo con Aikhenvald (2004; 2021: 20)– un compoñente modal de incerteza ou enfeblecemento do compromiso do locutor coa veracidade do que enuncia, co resultado de que a modalidade foi usurpando terreo ó contido evidencial nos estudos de linguas europeas (*vid.* Mushin 2001, 2013; Marín-Arrese *et al.* 2016). Dende a perspectiva que engloba a evidencialidade como subcategoría da modalidade, deféndese que mediante o uso dun evidencial o locutor non asume a responsabilidade do contido proposicional polo que expresa dúbida modal epistémica. Quere isto dicir, baixo o prisma desta concepción, que a simple indicación de inferir ou escoitar de terceiros a información transmitida rebaixa o grao de certeza na verdade do comunicado –o falante distánciase da información–, fronte ó que acontece coas fontes directas ou coa ausencia de fonte, dado que ambas supoñen a asunción da certeza do transmitido (*vid.* Dendale 2001). Un exemplo deste rebaixamento da certeza sería o seguinte no cal o falante atribúe

54 Na bibliografía a evidencialidade subsume moitas dimensións: a) tipo de evidencia (directa e indirecta); b) modo de coñecemento (visual, auditivo, sensorial, reportativo, inferencial); c) fonte de evidencia (+/- persoal); d) intersubxectividade, etc. Véxase Izquierdo Alegría (2019) para unha revisión dos parámetros envoltos na categorización evidencial.

55 O grao de necesidade, manifestado por expresións modais como *ten que + infinitivo*, é necesario *que, necesariamente*, xunto a expresións de aparente certeza como *é seguro que, seguramente*, indican dúbida, fenómeno que se califica na modalidade lóxica aristotélica de “paradoxa epistémica”. A indicación do grao de necesidade, por forte que sexa, rebaixa a forza e veracidade do contido fronte ós enunciados aseverativos: *Xoan ten que estar na casa vs. Xoan está na casa.* (*vid.* González Vázquez 2000). Se cadra, o efecto modal dubitativo que ás veces pode comportar a inclusión dos evidenciais no enunciado teña relación con esta paradoxa epistémica, tema pendente de estudo.

o dito a terceiros (fonte de información reportativa) en (63) e expresa unha conxectura da que non está certo en (64) e (65) (fonte de información inferencial con matiz modal epistémico):

(63) Ansina que, ao decir de Pero da Ponte, María Pérez voltou da Terra Santa tal coma fora... *Parece que* un dos xograres que gozou dos seus favores foi Pero de Ambroa que, coma sempre pasa, foi abandonado pola fermosa en canto topou outra comenencia.

TILG. Sempre matinando. Moure Mariño, Luís. 1971. Ensaístico.

(64) –*Debe ir* moi vello, pois ten algúns anos máis ca min.
–Non sabería decirche...

CORGA. A saga dun afiador. Fernández Ferreiro, Xosé. 1980. Narrativo.

(65) Naquel tempo, as relacións entre Vigo e A Coruña estaban tamén presididas por un alto grao de conflictividade, ás beiras da xenreira. Célticos e branquiazuis formaban tribos irreconciliables, aínda que se cadra naquel tempo as diferenzas non tiñan nada que ver coas tensións políticas, como *seica* ocorre hoxe en día. Era unha dialéctica máis ben deportiva, á procura do liderato futbolístico na Galicia.

CORGA. Historia do Deportivo. Flores, Xesús / Mejuto, Xosé. 1993. Ensaístico.

Ante este debate sobre a integración ou non da evidencialidade baixo a categoría modal, neste traballo consideramos que as fontes de acceso nada indican por si mesmas do valor modal epistémico da información transmitida⁵⁶ (*vid.* entre moitos, González Vázquez 1998: 50-52; 2006: 87-93; De Haan 1999; Wiemer 2006; Boye 2008; Cornillie, Marín-Arrese *et al.* 2016; Nuyts, 2017: 69; Henneman 2012). Coincidimos con De Haan (1999, 2005) na defensa de que a modalidade epistémica ten por cometido indicar explícitamente os graos de compromiso do falante cara ó contido proposicional (posible, probable, necesario), mentres que a evidencialidade sinala unicamente as fontes de información nas que o falante se apoia para fundamentar a súa proposición.⁵⁷ A reportativa atribúe a proposición a unha fonte externa sen implicar nada da súa veracidade ou probabilidade. Concordamos con van der Auwera e Plungian (1998) e Boye (2008) na asunción da independencia de ambas categorías

56 Agás no caso das perífrases modais *deber e haber de* nas cales se produce a confluencia indisoluble da evidencialidade inferencial coa probabilidade epistémica, cuestión que trataremos máis adiante.

57 O autor explica o deste xeito: “We are dealing with two distinct categories: one, evidentiality, deals with the evidence the speaker has for his or her statement, while the other, epistemic modality, evaluates the speaker’s statement and assigns it a commitment value. This evaluation is obviously done on the basis of evidence (which may or may not be expressed overtly, or which may or may not be expressed by means of evidentials), but there is nothing inherent in evidentials that would compel us to assign an a priori epistemic commitment to the evidence.” (De Haan 1999: 100).

e, asemade, na admisión da posibilidade de confluír as dúas nalgúns contextos. Boye explica esta independencia e confluencia ocasional nestes termos:

88 Evidentiality may interact with (epistemic) modality but it is not to be conflated with it. Evidential expressions (evidentials for short) add a certain argumentative rigour to the flow of discourse and –from a pragmatic standpoint– may have the effect of appearing to distance the speaker from taking personal responsibility for the view expressed, which in turn may signal their authority, empowerment and subsequent entitlement to ‘knowledge’.

Boye (2008: 154)

Vai de seu que as fontes, como veremos, poden exercer influencia sobre o posicionamento dos oíntes ante o contido enunciado, mais se trata dun posicionamento actitudinal e social, non de graos de probabilidade nin da expresión da dúbida explícita.

A falta de correlación modo-evidencial nas linguas permite a moitos autores a postular a ausencia de valor modal nos evidenciais (*vid.* González Vázquez 2000, 2006). Como subliñou Givón (1982:34): “One interesting detail concerning the use of evidentiality in narrative suggests that the relation between truth / certainty and evidentiality is not straightforward.” (“Unha cuestión interesante sobre o uso da evidencialidade na narrativa suxire que a relación entre verdade / certeza e evidencialidade non é directa.”) (tradución nosa). Un falante pode manifestar certeza absoluta ou confianza feble na proposición independentemente do tipo de marcador evidencial que empregue, pois a certeza depende de diversos factores: (a) o contexto interaccional; b) a actitude do falante cara ó contido proposición; c) a intención do acto de fala; d) a confianza na fonte de información específica. Non sempre o falante presta atención ós factores provenientes do exterior, sobre todo cando a conxunción de factores psicolóxicos, pragmáticos e culturais exerce máis peso á hora de determinar a forza modal do enunciado.

Neste sentido, Wiemer (2006) partindo de que a interpretación do evidencial por parte do oínte descansa na pragmática e non se deriva da decodificación directa da semántica evidencial, propón o agnosticismo: por medio dun evidencial o falante non se pronuncia sobre a veracidade ou a falsidade nin sobre o grao de factividade da proposición, límtase a deixar en mans do oínte a formación de calquera xuízo ó respecto. Este argumento é recorrente para defender a falta de valor modal nos evidenciais *per se*. Vexamos como o argumenta Fitneva (2001: 405):⁵⁸

58 No orixinal: “Since evidence is often inconclusive, speakers have an interest in providing source-of-information and getting input in determining what is reliable. The formation of two opinions allows the speaker and the hearer to debate and negotiate the meaning and significance of the information. If the goal of the speaker in providing the evidence for a statement is to solicit the opinion of the hearer, then this is another reason to reject the claim that the speaker, through the use of source-of-information markers, asserts an evaluation of what is said.” (tradución nosa).

Dado que as evidencias non adoitan ser concluíntes, os falantes teñen interese en proporcionar a fonte de información e obter achegas para determinar que é fiable. A formación de dúas opinións permite ó falante e ó oínte debater e negociar o significado e a importancia da información. Se o obxectivo do falante ó proporcionar as evidencias dunha afirmación é solicitar a opinión do oínte, esta é outra razón para rexeitar a afirmación de que o falante, mediante o uso de marcadores de fonte de información, realiza unha valoración do que se di.

Contrariamente, pois, á concepción que insire a evidencialidade no seo da categoría modal, a partir de exemplos do corpus ratificaremos a independencia destas dúas categorías (*vid.* Aikhenvald 2004, 2021; Squartini 2004).⁵⁹

Unha situación que se mantén á marxe desta independencia que aquí postulamos é a que acontece co significado conxectural cando este vén transmitido polos verbos auxiliares modo-evidenciais *deber (de), haber de e ter que*.⁶⁰ Se ben expresións como *semella que, parece que, aparentemente, polo que se ve, ó parecer, seica* marcan o proceso inferencial sen indicar o grao de probabilidade, os auxiliares inferenciais *deber e haber de* expresan o mesmo grao de probabilidade cás formas modais *é probable, probablemente*, o que se proba coa intercambiabilidade ou perfecta conmutación entre eles. No caso dos auxiliares modais conflúen, por unha banda, a inferencia como fonte de acceso á información, pola outra, a indicación do grao de probabilidade epistémica, sendo o proceso mental conxectural o que dá acceso a esa información posible / probable de valor modal (*vid.* van der Auwera e Plungian 1998; Plungian 2001; Nuyts 2017; Olbertz e Dall'Aglio Hattner 2018). Compróbase en (66):

(66) Supoño que o Lourenzo *ha de andar* por aí. Dálle o poema que vai tamén no sobre.

CORGA. A nosa cinza. Alcalá, Xavier. 1980. Narrativo.

Lembremos que a modalidade epistémica codifica explicitamente o resultado dun proceso cognitivo previo, sexa inferencial ou non (inductivo, deductivo, abductivo, convicción subxectiva; *vid.* Dendale 1994; Dendale e Tasmowski 2001). Tras ese proceso mental realizado polo locutor, asígnaselle un grao determinado de probabilidade. Con Nuyts (2017: 72-73) asumimos que, se ben a modalidade e a evidencialidade forman parte dun mesmo proceso de razoamento cognitivo, a evidencialidade in-

59 Dada a dificultade de demarcar os dous dominios, nos últimos anos, con todo, téndese a integrar as dúas categorías, xunto á factitividade, no amplo territorio da epistemicidade (Boye e Harder 2009). Así mesmo, todo entra en relación directa coa postura ou posicionamento epistémico “epistemic stance” (*vid.* Marín-Arrese 2013).

60 Non incluimos neste traballo mostras do auxiliar epistémico de necesidade *ter que* por non ser moi nido en todos os casos se o proceso cognitivo que agocha é unha convicción subxectiva / asunción subxectiva do falante –e polo tanto, non é evidencial– ou se o proceso cognitivo consiste nunha inferencia conceptual / perceptiva da necesidade do cumprimento do evento / da verdade da proposición a partir de evidencias. Por exemplo: *As luces están acesas, ten que estar na casa*, sería un evidencial inferencial perceptivo, porén ocorrencias transparentes deste tipo non son habituais. (*vid.* González Vázquez 2004 [2000]).

ferencial “refírese ó proceso de razoamento como tal” (como queda manifesto nas formas *polo que se ve*, ó parecer, *aparentemente* sen indicación de grao modal) mentres que a modalidade epistémica “non denota nada en absoluto canto ó proceso de razoamento que conduce á [...] valoración [epistémica].” Coa evidencialidade indicamos que a extracción dese coñecemento foi a través dunha inferencia, dun rumor, ou por medio de fontes sensoriais, independentemente do valor que lles asignemos, se se dese o caso de asignarlles valor. Alguén pode inferir algo e concluír con certeza absoluta sen deixar rastro da conxectura: *Xoán está na casa (infíroo porque ten as luces prendidas e o asevero sen dúbida)*. Pode, así mesmo, concluír cun xuízo modal: *Xoán pode que estea / pode estar na casa / é posible que estea na casa (porque ten as luces prendidas ou porque mo dixó a veciña)*. Detrás da modalidade existe un proceso inferencial ou outra fonte de información (dixomo a veciña), pero non viceversa, conforme subliñou Nuyts (2017). A evidencialidade en por si non implica ningún xuízo modal, algo que podemos comprobar nos seguintes tres enunciados: *Ó parecer Xoan está na casa, dixomo a veciña / Ó parecer Xoan está na casa, ten as luces prendidas / Disque Xoán está na casa / Seica Xoán está na casa*. Poden contextualmente desprender connotacións modais de dúbida, pero non necesariamente. En calquera caso, *sexa como for*, non equivalen ás expresións modais *é posible / é probable, posiblemente / probablemente / debe (de) / ha de* etc.

Outro factor de peso que incide na separación de ambas categorías é o valor déictico de perspectivización presente na evidencialidade, ausente, en troques, na modalidade epistémica (De Haan 2005; González Vázquez 2006: 184-189; Aikhenvald 2018, 2021). Así o explica Haßler explicitamente:

Deixis implies a perspectivation from the standpoint of the speaker, which the hearer, outgoing from his/her own discursive position, has to reinterpret. This concept of implicit perspectivation and deixis allows a differentiation of epistemic modality and evidentiality.

Haßler (2010: 239)

En González Vázquez (2006: 184-185) expúxose que a evidencialidade, grazas ó seu carácter déictico e perspectivizador (proporciona información relevante sobre o acceso do falante ó contexto no que ten lugar a información), posiciona a mensaxe e ó propio falante no contexto extralingüístico. De Haan (2005) defende este carácter déictico no sentido en que os evidenciais marcan a relación entre o falante e a acción que está describindo. Este anclaxe déictico serve para dirixir ó oínte a unha mellor comprensión do contexto comunicativo ó que se refire o enunciado expresado, transparente o grao e tipo de participación do falante no enunciado, isto é a súa implicación “física” ou non no que enuncia. Cappelli (2007) adopta esta mesma visión cando sinala que os evidenciais facilitan ó oínte a realización do procesamento da información.

Evidencialidade e postura epistémica

Seica de resultados de comprobar a fronteira difusa e os límites lenes entre a modalidade e a evidencialidade, os estudos evidenciais foron encamiñándose á procura doutros valores máis subxectivos e pragmáticos cá modalidade lóxica. En efecto, baixo a influencia da irrupción da análise do discurso, a evidencialidade foi ampliando os seus contidos con valores interaccionais e de posicionamento (*stance* e *epistemic stance*, Du Bois 2007; Heritage 2012), feito que propiciou que se prestara atención a connotacións como a atenuación cortés (Fox 2011; Clift 2006) e á intersubxectividade ou invocación ás fontes compartidas (Nuyts 2017; Grzech 2021). Dende pouco máis dunha década, a suposta función modal da evidencialidade foi substituída por unha función pragmática de alcance moito máis amplo: a postura epistémica do falante (*epistemic stance*) que, con fins interaccionais, discursivos e sociais, abrangue moitos máis contidos que a atribución de valor de dúbida ou incerteza modal. Traemos a colación a tese de Aikhenvald (2004: 354 para quen “os evidenciais constitúen un poderoso e versátil medio de manipulación do discurso: escollendo un evidencial indicamos a fonte de información e, se o evidencial ten connotacións epistémicas, tamén indicamos o que pensamos da información.” (tradución nosa).⁶¹ Así mesmo Mushin (2013: 635) afirma: “all evidential usage must be understood in terms of how speakers position themselves with respect to the content of their talk” (“todo uso evidencial debe ser entendido en termos de como os falantes se posicionan verbo do contido do que din”) e que a adecuada comprensión da evidencialidade no discurso debe entenderse como “a way of making the status of one’s knowledge ‘visible’ in discourse” (Mushin 2013: 628) (“unha maneira de facer visible no discurso o estatuto do propio coñecemento”) (tradución nosa) e non tanto como meras fontes de información. A evidencialidade coaduxaría a expresar as características epistémicas do conceptualizador en termos de autoridade, dereito a coñecer, implicación nos feitos, etc. (Fox 2001; Clift 2006; Sidnell 2012; Heritage 2012). Abordamos de contado a explicación da postura epistémica máis polo miúdo.

Este concepto foi introducido por Du Bois (2007: 144) e xurdiu de prestar atención á complexa relación triangular establecida entre o falante, a proposición emitida e o oínte. O concepto de postura epistémica, para este autor, concíbese como o acto de calibrar a relación entre dúas posturas; isto é, valorar a relación epistémica entre dous tomadores de postura (*stancetakers*) ou participantes na conversa. Inclúe a relación co contido do que se trate e a decisión de aliñarse (ou non) tanto co contido como co resto dos interlocutores (*vid.* tamén Clift 2006). En definitiva, a postura epistémica contribúe ó posicionamento do punto de vista do falante, á súa postura tanto en relación a un obxecto (por exemplo un tema da conversa) coma en relación ós ou-

61 No orixinal: “evidentials constitute a powerful and versatile means of manipulating one’s discourse: by choosing an evidential one indicates the information source and, if the evidential has an epistemic extension, also what one thinks of the information.”

tros participantes na interacción. Para Mushin (2001: 52), trátase da representación do estado dos coñecementos do falante –facer o coñecemento visible no discurso– e atinxe ós tipos de relacións que os falantes manteñen co coñecemento negociado nunha interacción. Concretando con expresións da fala esta proposta de Du Bois, Babel (2009: 487) afirma de *dizque* do español de Colombia: “[dizque...] is employed by speakers to manage the relationship among themselves, their audience, and their information source, using the concept of speaker stance” (“[dizque...] é empregado polos falantes para xestionar a relación entre eles mesmos, a súa audiencia e a fonte de información, usando o concepto de postura do falante.”) (tradución nosa).

Posteriormente, Heritage (2012: 6) definiu a postura epistémica como a expresión momento a momento das relacións sociais, o que inclúe a xestión do discurso mediante o deseño de quendas de palabra. Parte este lingüista da asunción de que os interlocutores perciben que teñen dereitos e responsabilidades epistémicas nas interaccións sociais, percepción que presupón a realización previa da “vixilancia epistémica” e que desemboca nunha actitude ou postura cara á información presentada na conversa. Por vixilancia epistémica, entende este autor, a atención ás crenzas, presuposicións e estados de coñecemento dos demais que provocan axustes no discurso. Os interlocutores no diálogo realizan un seguimento do que os outros saben ou descoñecen, contrastan se os seus propios coñecementos están relacionados co coñecemento dos demais, e así mesmo, son sensibles ós límites dos territorios informativos privativos de cada participante. Por conseguinte, estar atentos ós implícitos, ó coñecemento compartido, á autoridade epistémica e ós dereitos epistémicos a aseverar conforman todo conxuntamente este mecanismo cognitivo de control discursivo (*vid.* García Ramón 2019; Grzech 2021). Veremos isto en § 2. 4.1.

A transferencia deste complexo concepto de postura epistémica ó campo específico da evidencialidade foi levada a cabo –se ben non de xeito explícito– primeiramente nos traballos de Kamio (1992, 1997), Mushin (2001, 2013), Fox (2001), Clift (2006), Cappelli (2007), Boye (2012), Marín-Arrese *et al.* (2016), Carretero (2004), entre outros. Estes traballos demostraron que xunto ós usos “rectos” –en termos de Clift (2006)–, que indicaban mero acceso á información, aparecían outros valores “dislocados”: os evidenciais desprendían matices de autoridade, intensificación, atenuación, etc. Como resultado deste cambio de enfoque máis amplo, a evidencialidade subsume agora a atención ó oínte e ó conxunto global do coñecemento epistémico no que ten lugar o discurso, xa sexa discurso interaccional ou monologado (co lector e oínte implícitos). Pasan a terse en conta conceptos como o coñecemento previo do oínte, o contexto interaccional, a intersubxectividade (coñecemento en común entre os interactuantes na conversa), as estratexias de cortesía, o cambio de quendas conversacionais. Isto permite rexistrar nas linguas significados evidenciais intersubxectivos que integran a perspectiva do oínte e a perspectiva múltiple (Hintz e Hintz 2017; Berqvist 2017) que ten validez tamén para o galego. Trátase de significados

nos que a fonte de información é compartida polo falante e o oínte, como veremos en § 2.4.2. Engadido a todo o que acabamos de comentar, comprobouse, asemade, que os evidenciais fomentan un estilo cooperativo non categórico xa que estimulan a participación do oínte e o cambio de quendas conversacionais (*vid.* Cornillie e Gras 2015: 155).⁶²

Como parte desta ampliación da evidencialidade cara a contidos de postura epistémica, debemos facer especial énfase na teoría do territorio de Kamio (1992, 1993, 1997). Este autor demostra que no xaponés, coreano e chinés mandarín, o uso dos evidenciais cumpre unha función de demarcación do territorio de información dos interlocutores, que analizaremos en § 2.4.1. Tal demarcación das fronteiras dos territorios ten unha base cultural. Os falantes son sensibles ós límites do seu territorio de información e ós do oínte e, asemade, son conscientes dos seus dereitos conversacionais. Cada falante decide que información entra no seu territorio e que información estima que non lle pertence. Por estas dúas razóns, tanto a autoridade epistémica (“epistemic authority”, i.e. quen ten dereito a afirmar algo independentemente da fonte de información na que se basee) como a vixilancia epistémica cobran importancia na decisión do emprego da evidencialidade (Hintz e Hintz 2017; Grzech 2021). Como se poderá deducir, pola existencia da “autoridade epistémica” en todas as linguas danse casos de “incongruencia epistémica” en situacións nas que o estatuto epistémico do falante (i.e. o coñecemento real que ten da información) é superior á súa autoridade epistémica (i.e. o dereito que ten a afirmar), e en consecuencia, a postura epistémica que vai presentar no seu discurso (a actitude cara á información presentada na conversa) non é congruente co seu estatuto epistémico. Na nosa análise verificaremos que no uso dos evidencias danse casos de incongruencia epistémica por este desequilibrio entre o estatuto e a postura efectivamente presente na interacción. Todo redunda na afirmación de que na decisión de usar un marcador evidencial inflúe a postura epistémica que o falante desexa mostrar (suxeita esta postura á percepción previa dos territorios de información, *vid.* Kamio 1997; Sperber *et al.* 2010; Heritage 2012).

Existen estudos que acomodan a miratividade no interior da evidencialidade, aproximación que non compartimos. Esta categoría expresa a sorpresa do falante ante información non agardada (*vid.* Lazard 1999; De Lancey 2001; Olbertz 2007) e nada sinala sobre a fonte de acceso á información en si mesma, agás o resultado de sorpresa inesperada ante a recepción dunha información súbita. Un exemplo disto, e que figura recorrentemente no corpus, é o seguinte, no cal *seica* expresa estrañeza e sorpresa:

62 Subscribimos as palabras de Cornillie e Gras (2015: 155): “Evidential markers enable assertions for which the speaker has no direct evidence and for which he or she seeks more information from the speech participants. Thus, evidential markers add to the development of the sequence.”

(67) Pilaira –Agora xa ha de estar frío.

Climente. –O mesmo dá, tratándose de raxo, esquénzome de todo. ¡Hastra do burro do teu home...! Dispoñéndoś'a cear). Bota pr'acá ese coitelo.

(Síntese petar fóra).

Pilaira –Seica petan no portal...

TILG. N'a casa d'o ciruxano. Xoguete cómico.
Rivero, Roxelio. 1919. Teatro en prosa.

94

O valor inferencial de *seica* está ausente no exemplo ou queda cancelado polo feito de que o contido enunciado –petan no portal– non é resultado de ningún proceso inferencial. *Seica*, que sinala a sorpresa por un evento que non se agardaba, acompaña aquí a un enunciado de contido veraz, factual e accesible a todos os participantes Ademais de expresar sorpresa, a súa presenza pode ter relación coa forma de presentar a información. Sinalamos antes que o falante decide que información –sexa ou non certa– pertence ó seu territorio persoal e cal non. Dado que non se trata de información en exclusividade do falante senón intersubxectiva –todos os presentes teñen acceso a ela–, non lle interesa á muller presentala como propia. Dito doutro xeito, non se considera a única presente na situación coa potestade de afirmar o enunciado como algo propio de seu porque todos o escoitaron canda ela. Pilaira está, digámolo así, exercendo a vixianza epistémica que lle alerta da conveniencia de incluír un evidencial. Lembremos que neste tipo de situacións, de non empregar o evidencial, ás veces xorde a resposta: *si, xa o escoitei*, ou mesmo a xocosa ironía: *non estamos xordos*. Polo tanto, por esa comunión entre todos os presentes na recepción da nova información, Pilaira ademais de facer partícipes empaticamente ó resto dos presentes, protexe a súa imaxe. A glosa equivalente podería ser: *Polo que podó escoitar parece que / Como todos estamos a escoita petan no portal*. Veremos este compoñente de intersubxectividade no § 2.4.2

Os significados evidenciais indirectos

Deixando á parte o debate da confluencia e interacción entre a evidencialidade e outras categorías e entrando xa na definición dos significados evidenciais en por si, dende unha perspectiva tipolóxica demostrouse que o sistema indirecto máis habitual nas linguas é o que divide os significados indirectos entre o inferencial e o reportativo (Aikhenvald 2004, 2018). Dentro do territorio inferencial discírnense tres tipos de inferencia: a inferencia fundada na percepción (i.e. baseada en resultados perceptivos externos visuais, auditivos, etc.); a inferencia conceptual baseada no razoamento a partir do coñecemento do mundo e das propias intuicións (Aikhenvald 2004: 65; Squartini 2001, 2008).⁶³ Por último, a inferencia baseada en rumores e in-

⁶³ A proposta de Squartini (2008: 930), na que se basea en parte esta clasificación, diferencia: 1) Inferencia específica: baseada en evidencias externas; 2. Inferencia xenérica: baseada no coñecemento xeral; 3. Conxectura: “only based on the speaker’s own reasoning excluding external evidence.” A conxectura, de

formes (*vid.* Marín-Arrese 2013). En galego acódese, de xeito sempre opcional, a unidades léxicas para transmitir inferencias, nomeadamente, expresións verbais como os auxiliares *deber* (*de*), *haber de*; o verbo perceptivo *ver* en primeira persoa (*vexo que*) e terceira persoa singular (*vese que*); os verbos evidenciais *semella* / *parece* + infinitivo, *parece* / *semella que* + cláusula, xunto ás expresións adverbiais ó parecer, *supostamente*, *aparentemente*, *polo visto*, *polo que parece*, *polo que se bota de ver e seica*⁶⁴ (*vid.* González Vázquez 2021; González Vázquez e Domínguez Romero 2022). Neste conxunto de expresións o galego afástase dalgunhas linguas románicas e das xermánicas por posuír dúas formas non equivalentes entre si, *semellar* e *parece*, para os cognados do verbo *parecer* nas outras linguas (agás en catalán, italiano e francés que presentan as homólogas *semblar*, *sembra*, *sembler*, respectivamente). Así mesmo, afástase doutras linguas pola existencia da unidade idiosincrásica *seica*.⁶⁵

Verbo do significado reportativo, as linguas codifican dous tipos: o propiamente reportativo e o significado citativo (Aikhenvald 2004: 177, 2018). O primeiro concirne á información de terceira man, tanto a que o oínte escoitou sen poder dictaminar a súa fonte específica (non provén dunha testemuña directa) como a información procedente do folclore, tradición oral, coñecemento común compartido, mitoloxía, etc. (subtipos i) e iii) de Willett, 1988: 96).⁶⁶ Respecto do evidencial citativo, este leva inserido no contexto, e mesmo no enunciado, ó autor específico da información (Aikhenvald 2004: 177; Lampert e Lampert 2010), do que se deriva que garda semellanza co estilo indirecto de autoría coñecida porque inclúe o confidente como un participante activo do contido proposicional. Se seguimos os principios postulados tanto por Anderson (1986) como por Boye e Harder (2009), o feito de que o modo de acceso á información non constituía o seu significado primario e a peculiaridade de agochar un estilo indirecto encuberto son dous factores que, ó noso parecer, permiten desterrar o contido citativo da evidencialidade.⁶⁷ Centrarémonos, por conseguinte, no significa-

baixo compromiso por ser unha hipótese subxectiva, constitúe a inferencia situada máis perto da modalidade epistémica (*vid.* van der Auwera e Plungian 1998; Cornillie 2009; Cornillie, Marín-Arrese e Wiemer 2016).

64 Álvarez (1986: 466) afirma que *polo visto*, *polo que parece* e *polo que se bota de ver* son sinónimos de *seica* e *disque*.

65 Pode verse en Domínguez Romero et al. (2022) o estudo de *diz* que e outras formas evidenciais da lingua portuguesa.

66 Cómpre aclarar aquí que o que Willett califica como “Second-hand evidence” equivale a citativo: “the speaker claims to have heard of the situation described from someone who was a direct witness”, “he says” Willett (1988:96). Pola súa banda, “third-hand evidence” equivale a “hearsay” ou reportativo (i.e. impersonal): “the speaker claims to have heard about the situation described, but not from a direct witness”, “they say”, “it is said”, “I heard”, “I hear tell”. Aikhenvald (2004: 177) apuntou a pertinencia de distinguir estes dous valores: “If a language has two reported type evidentials, the most common distinction is that between reported (stating what someone else has said without specifying the exact authorship) and quotative (introducing the exact author of the quoted report).”

67 Non constituír en si mesmo contido proposicional nin formar parte del é a segunda condición que postulou Anderson (1986: 274-275) para recoñecer a evidencialidade. Dedúcese, polo tanto, que actúa

do reportativo que en galego se manifesta mediante as formas *seica*, *disque*⁶⁸, *dise que*, *polo que din*, *segundo din*, *segundo escoitei*, *polo que teño escoitado*, *contan que*, *parece ser que*, *parece que*, *aparentemente* e *ó parecer*.

- 96 Para tratar todas estas cuestións que acabamos de bosquexar, basearémonos como apuntamos na introdución, na análise cualitativa de exemplos tomados do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) e do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG). Non podemos acometer unha análise diferenciando o tipo de categoría textual nin a temática, nin tampouco deternos nas diferenzas de xénero, variantes todas elas que, sen dúbida, poden influír na escolla dos evidenciais. A metodoloxía empregada segue os preceptos da análise onomasiolóxica: partindo dos significados semánticos chegaremos ás formas ou marcadores coas que se manifestan.

I. II Evidencialidade indirecta en galego

En galego analizáronse, tanto dende un punto de vista sincrónico como diacrónico, dous adverbios evidenciais: *seica* e *disque*. Rosales (2000) céntrase en dirimir se o significado de dúbida é un valor inherente nestas dúas unidades, tal e como como afirman as gramáticas (*vid.* por ex. Álvarez *et al.* 1986).⁶⁹ Dous dos exemplos que aduce para rexeitar a dúbida como parte integrante de *disque* e *seica* son os seguintes (Rosales 2000: 379-380) (*vid.* González Vázquez 2022a):

(68) O mariñeiro *disque* viu unha serea, mais eu coído que mente. (O Correo Galego 6/8/97).

(69) [...] un relatorio presentado no Congreso Internacional de Socioloxía da Cidade de México que *seica* non foi publicado.

Menciona moi brevemente un aspecto ineludible, ó noso xuízo, para a delimitación da evidencialidade e a modalidade: "Lo que se quiere comunicar con (13 [= 68]) no es duda. Más bien, el enunciado en cuestión es atribuido a alguna persona (no mencionada), lo cual en sí puede suscitar dudas, pero esto ya es parte de la interpretación pragmática del enunciado, no de la semántica." (Rosales 2000: 380). A cita incide no dilema que contorna á evidencialidade, xa que, en último termo, trata da distinción

como un operador periférico externo ó contido proposicional, aínda que isto no se ten en conta en moitos traballos de concepción ampla desta categoría. Na mesma liña exprésanse Boye e Harder (2009: 23-27) ó caracterizala como un comentario secundario acerca dun contido principal.

68 Como apuntou Sousa (2012) a formación de *disque* coincide na súa orixe co *dizque* castelán medieval e presenta similitudes semánticas co *dizque*, de emprego cotián hoxe en día en México, Colombia e noutros países latinoamericanos (Travis 2006; Olbertz 2007; De la Mora e Maldonado 2015), así como co impersonal *diz que* do portugués (Casseb-Galvão 2001; Sanromán 2020; Domínguez Romero *et al.* 2022).

69 Este autor non emprega o termo evidencial nin segue, xa que logo, a clasificación de significados aquí exposta, porén, estuda o valor modal epistémico de dúbida nestas dúas partículas, independentemente da terminoloxía empregada.

entre a semántica de contidos invariantes e a pragmática contextual e interpretativa; é dicir, se o significado codificado coincide ou non coa interpretación que realiza o oínte acerca do que profire o falante (*vid.* Wiemer 2006; Sperber *et al* 2010). En § 2.3.1 e § 2.3.2. rexistramos exemplos de marcadores evidenciais sen connotacións de dúbida, o que sanciona e ratifica o significado invariante evidencial destes dous adverbios.

A seguir, presentamos as aproximacións que, ó noso xuízo, máis interesan para a descrición semántica e pragmática destas partículas, e eludimos, pois, a caracterización formal que atinxe á gramaticalización, restricións sintácticas e propiedades formais.⁷⁰

Análises de *disque*

Dende unha perspectiva contrastiva, Cruschina e Remberger (2008) examinan os marcadores reportativos equivalentes a *disque* en romanés, siciliano, sardo e galego. Guíanse polos catro contidos establecidos por Travis (2006: 1278) para o *dizque* do español colombiano.

- 1) “Reportative use” (“second-hand” de Willett ou valor citativo neste traballo) que identifica a autoría específica da información no contexto.
- 2) O significado “hearsay” (o valor reportativo neste traballo), con el non se identifica ó informante.
- 3) O significado dubitativo desglosado en a) significado mirativo ou sorpresa ante información inesperada e b) falsidade ou negación do contido que se presenta.
- 4) O significado de etiquetaxe “labelling” (Travis 2006: 1291) que opera como un modificador de frase nominal. Un exemplo deste último significado é o seguinte de *dizque* colombiano (*apud* Cruschina e Remberger 2008: 106):

(70) Se presentó como *dizque* narcotraficante.

Travis (2006:1279)

Cruschina e Remberger (2008:106-109) recoñecen en exclusividade o significado “hearsay” (reportativo) como o único presente no *disque*, galego polo que desbotan a presenza de ocorrencias co valor de etiquetaxe, co valor “dubitativo” (mirativo e falsidade) e o significado citativo. No noso corpus rexistramos casos de mirativo e do valor citativo (aínda que neste traballo constitúe unha variante encuberta do estilo

⁷⁰ Pode verse en González Vázquez (2021, 2022) un estudo máis detido sobre os traballos realizados ó redor de *disque* e *seica*, aquí só exposto en trazo grosso. Así mesmo, *vid.* en González Vázquez e Domínguez Romero (2022) unha análise pormenorizada dos marcadores evidenciais en xeral.

indirecto). Ilustraremos máis adiante, en § 2.3.3., exemplos de mirativo e deste valor citativo visible acotío na combinación: “segundo X...*disque*”, “segundo X...ó parecer”. Pola súa banda, Sousa (2012) tamén confirma que o valor fundamental de *disque* é reportativo. A moso datos que ratifican que este significado se ve incrementado frecuentemente co valor de dúbida, se ben, defende que a incerteza non é inherente a *disque*. Sousa, ademais do significado reportativo, identifica casos do valor citativo, pois, tal e como sinala “en el contexto es posible identificar a la persona o grupo de personas a las que se atribuye el origen de la información marcada por el *disque*” (Sousa 2012: 91). Concordan os tres autores en que o significado de etiquetaxe de Travis (2006) tamén está ausente nos datos analizados.⁷¹ Coincidimos con estes tres autores na inexistencia de *disque* con valor exclusivamente epistémico de dúbida e falsidade, pois, conforme subliña Sousa (2012: 91), esta unidade, como verbo de lingua que é, non perde nunca o valor reportativo.

Outro traballo ó redor desta unidade contrasta *dizque* do español de América, *diz que* portugués e *disque* galego (Sanromán 2020). Esta autora distribúe os valores semánticos desta unidade en tres grupos (1) evidencial, (2) epistémico e (3) non-evidencial/non-epistémico (Sanromán 2020: 9). A distinción entre o grupo 1 e 2 corresponde ó habitual binomio entre evidencial sen matiz epistémico e o evidencial con matiz epistémico, aínda que para esta autora no segundo grupo prima o valor epistémico sobre o evidencial, de aí que o catalogue como “epistémico”. O grupo 1, o estritamente evidencial, divídeo en tres subtipos: i) o reportativo de fonte descoñecida ou impersoal; ii) o reportativo relativo ó folclore e verdades xerais compartidas por toda a comunidade e iii) o “narrative device” (*dispositivo narrativo*), seguindo a Gasseb-Galvão (2011: 327) equivalente á frase feita “érase unha vez” de emprego nas narracións literarias. Este terceiro subtipo revélasenos de complexa distinción fronte ó segundo subtipo (o folclore). Ó respecto do significado citativo en galego, esta autora afirma non atopar ocorrencias del no seu corpus (Sanromán 2020:10). Finalmente, no grupo tres, descobre tres valores externos á evidencialidade e á modalidade: o mirativo, a falsidade e a cortesía, sendo para nós os exemplos de cortesía negativa que propón subtipos do valor citativo (excluído xa que logo da evidencialidade e incluído no estilo indirecto). Canto ó valor de falsidade, que non incluímos neste estudo, atopa un posible exemplo no corpus, aínda que o presenta con moitas reservas.

Para resumir esta breve exposición das diferentes achegas a *disque*, concluímos que existe consenso en dous aspectos: o valor reportativo é recoñecido unanimemente e o valor de etiquetaxe é desbotado tamén por todos os autores. O significado de falsidade é rexeitado por Cruschina e Remberger (2008) e Sousa (2012), mentres que Sanromán (2020) o deixa en suspenso. Canto ó valor citativo, Cruschina e Rem-

71 A ausencia de dúbida en *disque*, coa que concordamos, érguese frontalmente en contra da tese postulada por Olbertz (2005) e Travis (2006) que consideran que *dizque* do español colombiano e mexicano é un adverbio modal epistémico non evidencial.

berger (2008) e Sanromán (2020) non o admiten fronte á postura contraria de Sousa (2012), quen si o integra. De todo o anterior dedúcese que as aproximacións e concepción dos significados evidenciais desta unidade son diversos dada a dificultade interpretativa dos moitos matices que comporta.

99

Análises de seica

Ata agora temos consignado estudos sobre a forma *disque*, porén, o adverbio *seica* ten recibido atención, como ben é proba o traballo de Cidrás (2016). A súa análise céntrase na gramaticalización e na evolución histórica da semántica desta partícula, para o cal efectúa unha proposta diacrónica do camiño acontecido na adquisición dos sucesivos valores pragmáticos que foron enriquecendo o seu significado invariante, que non é outro có de modal de dúbida, na visión deste autor. Para Cidrás, dende o significado orixinario aseverativo "sei que", chégase, hoxe en día, ó valor pragmático reportativo, pasando previamente polo significado modal epistémico, co que coexiste na actualidade. Como acabamos de mencionar, *seica* expresaría inherentemente en todos os contextos un significado invariante modal epistémico, tal como afirman as gramáticas, e non un valor evidencial reportativo, secundario para este autor. Nas súas palabras:

Os modalizadores do grupo B (tipo KNOWC, Gal. *seica*) son de seu marcadores epistémicos que poñen de manifesto un distanciamento ou falta de compromiso do emisor cara ao contido da súa mensaxe. Eventualmente, en determinados contextos pragmáticos, estas formas poden expresar de maneira secundaria valores evidenciais, como ocorre acotío nas linguas cun sistema evidencial pouco gramaticalizado (Hassler 2004); pero iso non as converte en marcadores evidenciais propiamente ditos, senón que se trata dunha evidencialidade parasita.

Cidrás (2016: 4)

No proceso de cambio semántico, *seica* comeza con valo aseverativo, pasa polo valor inferido, que é o invariante, e refórzase contextualmente co valor reportativo. O emprego como reportativo (converxendo con *disque*) é na actualidade o valor maioritario (Cidrás 2016: 9-10). Nese proceso hai que lle engadir o valor mirativo, o valor de petición de permiso e o matiz encarecedor ou atenuador (equivalente a 'xuraría que' cando *seica* aparece repetido) (Cidrás 2016: 12-14). Está fóra de toda dúbida que o matiz mirativo e, por suposto, o efecto atenuador adoitan aparecer con asiduidade con este marcador cando expresa valor conxectural (*vid.* § 2.3.).

Ó se referir ás primeiras aparicións de *seica* modal epistémico en interrogativas exclamativas, este autor sinala a existencia do valor de cortesía positiva e negativa. Reproducimos dous dos exemplos que esgrime (Cidrás 2016: 9-10):

(71) [Un paisano galego atópase cun portugués á beira do Miño; inicia conversa]
E ¿qué hai? ¿Cómo lle vai? ¿Tan cedo á beira do río? ¿Seica vén tomá-lo frío
alor da calor que vai? (1671 Feixoo, Entremés famoso [TILG, FEIENT671, 12])

100 (72) –Antón. ¡Ai ti, Peruchiño!, conta por extenso que viche en Madrid na morte e
no enterro do rei, noso dono [...]
–Perucho. ¿Eu? ¿Seica vós tendes, Antón, o desejo de ouvirme entre tantos
falar como neno? (1746 Sarmiento, Coloquio [TILG, SARCOP746, 142])

A interpretación que fai, moi brevemente, dos exemplos é a seguinte:

[...] a pregunta/exclamación en que consisten os enunciados de seica non se usa para demandar información ao oínte, senón como unha estratexia de manexo da interacción comunicativa. O falante reflicte cortesía cara ao oínte, tanto positiva, ao amosar interese por el, como negativa, ao amosar que non pretende impoñerlle nada. Ben ao contrario, proponlle ao oínte unha inferencia que ten a súa base no que este dixo ou fixo antes e para a cal fai recaer nel a súa validación. Isto é: 'deduzo que [dubidas de min ~ viñeches refrescarte da calor ~ queres que fale eu ~ aínda segues co preito do ano pasado]' + 'é iso certo?'. En suma, o enunciado ten a forma dun I KNOW pero a interpretación pragmática dun YOU KNOW, e supón un cortés recoñecemento de superioridade cognitiva do oínte."

Cidrás (2016:10)

Como moi atinadamente salienta Cidrás, o evidencial detenta un innegable valor interactivo e de cortesía. Coincidimos con el en que nos exemplos que aduce *seica* amosa o "cortés recoñecemento de superioridade cognitiva do oínte", se ben, na nosa opinión –por se tratar de enunciados interrogativos todos os que examina–, parte desta superioridade cognitiva non está motivada só pola presenza do marcador evidencial, senón polo feito de se tratar dun enunciado interrogativo dirixido a un interlocutor que ostenta un superior coñecemento có interrogado (-Coñecemento / +Coñecemento; i.e. asimetría epistémica característica das preguntas, Du Bois 2007). Concordamos con Cidrás en que o falante vai á búsqueda da confirmación da inferencia reflectida en *seica*, o que ó noso xuízo, reforza o seu valor inferencial que aquí conflúe co valor de dúbida e que se glosaría: estou quizais inferindo ben / é correcta quizais a miña inferencia de que vostede ven toma-lo frío? (valor que en castelán se expresaría con *acaso*). Trátase, pois, de confirmar unha hipótese solicitando a colaboración do oínte. Coa mención á cortesía negativa "non pretende impoñerlle", entendemos, pola nosa parte, que este evidencial comunica respecto cara ó oínte, pois con el o falante evita introducirse no seu territorio de xeito directo grazas a presentar o enunciado como hipótese inicial doadamente rebutible. Ó indicar que o seu enunciado está ó nivel de conxectura dubitativa e non de aseveración definitiva, rebaixa a forza ilocutiva, marca e reduce os límites do seu propio territorio para non chegar á intromisión. Deste xeito, non traspasa os dereitos que ten a afirmar ou a

preguntar (*vid.* § 2.4.1.). Con independencia do tipo de enunciado no que estea inserido *seica* –interrogativo ou non– veremos máis adiante que este adverbio revela ser unha estratexia cortés negativa cando, por unha banda, se combina con actos de fala ameazantes, e por outra, cando aparece en actos de fala non ameazantes pero sobre os cales o falante non se considera lexitimado socialmente ou epistemicamente a afirmalos (*vid.* § 2.4.).

II.III Análise dos significados evidenciais

Alén dos dous marcadores analizados ata o momento, existe todo un sistema evidencial composto polas expresións xa mencionadas en § 2.1.3. A seguir levaremos a cabo a análise dos significados inferencial e reportativo, para o cal acudiremos a exemplos do corpus e recompilaremos algúns dos valores pragmáticos que adoitan aparecer en función do contexto. Trátase non dunha análise dos marcadores individuais, senón ó contrario, dunha análise que parte do significado exemplificado nalgunhas formas que adopta, mencionando algúns dos matices pragmáticos –non todos– que emerxen.

O significado inferencial

Sinalamos con anterioridade que o valor inferencial se detecta nun variado conxunto de expresións verbais e adverbiais: os auxiliares modo-evidenciais *deber (de)* e *haber de*; o verbo perceptivo *ver* en primeira persoa (*vexo que*) e terceira persoa singular (*vese que*); os verbos evidenciais *semella / parece + infinitivo, parece / semella que* + cláusula, e finalmente, as expresións adverbiais ó parecer, *supostamente, aparentemente, polo visto* e *seica*. A pesar de que son poucas as ocorrencias de ó parecer con valor inferencial, incluímolos como marcador inferencial, mais sempre tendo en conta que o seu uso maioritario é reportativo. Ó respecto de *seica*, son varias as gramáticas que eluden ou omiten o valor inferencial e fanse eco só do valor reportativo vencellado á dúbida. Falando do conxunto de adverbios modalizadores, Álvarez e Xove (2002: 607) afirman: “Estes úsanse ben para indicar que as aseveracións están fundadas nas palabras doutros, non na propia opinión ou experiencia persoal (*seica, disque...*)”. Máis adiante abundan nesta mesma liña: “En cambio, *con disque, seica*, ó parecer e *polo visto* o locutor manifesta o que di sen se responsabilizar da súa veracidade, coma transmitindo informacións atribuídas a outros” (Álvarez e Xove 2002: 628). Ó longo deste apartado presentaremos, pola contra, exemplos de *seica* con valor puramente inferencial.

Tomando como punto de partida a clasificación tripartita exposta en § 2.1.3. (inferencia perceptiva sensorial, conceptual e baseada en rumores), no que segue comprobaremos a pertinencia desta clasificación para o galego. Comezando pola inferencia perceptiva (visual, auditiva, etc.), en (73) *vese que* transmite unha inferencia fundada

na observación visual da ausencia da persoa que non estaba pola mañá na casa nin durmira alí. En (74) o emprego de *semella que* ten o seu alicerce na observación visual e auditiva do motor que treme e fai ruído; en (75) a percepción visual da posición no monte e a forma das pedras está na orixe da inferencia de *parece que*. Finalmente, en (76) revélanos tamén este subtipo de inferencia, codificado por *debeu de dar* cuxa base perceptiva visual está explicitada en *porque a madeira das paredes collera un tono escuro*. Pola súa parte, en (77) o proceso inferencial tras *polo visto* fúndase no repentino e visible cambio de actitude do personaxe que afirma *sabía ao que me arriscaba ao ensinar as miñas cartas, e tremía. Pero estaba lanzado, xa non podía calar*. Isto fai inferir ó outro participante que *polo visto* o subestimaran ata ese momento. En (78) *seica* denota que o falante infire que, debido a que o rapaz non baixa (situación perceptible), vai ter que subir ela. Por último, en (79) *aparentemente* amosa que o feito de ver a persoa indo á comisaría libremente ou sen presión visible fundamenta a inferencia de que vai por vontade propia:

(73) Levo toda a mañá buscándote. Fun a túa casa a primeira hora, pero vese *que* non durmiches alí.

CORGA. Rastros. Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos.
Vidal Bolaño, Roberto. 1998. Teatro.

(74) Non ves que a maquinaria *semella que* se quere mover? O motor debe estar en condicións...

–Pode ser.

TILG. Os culpables. Martínez Oca. Xosé Manuel. 1993. Novela.

(75) Todos aqueles montes ribeiráns achanse inzados de penedos, talmente sementados de penedos de todos os grandores e formas maxinables. ¡Deus sabe en qué tempo se produciu o fabuloso cataclismo xeolóxico que xuntou alí aquelas pedras xigantes!... Moitas delas, redondeadas pola erosión, *parece que* van arrebolara cara o foso do río, namentras outras vense a cabalo dos cumios ou aparecen coma coitelos que fenden a códea da terra.

TILG. Sempre matinando. Moure Mariño, Luís. 1971. Ensaio.

(76) Aberta ata o cabaleta do tellado, a sala recibía a única luz natural por un burato, que antigamente servira para dar saída ó fume do fogar. Pero antes de atopar este escape, o fume *debeu de dar* moitas voltas, porque a madeira das paredes collera un tono escuro, e a luz de enriba só conseguía dar relevo nas táboas e vigas.

TILG. As embarcacións tradicionais de Galicia.
Mörling, Staffan. 1989. Ensaio.

(77) Están mortos, ¿non?– sabía ao que me arriscaba ao ensinar as miñas cartas, e tremía. Pero estaba lanzado, xa non podía calar. O home gris estudioume de novo e demorouse na resposta. – ¡Vaia co señor Gancedo! Subesti-

mámo-lo, *polo visto*...–Non se acovardara, continuaba desafiante–. Ben, ¿e se así fose, que? ¿Acaso a medicina non experimenta tamén con cadáveres? Deixémo-nos de escrúpulos anacrónicos, xa falamos máis da conta os dous. Non me faga perder máis tempo.

TILG. O sangue dos camiños. Caride Ogando, Ramón. 2003. Novela.

- (78) Baixa, Rafael!–berráballe dende o fondo da escaleira–. Baixa que están agardando por ti. Xa acabaran de almorzar e o cura e Delmiro estaban con cadansúa copíña de caña diante. Despois dun anaquiño, dixo Amalia: –Arre demo!, *seica* vou ter que ir ó sobrado a ver por que non baixa. Non estaba no seu cuarto nin estivera en toda a noite. Amalia asustouse moito ó ver a cama tal como lla fixera onte á tarde.

TILG. As rapazas de Xan. Iglesias Turnes, Manuel. 2012. Novela.

- (79) [...] muitas persoas que se imaxinaban contrarias ó Movemento, fan á Policía facer denuncias en contra compañeiros partidarios, máis ou menos, da República. Eu non quería que naide sospeitase de min neste senso. Ora, si me vían entrar todas as mañás na Comisaría, *aparentemente* pola miña propia vontade, era fácil supoñer que eu podía ser un dos denunciante. Este suposto revoltábame. O millor, pois, era desaparecer de Portoledo. I así o fixen.

TILG. O silencio redimido. Historia dun home que pode ser outro. Santiago, Silvio. 1976. Novela.

Outro exemplo de valor inferencial perceptivo é o seguinte con o marcador ó parecer Malia que é un marcador especializado en expresar o contido reportativo, neste caso (80) revela un significado inferencial:

- (80) [...] de contentamento que se lía no seu rostro, mudara, a penas bosquexada, na máscara da desesperación e o terror. Lograra gritar. –Coidado!– pero o seu inútil grito de advertencia chegara xa tarde demais. Inexplicablemente, nin el, nin, ó parecer, Salgado, nin, menos aínda o propio Xurxo, reparan, con suficiente antelación, na horrisona e aparatosa maquinaza. Non lle emprestara Mauro atención ningunha nin ós brúidos necios do motor nin ós arpeus lívidos de luz que brotaban da vacía ollada dos seus faros.

TILG. Loira. Rei Ballesteros, Anxo. 1992. Novela.

O falante explica a falta de atención de Salgado que non repara, deduce o autor case omnisciente, na proximidade dun coche. Polo que deduce o autor a partir das evidencias sensoriais, Salgado non reparou no ruído nin nas luces do coche. O marcador evidencial ó parecer imprime á inferencia realizada con connotacións de dúbida.

Pasando ó segundo tipo de inferencia, ben diferentes son os casos (81, 82 e 83), cuxo acceso á información é a inferencia conceptual. O contexto non proporciona unha base perceptiva sensorial (ausencia de resultados observables) para formar o xuízo, que en todos estes casos se fundamenta só no coñecemento do mundo, do coñece-

mento previo da situación e da intuición do locutor. A inferencia vén expresada por *vexo que*, *parece ser* e *parece suceder*:

104

(81) O Fidel empeza a levantarse lentamente, apoiándose nos xeonllos, coma un vello caduco. Pero o Castromao botalle ó brazo unha man de ferro e faino sentar outra vez.

–Déixate quieto, neno, que estás moi guapo onde estás. Eu *non vexo que* teñas que irte pra ningures, nin esconderte de ninguén. Se acaso, haberá que che erguer unha estatua na praza maior de Grándola.

TILG. O cervo na torre. Cabana, Darío Xohán. 1994. Novela.

(82) Iste home náufrago no meio síntese desesperado, comenza a se anguriar, a segregar un humor amargo e desesperado que vén de Quevedo, pasa por Víctor Hugo i os románticos alemás, e agora *parece ser* o único refuxio do home.

TILG. O segredo do humor. Fernández de la Vega, Celestino. 1963. Ensaio.

(83) O que realmente *parece suceder* é que estes ascensos simbólicos representan unha reminiscencia da tradición capitalista.

CORGA. Revista Galega de Economía / A democracia industrial galega á luz da teoría neo-institucional: unha perspectiva crítica / RGE2001-02/12 Vázquez Vicente, Xosé Henrique. 2001. Ensaio.

En (84) o cálculo inferencial probabilístico que se pide realizar por medio de *ha de ir* (cálculo da situación do tren) baséase no coñecemento do mundo (horarios, velocidade do tren, experiencia previa, etc) e non, de novo, en evidencias sensoriais. O interlocutor podería ter calculado a posición do tren sen información perceptible, aínda que non o fai:

(84) –Entón déase presa se quer agarrar en Campañá o tren.

–Sabe por onde *ha de ir*?

–Non teño nin idea.

CORGA. O silencio redimido. Historia dun home que pode ser outro. Santiago, Silvio. 1976. Novela.

O terceiro tipo de inferencia, a que toma como alicerces os rumores e informes, obsérvase en (85) e (86). En (85) a base conxectural de *parece que é din que se oporán* (un rumor ou unha información transferida), mentres que en (86), o emisor se apoia na táboa 1 (informe escrito) para inferir *non parece diferir*:

(85) Os de Requeixo *parece que* non están conformes. Din que se oporán todos.

CORGA. A ceo aberto Fernández Ferreiro, Xosé. 1981. Narrativo.

- (86) Como se pode apreciar na táboa 1, nas organizacións analizadas o número de categorías laborais *non parece diferir* moito do que cabería agardar para empresas capitalistas de tamaño similar.

CORGA. Revista Galega de Economía / A democracia industrial galega á luz da teoría neo-institucional: unha perspectiva crítica / RGE2001-02/12 Vázquez Vicente, Xosé Henrique. 2001. Ensaio.

En (85), dado que a posible implicación da dúbida se cancela no enunciado *din que se oporán todos*, podemos afirmar que non evoca ningún matiz epistémico. A función do marcador *parece que* circunscríbese á función evidencial, e engade como implicatura pragmática a cortesía negativa mitigante, xa que tenta atenuar a forza ilocutiva dunha declaración directa e asertiva: *non están conformes*.

Os tres subtipos inferenciais tratados ata o momento poden verse incrementados nun subtipo máis, de aceptar a chamada “inferencia introspectiva” ou “endofórica” (Plungian 2001). Nela o emisor, tomando como base o seu propio comportamento, infire en primeira persoa algo sobre si mesmo ou fai referencia a un evento / estado do que é o suxeito, como se aprecia no seguinte exemplo:

- (87) Lembro que a primeira noite que entrei había unha orquestra de mulleres. Chamoume a atención dende fóra, pola novidade, e alá fun. Cando me dei de conta estaban tocando a Alborada de Veiga, arrepíouseme todo o corpo, saíronme as bágoas, *seica* chorei, aínda que disimulando como podía. Tan lonxe do meu país, aquela música!

CORGA. Conversas con Manuel Meilán. Samuelle, Cristina. 1993. Ensaio (memoria)

- (88) Non me rexen as pernas! *Seica* vou algo... Non; peneque non estou, pero un algo cocido... se cadra si. A ver se refrescándome un pouco... (Colle a botella e bebe a cachón) ¡Aaahhh! Si; *seica* vou indo mellor... ¿Ou non? A cachola quéreseme ir a rolos. (Prende a cabeza coas mans). ¡Miña madriña, que a collín boa!

TILG. O Coronel ten a quen lle escribir. Riveiro Loureiro, M. 1989. Teatro.

En (87), malia que o falante afonda nos seus propios sentimentos, insinúa que a información queda fóra do seu territorio, polo que marca distancia cun forte coñecemento de dúbida epistémica, de oposición ou negación a crer algo que sabe, no fondo, que foi certo. O valor endofórico vén acompañado recorrentemente do significado mirativo de información inesperada (Lazard 1999; DeLancey 2001). En (87) o protagonista fica abraiado polo feito de ter chorado, algo que non lle é doado asumir; distánciase, por conseguinte, do evento, revelando sorpresa e informando coma se de un espectador externo se tratara. Situación semellante acontece en (88). A confluencia do valor mirativo e o endofórico en primeira persoa singular apréciase en *parece que* en (89), dado que o falante realiza unha descuberta recente –con maior

ou menor sorpresa—sobre si mesmo, descuberta aínda non asimilada que ha de ir internalizando ós poucos:

- 106 (89) –Non sei o que é pero morro.
–Dios non ha de queré-lo. Pídolle que tal cousa non suceda.
–Ofrézome ó San Bras, mi madriña.
–Bueno miña filla: pois por aí que non quede. Toma esta auguiña e garga-
rexa.
–*Parece que* xa podo falar millor ¡Ai, San Brasiño bendito, que che hei d'ir á
festa!

TILG. Contiños da terra Autor: García Barros,
Manuel (= Kenkeirades). 1931. Relato curto

O valor mirativo de descuberta inferencial recente e inesperada cobra tal prominencia nalgunhas linguas que é considerado un significado independente por algúns autores (Lazard 1999; De Lancey 2001). Sen dúbida, o significado inferencial desprende diversos matices e, entre eles, o valor mirativo é un dos máis frecuentes no corpus galego. En galego, tal e como sinalou Cidrás (2016), *seica* especialízase en sinalar esta nova situación. No seguinte exemplo concorre con outros matices negativos como a desaprobación, indignación, incredulidade, descontento e desafío:

- (90) –Ponme máis copas!
–Non che farán mal, Nilo? –preguntoulle o Louzao.
–A mín non me fai mal nada, *seica* non o sabes?
E seguiu bebendo.

CORGA. Tras da corda / Cando o Nilo se foi.
Reigosa, Carlos G. (2012). Narrativo.

- (91) ¡Santa Bárbara! – Si muller, non te presine; – Trapalleira, cala, cala; – ¿Logo tampouco crearás que cos señoritos falan? – ¿E como fan logo entonces para ... ¡uí qué pulga caramba! Que picotazo me dou, *seica* tiña o demo a rabia.

TILG. Misterios de Pontevedra. Amado, José. 1845. Relato.

En (90), *seica* orienta ó oínte a unha determinada resposta que o falante xa coñece de antemán (que é a contraria da pregunta: *si, xa sei que nada che fai mal!*) polo que mantén concomitancias coas interrogacións retóricas. Reta desafiante ó destinatario e o impele cara a unha determinada resposta que o locutor xa preconcebiu (como ocorre co adverbio *acaso*: *acaso non o sabes?* En (91) o valor mirativo inferencial de *seica* procede dunha impresión súbita e inesperada da que infire que tiña a rabia.

Xunto ó matiz de sorpresa, existen outras connotacións contextuais que enriquecen o significado inferencial. Constátase acotío un valor intersubxectivo ou de invocación a fontes de información compartidas (Nuyts 2017; Hintz e Hintz 2017; Bergqvist

2017; Grzech 2021), que analizaremos pormenorizadamente en § 2.4.2. O seguinte constitúe un exemplo no cal *seica* transmite que a fonte de información é compartida porque está a vista de todos os presentes. A posibilidade de intercambiar *seica* por *vese que* (ademais de tamén por *parece que*) ratifica este valor:

- (92) Ás veces, faciálle as beiras á mestra de Celeirós, por ser moza moito lucida en carnes, e subía aquel día montado no burro de esfollar as viñas da ribeira que tiña en Cristosende. –*Seica* ides co carro de patacas– díxolles laconicamente. –*Seica* si – contestoulle, coa mesma, o Xan dende o carro. E cadaquén seguiu polo seu camiño.

TILG Folliañas que levou o tempo. Contos da Ribeira Sacra. Prieto Casares, Eduardo. 2013. Relato curto.

Outro matiz contextual, que denominaremos aquí “falsa impresión” ou “falsa hipótese”, acompaña en certos contextos ós marcadores *semella que* e *seica*. Este matiz transmite unha comparación ou unha hipótese que o falante sabe ficticia; é dicir, o falante é consciente da falsidade do que enuncia porque se trata dunha hipótese ou comparación froito da súa imaxinación e motivada pola impresión que recibiu dalgunha evidencia real:

- (93) Eu non lle creo en bruxas, nin en fantasmas ou curandeiros, pero estando na casa, chegou a miña irmá e díxome: “Como corriches, se te acabo de ver xusto no eido”. Outro día un veciño díxome: “*Seica* viñeches en avión, hai un momento que te vin no monte”, e unha muller na que fago moita confianza, chamoume por teléfono para preguntarme por que non entrara na súa casa... ¡e eu nin sequera pasara por alí ese día.

TILG. Psicopatoloxía do retorno García Caballero, Alexandre; Area Carracedo, Ramón 2007. Ensaio.

Non cabe dúbida de que os enunciados interrogativos, por mor da interlocución directa entre os participantes e a orientación do contido cara ó oínte, son enunciados axeitados dabondo para o xurdimento de múltiples matices contextuais. O significado inferencial pode xa que logo adoptar tres variantes (perceptiva, conceptual e baseada en informes). O cuarto e quinto tipo de inferencia recoñecidos nalgunhas aproximacións (a inferencia endofórica e o valor mirativo) son considerados neste traballo matices ou connotacións contextuais da inferencia perceptiva en enunciados en primeira persoa.

O significado reportativo

Dous conxuntos de expresións diferenciadas manifestan o valor reportativo. Por unha banda, as formas e construcións derivadas do verbo *dicir* e *escoitar*: *din que*, *dise que*, *disque*, *contan que*, *segundo din*, *segundo escoitei*, etc. cuxa función é denotar exclusivamente e univocamente o significado reportativo. Fronte a este grupo, reco-

ñecemos un segundo conxunto, máis variopinto, que admite o valor reportativo e inferencial, e mesmo un terceiro significado, o valor indirecto-indiferente, como veremos máis adiante. Este segundo conxunto está constituído polos adverbios *seica* e *polo visto* mailas formas derivadas do verbo *parecer*: *ó parecer*, *aparentemente*, *parece que + cláusula* e *parece ser que*. Cómpre subliñar que, contrariamente ó que acontece co verbo *parecer*, o significado reportativo non forma parte da semántica de *semellar*.

Os casos nos que as expresións reportativas denotan falta de compromiso do falante coa verdade do comunicado son moi abundantes como en (93) e (94):

- (94) Tamén Carmiña de Xacobe, Pelegrina de Xirome... En fin, o lavadoiro cheo. –*Seica* vai haber casamento no lugar. Esa é a primeira nova que comunica Pura. –Pois ó mellor si– di Antonia do Cubano. Máis cedo ou máis tarde malo será que non case alguén. –Ti non oíches nada, Milia?– preguntalle Pura.

TILG. *As rapazas de Xan*. Iglesias Turnes, Manuel. 2012. Novela.

- (95) Unha prestixiosa compañía española fíxonos apear, despois de subir ó avión con dúas horas de atraso, porque *seica* –foi a versión que nos deron– non funcionaban os retretes.

CORGA. O Correo Galego / CG1999-05-13/2
Caeiro, Lois (1999). Xornalístico.

En (94) Pura non demostra seguridade completa en que haxa un casamento, de aí que o comunique como un rumor non contrastado. A incerteza queda reforzada no enunciado dubitativo seguinte de Antonia: *Pois ó mellor si*. En (95) a cláusula *foi a versión que nos deron* permite interpretar que o locutor, aínda que o escoitou por si mesmo, pon en cuestionamento a verdade.

Porén, comprobamos que moitos marcadores reportativos, independentemente de cal se trate, poden centrarse exclusivamente na orixe da información sen evocar ningún xuízo modal sobre a veracidade. As expresións *segundo din* e *segundo escoitei* caracterízanse por presentar a información do xeito máis obxectivo en canto afastan o enunciado transferido de calquera xuízo epistémico que poida ter o falante. Xunto a eles, detectamos este contido reportativo sen connotacións epistémicas noutros moitos marcadores. Nos exemplos do (96) ó (101), o narrador actúa como mero transmisor neutral de información de segunda man, sen desprender indicios que poidan cuestionar a veracidade:

- (96) Pola parte de Chantada, ó Domingo fareleiro chamanlle Lamedoiro. Xueves de Compadres O xeral e a usanza antiga *parece ser que* a primeira quinta feira do Entroido sexa o Xueves de Compadres, e a segunda, o de Comadres. Así e todo, en moitos lados cóntanos ó revés.

TILG. *Etnografía: Cultura espiritual (Historia de Galiza)*.
Risco, Vicente. 1962. Ensaio.

- (97) A Sancristía está emprazada no lateral dereito, nesta gardanse algunhas tallas, unha delas do Apóstolo Santiago, procedente da derruída capela de Ferreiros de Abaixo. Colgadas nas vigas da nave atopanse dúas lámpadas, unha delas feita coa roda dun carro que *polo visto* non gusta moito, e eu non entendo o porqué xa que se trata dunha peza moi acorde coa tradición cultural do Courel, perfectamente compatible co lugar onde se atopa.

TILG Usos, costumes e cousas do Courel.
Parada Jato, Jesús Alfonso. 2007. Ensaio.

- (98) No pouco tempo que levaba nesta cidade de acollida, o corsario fora aca-dando sona polo seu carácter violento; *disque* era tanta a súa valentía e ou-sadía como arbitraria a súa crueldade.

CORGA. Costa do Solpor. Lema, Xosé M^a (2013). Narrativa.

- (99) Dous escritores enxebres agasallados Noso querido amigo e colaborador Xan Pla Zubiri acaba de publicar un poema galego, nomeado A Tola de Co-vas. Trátase dun libro merecente d'estudo. Ó parecer, é do máis com-preto naquela clas de traballos poéticos que se ten feito en Galicia. Pro nós até agora soio limos anacos del que saíron na prensa. Cando leámo-lo libro, adicarémoslle un xuício sinceiro e com-preto, no que poida sere.

TILG. A Nosa Terra. Idearium das Hirmandades da Fala
en Galicia e nas colonias galegas Autores varios. 1917. Xornalístico.

- (100) *Parece ser que* esta palabra é derivada do grego, pero hoxe perdeuse na xerga infantil, porque os xogos xa non existen.

TILG. Xogos infantiles de Galicia Romaní, Arturo. 1979. Ensaio.

- (101) De volta a Madrid, as cousas principiaron a non pintar moi ben para min. *Polo visto* uns artigos nunha revista e uns informes que eu considerei pu-ramente técnicos, esquecendo que viviamos no 58, causaron unha incomo-didade e o ambiente púñase feo.

TILG. Memorias dun ninguén. Mella, Carlos. 2009. Novela.

Vistos estes exemplos –e de acordo co postulado por Rosales (2000) e Sousa (2012) sobre a ausencia de dúbida en *disque* e tamén o defendido por Rosales (2000) tanto para *seica* como *disque-*, corroboramos que os marcadores reportativos teñen a capacidade de transmitir contidos sen matiz modal.

Indo máis lonxe sobre esta cuestión, a presenza de *disque* pode actuar como reforzo xustificativo das palabras do falante e conferir máis certeza ó enunciado no canto de atenualo. En (102) cercioramos este reforzo xustificativo que confirma a veracidade do transmitido:

- (102) Eu non sei o que fan, pero o certo é que os tres viven pechados na casa sin outra compañía. *Disque* é un médico de moita sona, pero non hai quen se achegue á súa beira. Dígovos que os veciños case foxen del. Que home, carai, que raro.

CORGA. O soño perdido de Elvira. Heinze, Ursula. 1982. Narrativa.

Para reforzar a aserción de que é un médico de sona insire *disque* (*dío a xente, non o digo eu*). Malia a imposibilidade da presenza do falante no lugar dos feitos relatados, o desexo de fidelidade e transparencia na narración impele ó falante a marcar o enunciado como proveniente doutras voces fidedignas alí presentes que testemuñan a verdade. Proporciona, ademais de carácter fidedigno, maior vivacidade ó relato ó inscribir deícticamente as testemuñas directas no relato, a xeito de perspectivización deíctica. Recibe a mesma interpretación o exemplo (103):

- (103) O ciclón enchéu a madrugada de vento e auga e traxedia, e quixo a sorte que o mariñeiro aquel ficase vivo. *Disque* choraba logo coma un neno cando soupo que os seus compañeiros afogaran.

CORGA. Galegos no Golfo de México. Neira Vilas, Xosé. 1980. Ensaio.

No seguinte exemplo (104) obsérvase a presenza polifónica de dúas voces: existe un desdoblamento entre a primeira persoa singular do protagonista e o que din outros (*disque*) sobre el. *Disque* presenta de xeito obxectivo e neutral o contido relatado (*din iso de min; segundo escoitei; segundo din*), e ó final da intervención, sabemos que o falante non está de acordo por consideralo falso e o contradí: *e eu teño para min que é unha grave equivocación*. Ben podería ser que tamén admitise a verdade de todo o que din del: *e todo iso que din é verdade*, co que se ratifica que a dúbida non forma parte inherente deste adverbio

- (104) Perdoe que me extenda, pero é que a situación que me trae aquí require que faga todas estas aclaracións, alomenos eso é o que penso eu, porque non sei se os seus servidores o terán ó tanto do que ocorre: Resulta que querenme botar fóra porque *disque* non estudio, non son sociable, non teño espírito de oración e outras cousas que lles dan seguranza en afirmar que non vaio para a delicada misión de espallar a Palabra de Noso Señor, e eu teño para min, señor, que é unha grave equivocación.

CORGA. A gran novela Suárez Abel, Miguel. 1982. Narrativa.

Con todo, e vistos os exemplos anteriores que testemuñan a evidencialidade reportativa en por si sen valor modal, cómpre subliñar que na meirande parte das ocorrencias de *disque* nos corpus existe un matiz epistémico achegado sempre polo contexto, como é o caso de (105):

- (105) Así volví a París, desta vez xa casado, e asenteime nun piso na Rue des Peupliers 59, propiedade dunha tal Madame Bouvelot, que seica era viúva

dun xeneral, aínda que do retrato que presidía a súa casa, debido ás flores e bandeiras que arrodeaban o finado, non se podía deducir tal xerarquía.

TILG. Memorias dun ninguén. Mella, Carlos. 2009. Novela.

Obsérvase a discrepancia entre o que di a xente (*era un xeneral*) e a dedución feita de xeito independente polo falante (*eu non podo deducir iso*). O marcador reportativo connota dúbida porque o que soubo o falante por terceiras persoas contrasta co que el deduce. 111

Pasamos a seguir a comentar unha cuestión que ten que ver coa presenza ocasional da fonte orixinaria do transferido. Como é habitual no contido reportativo a fonte específica da información non se identifica, mais ás veces é posible recuperar do contexto a voz orixinaria (*vid.* Wiemer 2006; Sousa 2012: 91). En xéneros xornalísticos, a expresión adverbial parentética ó *parecer* tende a concorrer acompañada da voz específica de onde parte ou se orixina a información (106) e (107):

(106) Segundo os veciños, M.M.F. asestoulle ó parecer unha soa coitelada no peito ó seu marido.

CORGA. O Correo Galego / CG2000-11-03/62. Xornalístico.

(107) [...] o líder palestino, Yaser Arafat, dubida, ó parecer, dos seus beneficios, segundo fontes militares.

CORGA. O Correo Galego / CG2000-11-20/41. Xornalístico.

Segundo os veciños e *segundo fontes militares* achegan a voz concreta na que se basea o falante e sobre a cal amosa a falta de credibilidade mediante a inclusión de ó parecer.

Antes de rematar este apartado queremos salientar unha cuestión cuantitativa no emprego de dous marcadores: a diferenza atopada entre *parece ser que* con alta frecuencia de emprego con valor reportativo, como en (108), e *parece que* que adoita expresar o valor inferencial. O exemplo (109) é unha mostra de *parece que* reportativo: o falante fundaméntase nunha información que escoitou nalgures ou segundo Pero da Ponte:

(108) Tratábase dun regato de auga vermella e quente que esvaraba polo medio das floridas maceiras. Edmund fixo unha cunca coas mans e bebeu uns grolos. –Está sempre así, verán e inverno –díxolles–. Din que ten propiedades máxicas, dadoras de vida. *Parece ser que* procede dunhas colinas que hai ó norte, máis alá do lago.

TILG. No ano do cometa. Bernárdez Villar, Xoán. 1987. Novela.

(109) Ansina que, ao decir de Pero da Ponte, María Pérez voltou da Terra Santa tal coma fora... *Parece que* un dos xograres que gozou dos seus favores foi

Pero de Ambroa que, coma sempre pasa, foi abandonado pola fermosa en canto topou outra comenencia.

TILG. Sempre matinando. Moure Mariño, Luís. 1971. Ensaio

- 112 Ata aquí recollimos e analizamos exemplos de significado reportativo con valor modal e sen el, o que ratifica que discernir os dominios da modalidade epistémica da evidencialidade é posible. Como defenden Aikhenvald (2004, 2018, 2021) e Wiemer (2006, 2018) para outras linguas, comprobamos que a dúbida epistémica é resultado dunha implicatura contextual que non pertence ó significado invariante dos marcadores reportativos.

O significado indirecto-indiferente

O valor “indirecto-indiferente” xorde en situacións nas que o contexto non permite discriminar entre os significados reportativo e inferencial, o que dá como resultado un contido indefinido e ambiguo entre ambos (*vid.* Marín-Arrese 2013). Este significado sinala que o falante non accedeu á información directamente (acceso sensorial, visual, auditivo) senón por unha vía indirecta mediadora e sen posibilidade de ser especificada. As formas que expresan de maneira unívoca un valor evidencial, sexa reportativo sexa inferencial, non teñen a capacidade de transmitir este significado indeterminado. Noutras palabras as unidades, *disque*, *din que*, *segundo din* (reportativas), e os auxiliares modo-evidencias *deber de*, *haber de* e *ter que* (inferenciais) non desenvolverán este valor. Pola contra, as expresións *seica*, ó parecer, *parece que*, *parece ser que* e *polo visto* denotan, en función do contexto, este valor indeterminado, tal e como se reflicte na interpretación ambigua do seguinte feixe de exemplos:

- (110) Volveron falar discutir e mallar nos rapaces, sen moito miramento de xustiza; cando por unha distracción apañabas unha labazada conviña liscar axiña, antes de apandar coa segunda que xa viña polo ar. Ben certo é que daquela a rapazada non se traumatizaba tan doadamente como *seica* pasa hoxe. Sabía que vivía en perigo e estaba exercitada na arte do caneo; un ollo de lagarteiro, un xesto rápido, un brinco no momento xusto e un vélas vir antes de que chegasen, eran habilidades moi a ter en conta se quería evitar mazadura.

TILG. Memorias dun ninguén. Mella, Carlos. 2009. Novela.

- (111) Entrevistador –¿Ten a sensación de que colleron ó delegado do Goberno como cabeza de turco?
Entrevistado –Si, porque *parece ser que* eu molesto. *Parece que* molesto máis que os outros, sempre hai que buscar unha xustificación dunha actuación política ou dunha estratexia política.

CORGA. Tempos Novos / TN1998-03/28. Tristán, Pancho R. 1998. Xornalístico.

- (112) Naide me vira nun coche que lle chaman breque, no cal hai cama e todo. Metínme debaixo desta e durmín un bo sono, do que non despertei astra que chegou o tren a Ourense. Nesta estación xuntouse o noso compañeiro Tío Marcos da Portela, que *polo visto* tamén fora invitado. Eu, por máis que non conecía ó Tío Marcos, quixen falarlle e darlle unha aperta, máis temín as secuencias si me collían *in fraganti*, e non tiven máis remedio que calar coma un peto.

TILG. O Galiciano. Autores varios. 1886. Xornalístico.

- (113) En resumidas contas trátase, *seica*, dunha serie de tentativas encamiñadas a supera-lo manicomio tradicional e, concretamente, chegar á descentralización do Sanatorio de Conxo, a fin de contas, un xigantesco almacén de homes enfermos.

CORGA. Teima. Revista Galega de Información Xeral / TE1977-08/2. 1997. Xornalístico.

En (110) a lectura inferencial glosaríase como: *polo que deduzo a partir do meu coñecemento do mundo e intuición, infiro que hoxe en día a rapazada se traumatiza con facilidade*. Unha nidia connotación mirativa e de incredulidade epistémica advírtese nesta interpretación. Doutra banda, a lectura reportativa parafrasearíase como: *Disque / din que a rapazada hoxe en día se traumatiza doadamente*. As dúas interpretacións concorren indistintamente e fusionadas, pois no contexto non prima unha sobre outra. Unha interpretación semellante aplícase a *parece ser que* en (111): *Disque / están a dicir que eu molesto / deduzo do contexto que eu molesto. Parece que molesto máis que os outros*, asume, en troques, só valor inferencial. Obtemos este valor indiferente ambiguo no resto das mostras (112) e (113).

Existe un emprego de *seica* recorrente no corpus en posición final nos diálogos con connotacións modais dubitativas, cuxo valor mestura dúas interpretacións a) unha inferencia (*infíroo, paréceme*) e b) un valor citativo no cal o informante é o propio interlocutor (*segundo dixo el, ou dixo outra persoa*). Despréndese, pois, un contido que mestura ou amalgama ó mesmo tempo ambos significados, o inferencial e o citativo (*dedúzo polo que dixo el mesmo ou dixeron outros*):

- (114) –Dáme antes un vaso de auga para o Pesca.
 –De aghuarrás daballo eu. Xa llo levarei co pes, ti a comer.
 –Pois lévallo axiña que tiña moita fame *seica*.
 –Aquí ten o señorito, o especial da casa – e puxo sobre a mesa un enorme boi de Francia.

TILG. Os ausentes de Casteltón. Barros, Jacobo. 2005. Novela.

Nas interaccións dialóxicas dos corpus rexistramos ocorrencias deste valor indeterminado nos contextos en que o locutor comeza unha conversa (con alguén coñecido, familiar) aludindo a unha fonte de información indeterminada e intersubxectiva.

A fonte informativa é accesible e coñecida por ambos os dous interlocutores, pero existe desigualdade no grao de coñecemento por ter máis información o oínte (asimetría epistémica). O falante pretende recabar, aludindo a esa indeterminación informativa, máis detalles sobre o tema ou a confirmación do dito. Estas situacións dan pé a un feixe de matices de cortesía negativa. Comprobámolo no seguinte exemplo propio:

(115) *Seica* bebiches moito onte á noite.

O falante acredita no que enuncia, sabe con certeza o que afirma e será o contexto, se cadra, o que permitirá deducir *a posteriori* se o acceso ó contido é unha fonte reportativa ou inferencial. O oínte pode preguntar: *E ti como soubeches iso?* Se comparamos co emprego de *disque* no mesmo enunciado, tanto a cortesía como o misterio do acceso á información desaparecen:

(116) *Disque* bebiches moito onte á noite.

A fonte reportativa unívoca denotada por *disque* resulta menos cortés, máis ruda e pode deixar abertas as portas ó conflito porque presupón e dá por certo que houbo testemuñas presentes nos feitos, ademais de que pode tratarse dun rumor espallado, todo o cal afecta directamente á imaxe do oínte. Ante este tipo de exemplos, a función atenuadora do significado indirecto-indeterminado de *seica* cumpre un papel de protección da imaxe en comparación co *disque* reportativo.

Este tipo de significado indirecto-indiferente enfatiza que a fonte de información non foi o destinatario mesmo (algo que podía ser o caso), senón que o falante o soubo por outras vías difusas. A falta de dereito do emisor a aseverar directamente, por tratarse dun contido do territorio do oínte, tamén é decisivo canto á escolla dun marcador evidencial con este valor non específico. A aparición dunha fonte vaga de información constitúe unha forma de deixar patente que o emisor arela non interferir no territorio do oínte, non ser explícito en exceso e así sortear calquera potencial confrontación.

II. IV A interacción da evidencialidade con factores culturais

A relación co territorio da información e a postura epistémica

Para comprender o emprego dos evidenciais en galego, cómpre acudir, ó noso xuízo, ó concepto de *territorio de información* dos participantes no discurso (Kamio 1994, 1997) e vencellalo coa teoría de Heritage da postura epistémica que integra a autoridade, a vixilancia e o estatuto epistémicos. A teoría de Kamio será explicada de contado, mais antes bosquexaremos a teoría de Heritage (2012) –xa adiantada en § 2.1.2. –, pois unha teoría engarza coa outra. Xa vimos comentando ó longo deste traballo que

os falantes son conscientes –uns máis que outros– dos dereitos e responsabilidades conversacionais. A autoridade epistémica identifica á persoa que ten dereito a afirmar algo independentemente da fonte de información na que se basee, e a vixilancia epistémica supón a atención e control que realizamos sobre quen ten autoridade e quen non e, así mesmo, a atención que prestamos ás crenzas, presuposicións e estados de coñecemento dos demais. Pola súa banda, o estatuto epistémico do falante é o coñecemento real do que dispón o falante, mentres que a súa postura epistémica podemos identificala coa actitude cara o coñecemento presentado na interacción en función do dereito que cremos ter a aseverar ou non e da observancia previa da dinámica da comunicación realizada. A postura depende polo tanto da autoridade que teñamos e non ten por que identificarse co estatuto epistémico. Heritage (2012) refírese a situacións de incongruencia epistémica para as situacións en que o estatuto e a postura non concordan (*vid.* § 2.2.1.). Os casos incongruentes preséntanse nas linguas con menos frecuencia en comparación cos casos congruentes, máis xorden en todas elas. Todo o que acabamos de explicar está supeditado á habilidade de percibir os límites dos territorios de información, habilidade que colabora nos axustes e negociacións que realizamos na fala. Pasamos de contado a explicar a teoría do territorio da información onde exemplificaremos os conceptos anteriores.

O modelo de territorio de información postula a existencia de diferentes territorios na conversa, segundo o contido proposicional do que se fala pertenza ó territorio do falante, do oínte ou a ningún deles. O falante pode saber algo con certeza, mais non ter dereito a afirmalo como un feito porque constitúe información que pertence a outra persoa e podería ameazar a imaxe do oínte e, xa que logo, tamén danar a “autoimaxe” do falante (Fox 2011: 174; Iwasaki 2009; Ahn e Yap 2015; Ahn 2016). Kamio (1994: 80) propón a situación dun falante xaponés que sabe con certeza que o seu interlocutor, un xefe dunha empresa, ten unha cita ás tres –sábeo porque estaba diante cando llelo dixeron a ambos os dous ó mesmo tempo–, e nun momento dado da conversa, cando se aproxima a hora, quere lembrarillo ó seu interlocutor. En xaponés precisase unha forma indirecta, que poderíamos traducir como “Coido que tes unha cita, non é? / *Seica* tes unha cita” ou co imperfecto ecoico “Tiñas una cita ás tres, non si?”. Malia que o falante ten total compromiso coa verdade, non considera lícito invadir o territorio ou esfera persoal do interlocutor, polo que non asume o risco de dicir directamente: “Tes unha cita ás tres”. Dito noutras palabras, o falante non ten dereito a aseverar porque a información non pertence ó seu territorio e, xa que logo, non dispón da autoridade epistémica nin “licenza social”. Defínese o territorio, en consecuencia, como o conxunto de coñecementos sobre o cal o falante se sente con dereito a facer aseveracións. A inserción de *coido que*, do evidencial *seica* ou do imperfecto ecoico é froito da posta en funcionamento da vixilancia epistémica. Trátase, claro está, dun caso de incongruencia epistémica, en termos de Heritage (2012), pois o seu estatuto epistémico (coñecemento real) é superior á postura epistémica adoptada e presentada ante o oínte.

Noutro exemplo de Kamio (1994), unha clienta observa nunha tenda que un xarrón en venta presenta unha tara ou defecto visible, polo que dispón dunha fonte de información directa visual (que non se marca habitualmente nas linguas europeas, agás no caso de proferir explícitamente *Estou a ver que este xarrón ten defectos*). Porén, no canto de realizar un acto directo que podería ameazar á imaxe por se tratar dunha crítica ou queixa –*This pot has a few flaws* (Kamio 1994: 84) (“Este xarrón ten algúns defectos”) (tradución nosa)– a clienta prefere empregar un marcador de fonte indirecta por razóns de cortesía: *This pot looks as if it has a few flaws* (“Este xarrón parece como que ten algúns defectos (*parece que ten / seica ten* algúns defectos)”) A estratexia de cortesía atenuadora ante un acto ameazante condiciona a escollo do marcador evidencial ata o punto de que a clienta modifica e rebaixa a forza da súa fonte de información –que lembremos era directa visual– e grao de compromiso coa verdade.

No corpus detectamos exemplos de evidenciais, tanto en actos ameazantes á imaxe (críticas, ordes, peticións, rogos, etc.) como non ameazantes, que poden ser explicados grazas a esta teoría. A seguinte mostra recolle un acto aseverativo non ameazante, que resulta mitigado ou atenuado por *parece ser que*:

- (117) O astronauta Armstrong, ao pór o seu pé na lúa *parece ser que* fixo unha declaración como esta: “Este é un pequeno paso para o home, mais un gran paso para a humanidade”.

CORGA. Moure, Teresa. Queer-mos un mundo novo.
Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións. 2012. Ensaio.

A información sobre a que *parece ser que* opera, atinxe un feito histórico que disporía da licenza social para ser asertado directamente sen o evidencial. Malia iso, o locutor engade o marcador que imprime certa incredulidade ou desconfianza na información relatada. O falante amósase reacio a facer uso do seu “dereito a afirmar” debido a que “sente” que a información non está incluída no seu territorio e opta por ser cauto. Na nosa opinión, podería ser un caso de “estratexia de saída” (*outbond strategy*, Kamio 1997: 187), pois, se ben posúe a licenza social para aseverar, considéranlo fóra do seu territorio. A información estando dentro do seu territorio (xa que pertence ó coñecemento xeral compartido por todos) é excluída del porque, se cadra, o falante non foi testemuña directa no momento da narración. Razóns culturais como o coitado á precisión no acceso á información, a prudencia e certo escepticismo hipercrítico ante a información, como dirían Risco e Piñeiro, están detrás da presenza deste evidencial en (117).

Outro caso semellante é o (118) –que xa mencionamos antes en § 1.2., exemplo (14)– caso, no que *seica* non transmite falta de certeza na verdade, pois o falante que coñece por outras persoas o título da película, non dubida da credibilidade da súa fonte de información, pois sabe con certidume que botaban esa peza teatral:

- (118) Na casa toquei a fuga en re maior, efluvios, avanta o carro no solpor e outras pezas máis. Logo fomos ver teatro, *seica* botaban “O Velorio” do grupo Troula, mais cando chegamos, as localidades estaban esgotadas. Perante esta situación decidimos tomar algo no Universal.

TILG. Pacífico Sul. Raña Lema, Román. 1980. Relato curto.

O que transmite *seica* –que funciona no exemplo de xeito semellante a ó parecer, *polo visto*– é, de novo, que o emisor non estivo presente como testemuña directa no lugar no que aconteceu o relatado. Trátase dun *seica* non testemuñal empregado nos contextos en que sabemos algo con certeza; porén, desexamos manifestar que non estabamos presentes no momento nin na escena e que, por tanto, non pertence ó noso territorio de información persoal. Noutra cultura cuxos límites informativos foran diferentes prescindirían do evidencial asertando o enunciado: *Logo fomos ver teatro, botaban “O Velorio” do grupo Troula*. Trátase da “estratexia de saída” do territorio, vista antes, empregada con valor non testemuñal e que ilustra un caso de incongruencia epistémica, pois o estatuto epistémico do locutor é superior á postura epistémica que adopta. Sexa como for, *seica* denota falta de involucración por parte do falante e unha fonte de información difusa. Outra interpretación lévanos a entender que o falante tiña tal desinterese pola peza teatral que chegou ó teatro sen saber nin o título da obra que botaban. Neste caso estaríamos ante un reportativo equivalente a *disque*, connotando completa desresponsabilización do contido.

Como se desprende das mostras vistas, os falantes non sempre afirman o seu estatuto real epistémico, senón que ás veces modifican a súa postura en función da autoridade que cren ostentar segundo os límites dos territorios lles permitan. A raíz dos exemplos, a participación directa ou involucración na información transmitida é un factor importante para lexitimar ó falante como posuidor de autoridade epistémica en galego. Isto ten relación co dito con anterioridade sobre a desresponsabilización no sentido de falta de involucración ou participación do falante no relatado (*vid.* Cornillie e Delbecke 2008; González Ramos 2016). Asemade, relaciónase coa afirmación de Risco (1992 [1954]): 47) xa comentada no primeiro capítulo e que repetimos aquí en aras de facilitar a lectura: “A mentalidade galega ofrez tamén un feitío antitético. Por un lado, que pudéramos chamar o da desconfianza, o galego é hiperocrítico, positivista, non crendo máis que no que olla e no que apalpa”. A isto engádeselle que, como xa comentamos en § 1, segundo Risco (*ibid.* 46): “O galego precisa madurar ben as cousas.”⁷² A mesma arela de precisión nas fontes e cautela acontece nas seguintes mostras:

72 Risco (1992 [1954]: 46) explica esta afirmación súa deste xeito: “O motivo de que esto aconteza é, se cadra, que nos galegos predomina a reacción interna, de sentimento e pensamento, sobre da externa, de decisión e execución. O que priva a decisión súpeta é, moitas veces, a desconfianza que soen apoñer ós galegos como defecto, e que lles vén de seren naturalmente hiperocríticos.”

(119) En Vigo *parece que* a cousa está en marcha, aínda que todo vai depender da racionalización do urbanismo e dos espazos que necesita tan magna cidade.

CORGA. O Correo Galego (2002) / CG2002-05-15/20. Xornalístico.

(120) En fin, voume, que *parece que* xa escampou.

CORGA. As florestas do Mañuema. Martínez Oca, Xosé Manuel. 1988. Narrativo.

118

En (119) o locutor non manifesta incertidume senón mera prudencia ou retención porque está a confirmar que a cousa está en marcha, se ben depende de varios factores. Trátase dun fala meditada, reflexiva, con contención pero non dubitativa, resultado de ter en conta todas as posibilidades antes de confirmar ou aseverar. En (120) aínda que o feito de que a choiva escampara é visible, o falante é, de novo, precavido, precaución que denota a necesidade de máis tempo e máis evidencias para assimilar esa información.

Se Risco subliñou o carácter reflexivo, analítico e calmo dos galego que precisan de contemplar ben as cousas dende varios prismas –permitindo así a posibilidade de que xurda un trasacordo final– podemos aínda engadir un novo compoñente a este retrato da pragmática da evidencialidade, como é o subtema da relevancia da información que non está aínda desenvolvido na bibliografía. Seguindo a Cappelli (2007: 304) e en liña con De Haan (1999), a presenza dos evidenciais forza ó oínte a activar a búsqueda na súa memoria de información vella relevante para validar ou non o contido expresado polo falante. O locutor pretende que o receptor colabore activamente na confirmación da información que propón para o cal resalta cos evidenciais a parte de información que lle interesa. Funcionan os evidenciais, por conseguinte, como indicadores de relevancia para o oínte, quen debe avaliar a proposición en función da información vella de que dispón na súa rede de coñecementos.⁷³ Esta cuestión non será tratada aquí por razóns de espazo. Unicamente diremos que no corpus xorden exemplos abondo de confluencia de varios evidenciais no mesmo enunciado que salientan a indicación do contido relevante que interesa ó falante. Os seguintes exemplos testemuñan non só a cautela e reflexividade, senón tamén a manifestación de relevancia para o oínte que acabamos de mencionar:

(121) Un dos acordos que *disque* tomaron os veciños, anque *polo visto* non chegaron a levalo adiante, *seica* era o seguinte: [...] Tratábase, *polo visto*, de pega-las follas dos periódicos e mailos retrincos aumentados en grandes

⁷³ Explica este proceso nestes termos, en palabras desta autora: “Cognitive verbs carrying evidential-epistemic meaning activate in the hearer a search in memory for old information that can validate or refute the speaker’s conclusion and force the hearer to search for new evidence and to carry out a verification process by comparing contextual information and the speaker’s viewpoint. They function as indicators of relevance, forcing the hearer to evaluate ‘p’ as a conclusion drawn by the speaker which does not have an objective validity.” (Cappelli 2007: 304).

pancartas, con letreiros darredor nos que se puxese en evidencia a don Xulio polo incumprimento da súa palabra.

CORGA. Corpo canso. Riveiro Loureiro, Manoel. 1993. Novela.

- (122) *Seica* a súa longa estadía na cadea víu relacionada coas armas que *disque* lle foran achadas a Brañas e máis aos dous etarras detidos en Lugo. 119

CORGA. Os partidos políticos na Galiza, Taibo, Xoán I. / Rivas, Manuel. Editorial: La Voz de Galicia. 1977. Xornalístico.

Como se pode apreciar, a introdución do evidencial ocasiona no receptor unha procura na información vella e a creación de conexións con outras fontes de información propias, fenómenos que non acontecerían de non empregar evidenciais.

Volvendo a cuestión da veracidade e certidume, xa indicamos con anterioridade que en moitas linguas evitar un estilo directo non indica a falta da seguridade do falante na veracidade do que di, senón o cumprimento de normas culturais de cortesía negativa que priman sobre o estilo directo.⁷⁴ Romper esas normas culturais está mal considerado en culturas como a coreana, xaponesa, chinesa mandarina, amerindias como quechua tena, quechua conchucos, libanesa, australiana, irlandesa, inglesa e, así mesmo, sociedades aborixes australianas (Ahn 2016; Grzech 2021; Hintz e Hintz 2017; Mansfield 2019; Nuckolls 2014, 2018; Yan 2019 etc.). A validez dos enunciados non se pon en dúbida, mais o inadmisibile sería o incumprimento dunha regra social de interacción respectuosa e colaborativa (*vid.* Mansfield 2019).

O funcionamento das normas de cortesíaponse de relevo no exemplo (123) no cal *seica*, sen expresar dúbida, invoca un terreo intersubxectivo de coñecemento compartido común sobre o cal ámbos os dous interlocutores están de acordo (*non hai moito que facer, como se pode ver*). O locutor revela tanto a ironía como a búsqueda da complicidade e ratificación por parte do oínte. Estes dous efectos proveñen do uso de *seica*, utilizado por razóns de cortesía e interese cara ó oínte, e non por falta de asertividade ou seguridade:

- (123) E estaba nestas, cando apareceu diante o Norberto, o procurador.
–Que, Roxelio, *seica* non hai moito que facer. Imos tomar un vaso?

CORGA. Náufragos en terra. Os amores imposibles.
Martínez Oca, Xosé Manuel. 1995. Narrativo.

74 As diferenzas na forma en que se utilizan os evidenciais poden orixinar malinterpretacións entre diferentes culturas e crear, nalgúns casos, prexuízos. Sinala Trent (1998: 3-11) que os falantes de xaponés precisan marcar moitos dos seus enunciados con evidenciais, polo que ante o menor uso destes en inglés, os falantes anglófonos (principalmente americanos) resultan aseverativos en exceso sobre temas que afectan a outras persoas. Pola súa banda, os falantes anglófonos consideran ós xaponeses “ambiguos, menos seguros, distantes e circunlocutorios.”

Este tipo de interacción orientada ó interlocutor e que ten en conta as súas posibles diverxencias de opinión revélase noutros aspectos da lingua. Unha proba desta sensibilidade é a existencia do pronome dativo de solidariedade, cuxa función de involucrar afectivamente ós participantes na interlocución (a semellanza dalgunhas partículas do xaponés), foi salientada por Álvarez e Xove (2002) e Rutherford (2012: 16).

As normas culturais das que estamos a falar que priman a cortesía e as relacións interpersoais sobre a asertividade son as mesmas que funcionan en moitas linguas con enunciados psicolóxicos, gustos, sensacións, opinións sobre estados de ánimo (por ex. lingua xaponesa e amerindias, *vid.* Kamio 1997; Hintz e Hintz 2017; Mansfield 2019). Nestas culturas non é posible invadir os estados interiores do interlocutor de xeito directo, o que impide enunciarse frases como *estás canso* ou *tiveches un mal día*. No seu canto son requiridas fórmulas indirectas evidenciais, máis respectuosas coa intimidade do oínte: *pareces canso, debiches de ter un mal día, seica estás canso* etc.⁷⁵

No exemplo a continuación, por se tratar dun estado interior dunha terceira persoa, o falante non pode ter total certidume e introduce o evidencial inferencial que, neste caso, atenúa o grao da veracidade do que se di. Noutras linguas o evidencial aquí é obrigatorio:

(124) Finalmente, nun recanto alonxado, case perdido nunha butaca, un señor calvo –había profusión de calvos– e de gafas lía un periódico, ó parecer con toda minuciosidade, e sen que lle importase nada o feito de que todas aquelas noticias estivesen xa atrasadas.

CORGA. Desfeita. Gonsar, Camilo. 1983. Novela.

Avanzando nesta cuestión da disxuntiva do dereito a aseverar directamente ou incluír un evidencial atenuador, a posesión dunha fonte evidencial non obriga, como é sabido, a incluíla no discurso. Os falantes sempre podemos omitir a referencia ó noso acceso á información, pois é unha categoría opcional nas linguas europeas. Tendo en conta esta liberdade *ab initio*, existe unha diferenza entre a fonte inferencial e reportativa. Esta última permite aínda máis liberdade ós falantes para decidir se incluíla no seu discurso ou omitila, e en boa parte dos casos omitimos que soubemos algo por rumoroloxía. En xaponés, sendo a evidencialidade unha categoría opcional, non existe tanta liberdade no contido reportativo, dado que cando unha nova información é recibida polo locutor a través dunha fonte reportativa (escoitouna, dixéronllo, son rumores), aínda provindo dunha fonte coñecida e completamente creíble, o locutor non a pode presentar de forma directa senón indirecta (Kamio 1997: 41). O marcador

75 En efecto, na lingua amerindia nanti e en xaponés, a referencia ós estados internos dos demais e mesmo a especulación sobre as accións doutros son de todo inapropiadas, feito que motiva o emprego con asiduidade do discurso reportativo (Nuckolls 2012; Kamio 1997). Isto impulsou á gramaticalización dos verbos de fala en evidenciais en nanti.

evidencial é obrigatorio porque o decisorio non é a credibilidade da fonte, senón o tempo necesario para que o falante asimile a nova. Este autor pon o exemplo dunha parella na que a muller lle di ó seu home *The sunset is beautiful* (“A posta de sol é bonita”). O home vaille transmitir ese contido ós seus fillos empregando un marcador indirecto reportativo *I hear the sunset is beautiful* (“Disque a posta de sol é bonita”), o que implica que mesmo “reliable information cannot fall within the receiver’s territory in Japanese” (Kamio 1997: 61) (“información fiable non pode pertencer ó territorio do oínte en xaponés”) (tradución nosa). Xa que logo, mesmo se a información é transmitida verbalmente por persoas nas que confiamos e cremos, a información non se integra dentro do territorio do falante ata que non teña transcorrido certo tempo de asimilación da nova. Só cando o tempo transcorre e a información nova foi procesada abondo, pode transferilo de xeito directo sen evidencial.

Se os medios de comunicación retransmiten que Clinton, o expresidente de EEUU, vai de visita a Xapón ou informan a nova de que houbo un terremoto en Italia, a persoa que a escoitou ou a leu nas noticias empregará a forma indirecta para comunicarlle a outros (Kamio 1997:136):

(125) *Disque / parece que Clinton vai vir a Xapón.*

(126) *Disque / parece que / semella que houbo un gran terremoto en Italia.*

Esta forma indirecta persiste durante certo tempo ata que na mente do falante é acumulada e procesada suficiente información sobre o tema para poder expresarla de xeito directo aseverativo.⁷⁶ Por exemplo, se escoita varias noticias, le artigos e por suposto ve a Clinton na televisión baixando do avión, entón, conforme postula Kamio (1997: 137), pasará a empregar a forma directa. Se o falante empregara a forma directa dende o momento en que escoitou e leu a noticia por primeira vez (Clinton vai vir a Xapón) “then he/she would give the impression that he/she is deeply involved in Clinton’s visit or has a particularly detailed knowledge about it”. Isto é, en ámbolos dous exemplos só empregará a forma directa se a información forma, dende o principio, parte do territorio informativo do falante, sexa por ser un experto na materia ou por ter unha experiencia directa externa (*vid.* Kamio 1997: 137).

Nas linguas comprobamos que en ocasións a transmisión da información proporcionada previamente por alguén non é enunciada directamente, aínda que o falante teña confianza abondo na súa veracidade. No seguinte exemplo o emisor sabe ou confía no que lle acaban de informar “van vir” (“os policías antidisturbios van vir”), de aí que anteceda a cláusula co adverbio afirmativo conclusivo e *si, parece que van vir*.

76 Non garda isto relación coa credibilidade do medio de comunicación (tipo de prensa, radio) nin coa existencia das *fake news*, se temos en conta que esta análise da lingua xaponesa de Kamio (1997) foi elaborada durante 10 anos –como el mesmo menciona no prólogo– e a súa edición foi lixeiramente previa á popularización de internet e á aparición dos medios de comunicación dixitais.

(127) –É xa sabedes que el fai o que pode.

–Chamou ó gobernador civil polo que houbese dos rumores eses da policía anti-disturbios e si, *parece que van vir, pero disque* non se meterán en cousa ningunha. Que envían á forza pública samente para vixiar que non se produzan alteracións de orden na vila.

–Xa, xa, ben entendo eu o que eso quere decir, ímosche apañados.

CORGA. Beiramar. Martínez Oca, Xosé Manuel. 1983. Narrativa.

Sábeo de certo e o ratifica con e *si* porque llo acaba de transmitir un coñecido que chamou ó Gobernador Civil, e sobre ese contido *van vir* non ten dúbida. A dúbida, en troques, está reflectida na frase *pero disque non se meterán en cousa ninguna*. Malia o coñecemento de que virán, non o transmite de xeito aseverativo, se cadra porque é preciso o tempo de asimilación da información ó que se refire Kamio (1997), tempo tanto para si mesmo como para concederllo empaticamente ó oínte. Concédese un tempo de retardo para o asentamento do novo contido informativo para ambos interlocutores, feito que non ten relación coa falta de credibilidade.

Neste apartado comprobamos dous aspectos no uso dos evidenciais. Por unha banda, en galego cobra prominencia a posesión do dereito a aseverar sobre o coñecemento da información e a crenza na súa veracidade, o que demostra que as responsabilidades epistémicas dos interlocutores son tidas moi en conta. Kamio diferencia entre saber unha información, que significa ter incorporado ese coñecemento ó almacenamento xeral de información dada como verdadeira, fronte a pertencer ó territorio persoal, que implica posuír esa información e tela asimilada nun sentido social e interaccional, o que permite ó falante aseverar con licenza social. Non se trata nestes casos de dúbida, senón de reflectir cortesía e deferencia social. Por outra banda, noutros casos, a escolla do evidencial pode deberse a unha concepción poliédrica e “hipercrítica” da verdade conducente ó escepticismo –conforme sinalaban os autores da Xeración Nós– perante a cal se opta por gardar prudencia e contención en vista de que tanto os nosos sentidos como a nosa cognición poden devenir errados.

A relación coa intersubxectividade

A intersubxectividade é un concepto integrado dentro da postura epistémica (Arrese 2017) que presenta diferentes concepcións (Traugott 2003: 128 e. Nuys 2017)⁷⁷, se ben aquí optaremos pola visión de Nuys (217). Como xa sinalamos en González

77 Traugott (2003:128) entende a intersubxectividade nun sentido semellante á postura epistémica: “explicit expression to the self of the addressee in both an epistemic sense (paying attention to their presumed attitudes to the content of what is said), and in a more social sense (paying attention to their ‘face’ or ‘image needs’ associated with social stance and identity).” (“expresión explícita cara o eu do destinatario tanto nun sentido epistémico (prestando atención ás súas presuntas actitudes ante o contido do que se di), como nun sentido máis social (prestando atención á súa “imaxe” ou “necesidades de imaxe” asociadas á postura social e á identidade).” (tradución nosa).

Vázquez (2006), o carácter déctico da evidencialidade permite inscribir ou situar ó falante nun contexto amplo no que se inclúen, ademais dos participantes conversacionais, tamén o seu modo de obter a información. Por medio dos evidenciais o falante posiciónase fisicamente e cognitivamente canto á información transmitida: sinala que é algo que presenciou persoalmente no momento dos feitos, inferiu dos resultados observables *a posteriori* ou foi informado por fontes externas xa fóra do momento e da escena. Esta perspectivización é froito de integrar o acto comunicativo dentro dun escenario no que está incluído o oínte, os participantes e o contexto físico e cognitivo. Noutras palabras, áncrase ó falante no escenario comunicativo con respecto ó acceso que tivo á súa información. Esta anclaxe abre o paso á perspectiva múltiple ou intersubxectividade (fonte de información compartida polos participantes). A intersubxectividade refírese ó feito de que o falante ten en conta a perspectiva do destinatario en termos de accesibilidade á información, e por conseguinte, deixa pegadas no enunciado das súas suposicións sobre o acceso á información que estima que ten o oínte ou que teñen outros participantes na conversa (*vid.* Nuyts 2017; Bergqvist 2017). Poderíamos afirmar, por conseguinte, que a perspectivización, como categoría de xerarquía máis elevada no discurso cá evidencialidade, abrangue e se superpón a este complexo concepto de intersubxectividade.

Nos últimos anos corroborouse a existencia da perspectiva múltiple gramaticalizada en linguas como o quechua do sur de Conchucos, nanti, quechua tena, andoke e linguas aborixes australianas e africanas (Hintz e Hintz, 2014; Michael 2012; Grzech 2016; Mansfield, 2019; Storch 2018, respectivamente). Todas elas posúen expresións morfolóxicas para codificar evidencias compartidas vs. evidencias non compartidas (por ex. contidos como: *vino eu só vs. vímolo os dous; viuno toda a xente; escoiteino eu só vs. escoitámolo os dous; escoitouno todo o mundo; inferino eu só vs. inferímolo os dous*; é coñecemento xeral compartido, *todo o mundo sabe* etc. (*vid.* tamén para outras linguas San Roque 2015; Bergqvist 2017; Michael 2014; Aikhenvald 2021).⁷⁸ Por exemplo, a lingua africana maaka dispón dun “evidencial visual conxunto” que se refire ós eventos presenciais directos visibles para o falante e o destinatario fronte a outro marcador restrinxido só ós eventos vistos en exclusividade polo falante (*vid.* Storch 2018: 624-626). De igual xeito, de acordo con Landaburu (2005), o andoke, lingua falada en Colombia, marca con catro prefixos a distribución do coñecemento entre o falante e o destinatario: a partícula *k-* marca contidos dos que o falante é testemuña directa, e supón que o destinatario non ten coñecemento, codificando así simultaneamente dúas perspectivas sobre o mesmo evento. Outra partícula codifica que os dous participantes teñen coñecemento directo etc. Este tipo de “perspectiva complexa”, como di San Roque (2015), “é unha testemuña das nosas habilidades humanas especiais para representar e comparar os estados men-

⁷⁸ Así mesmo, Grzech (2016: 413-414) cerciora que en quechua tena a negociación do coñecemento común entre os participantes na conversa se manifesta en diferentes unidades morfolóxicas evidenciais.

tais de nós mesmos e dos demais” (tradución nosa). Asemade, a intersubxectividade coadxuva á creación e negociación do significado de modo conxunto, ó poñer ó oínte de acordo co falante na orixe da información, e por conseguinte, poñelo de acordo no seu contido. Dito doutro xeito, co-constrúese o discurso colaborativamente fomentando o consenso e harmonía. Sen dúbida, abrindo as vías tamén á posibilidade da manipulación informativa.

Nas linguas europeas, onde non posuímos esta taxonomía tan específica, a intersubxectividade só pode ser comprendida como un sutil matiz pragmático contextual dalgúns evidenciais como vimos no exemplo (17) *supra*: *Que Roxelio, seica non hai moito que facer. Imos tomar un vaso*) ou no exemplo (67) *supra*: *Seica petan na porta*. Así mesmo, pode ser atopado como “estratexia evidencial” en fórmulas léxicas que indican o acceso ó coñecemento xeral (significado de coñecemento xeral visto con anterioridade) do tipo: *como é sabido, como todo o mundo sabe, como ti e mais eu ben sabemos, como todos sabemos; como se ve, como podemos ver* etc.

Se ben a sutilidade da perspectiva intersubxectiva por parte do falante non axuda a recoñecela no contexto, pensamos que son moitas as ocasións nas que os evidenciais en galego comportan un compoñente intersubxectivo. É o caso de exemplos como o que segue, onde *seica* transmite unha información que é compartida por máis xente:

(128) *Seica* te chamaron para a entrevista, noraboa!

A mensaxe transmitida por *seica* revela unha connotación, ademais do significado reportativo, semellante a “como a xente sabe e como ti xa sabes” (diferente ó puro reportativo de *disque*). A perspectiva dende a que se expresa o falante manifesta que se trata dun coñecemento previo compartido pola comunidade, pero que o interlocutor acaba de coñecer por unha fonte reportativa.

O compoñente intersubxectivo de información compartida invita a que o oínte valide esa presuposición; isto verificase en (129), onde unha muller deduce que o seu home, por ter chegado a casa bébedo, recibiu o soldo:

(129) –Xosé, *seica* cobraches, si ou non?

Il ceibóu unha terribel blasfemia, batíu a porta e largóu escaleiras abaixo.

CORGA. Fogo solto / O premio Moreiras, Eduardo. 1976. Narrativo.

Mediante o uso de *seica*, a muller aventura unha hipótese baseándose nun fundamento perceptual (o seu home está bébedo) que require a confirmación explícita (*si* ou *non*) do que ela cre que é verdade. *Seica* anteposto inclina a balanza cara á verdade do contido proposicional, implica que o falante agarda que o receptor estea de acordo coa información que presenta: *ó parecer / polo que se ve / polo que deduzo cobraches*. Grazas á inclusión do adverbio créase un terreo de información común que o home debe ratificar porque así llo demanda coa pregunta (*cfr.* Cidrás 2016). Ó

noso modo de ver, este terreo compartido funcionaría como as conxuncións consecutivas *así que* e *conque*, que mencionamos con anterioridade e cuxo valor evidencial foi salientado por Bermúdez (2005) e Rodríguez Ramalle (2015).

Apuntamos xa en § 2.3.3 que, con asiduidade, na interacción dialóxica o locutor comeza a conversa cunha fonte indeterminada e perspectiva intersubxectiva que dá pé ó xurdimento de múltiples matices de postura epistémica. Ilústramolo cos seguintes exemplos propios:

- (130a) Seica fuches a casa de María. Por que non me avisaches?
(Dixéronme ou deduzo, infiro por algúns resultados observables. Sei con total seguridade que fuches).
- (130b) Seica fuches a casa de María. Que tal está?
- (130c) Seica fuches a casa de María. Grazas por ir.

Nos exemplos (130a, b, c) preséntase información nova que o falante acaba de coñecer (connotación mirativa), información que estaba fóra do seu territorio de información e agora declara ter un acceso recente ó seu coñecemento. Ademais, atopamos en común en todos os exemplos o coñecemento superior do oínte sobre a situación descrita e, por conseguinte, a mitigación da forza da afirmación do falante, pero non a mitigación do compromiso coa súa verdade. A isto engádeselle que o falante é consciente de que o receptor podería ter informado da situación antes, pero non hai recriminación agás en a). A pesar de que o oínte sabe máis que o falante, o obxectivo do locutor é establecer un terreo compartido, un punto de partida común (perspectiva intersubxectiva). Asemade, fai constar ante o destinatario que a súa fonte de información non foi o propio oínte, senón que o soubo por outras vías. Finalmente, aínda que o emisor non dubida da veracidade do contido (pola contra, está absolutamente seguro), ponse de relevo a falta de dereito do falante a aseverar directamente e a concesión da autoridade epistémica ó oínte, por canto se trata dun contido do seu territorio de información. Asístese a un episodio de “incongruencia epistémica” onde se manifesta o desequilibrio entre o estatuto epistémico e a postura epistémica do falante (*vid.* § 2.4.1.). A inclusión dun significado evidencial difuso (significado indirecto-indiferente ou fonte indeterminada) favorece a expresión de todos os matices pragmáticos interaccionais descritos.

Visto todo o anterior, tamén é posible a interpretación nun escenario inverso: presentar nova información ó oínte á que o falante accedeu recentemente co obxectivo de que o oínte sexa partícipe deste novo territorio de información:

- (131a) Seica están os sobriños na casa de Xulia. Imos velos?
- (131b) *Ó parecer / disque* os sobriños están na casa de Julia. Imos velos?

Nos dous escenarios presentados, *seica* permite ó emisor introducir un novo tema dunha maneira máis lene, menos abrupta, como transición que conecta deicticamente as fontes de información externas, sexan cales sexan, co contido emitido. O marcador adverbial funciona da mesma maneira que un conector de discurso deíctico co fin de resaltar a información de fondo que rodea ó contido emitido. Non ser abrupto, distanciar un tema controvertible dos participantes na conversa, mellorar a simetría do coñecemento entre os participantes son formas de indicar respecto, empatía e deferencia cara ó oínte, e en definitiva, fomentar a aliñación e afiliación. Alén de todo o anterior, a intersubxectividade alenta o cambio de quendas e a construción colaborativa do discurso (*vid.* Cornillie e Gras 2015; Ahn 2016; Ahn e Yap 2015: 65).

Polo visto ata agora, dedúcese que parte da versatilidade dos evidenciais, e en particular de *seica*, reside en que pode ser empregado tanto cando o falante supón que o oínte posúe menos coñecemento que el mesmo (como signo de cortesía e deferencia), coma no contexto contrario, cando o oínte sabe máis nun contexto intersubxectivo (como signo de precaución ou prudencia cara ó oínte). Podemos afirmar que a aparición dunha fonte indirecta indeterminada cunha perspectiva intersubxectiva constitúe unha forma de deixar patente que o emisor non desexa interferir no territorio do oínte e, doutra banda, unha forma de integrar e acoller ó oínte nun terreo común intersubxectivo, coa intención de que o intercambio sexa colaborativo, solidario e empático e así eludir o conflito co oínte.

A relación coa cortesía negativa

No primeiro capítulo presentamos o concepto de cortesía negativa e o exemplificamos con mostras conversacionais de situacións prototípicas como son os atenuadores nos actos de petición, rogos ameazantes ou actos de inxerencia na esfera do oínte. Lembremos que, segundo Brown e Levinson (1987) e Leech (1983), as peticións directas parecen ser inherentemente descorteses e constitúen unha intromisión porque se inmiscen no territorio do destinatario. As preguntas directas sobre cuestións persoais ou cuestións sensibles, se son peticións de información indiscreta ou fóra de lugar, entran tamén neste terreo da ameaza á imaxe como por ex. en (132) e (133). No seguinte feixe de exemplos figura un marcador inferencial con función atenuante que, ademais de expresar valor de conxectura, é empregado co fin de evitar amolar ó oínte e sortear o risco de se trabucar no xuízo:

(132) Fiscal: –Vostede *¿seica* non oe ben?

Veciño Vello: ––Moi ben, moitas gracias. Só un pouco de reuma e máis esta sordeira.

CORGA. Pelexa no Souto. Arca Caldas, Olimpio. (2001). Teatro.

(133) Os amigos de Dalia son tamén meus –dixo cun sorriso.

Asentín.

–Ela *seica* non entra? –preguntoume cun aquel que non souben interpretar.

CORGA Bícame, Frank. Fernández, Miguel Anxo. 2013. Narrativa.

(134) –Ai, Can de Caza! *Seica* non levas fame?

–Levo, mais non podo comer todas as carnes. Cal carne é esa, logo, que cociñades tan ben?

CORGA. O país da brétema. Toro, Suso de. 2000. Ensaio

En (132) o falante observa por si mesmo que o home está sordo, ou que a muller non entra ou non ten intención de entrar en (133). No canto de preguntar directamente: *Por que non entra? / Ela non quere entrar?* (o cal suporía, se cadra, unha intromisión), o emisor rebaixa, grazas a *seica*, a súa autoridade epistémica e o seu dereito a preguntar, mitigando o enunciado que resulta menos intrusivo. Trátase, en definitiva, dunha petición cortés de explicación do comportamento do home, que semella xordo, e do comportamento da muller, que non entra, sen querer inmiscirse en terreos persoais do destinatario. No exemplo (134), de modo semellante, o evidencial contribúe a protexer a imaxe negativa do emisor porque desresponsabiliza ó falante do feito enunciado. Concordamos con Cidrás (2016) en que este adverbio, en enunciados interrogativos, propón a pregunta ó oínte acerca de se a súa inferencia (a do falante) é correcta ou non, xa que non quere correr o risco de inferir algo errado:

Anteriormente detivémonos en ocorrencias do corpus, por ex. (67), que suxerían os factores de cortesía, protección da imaxe do falante e intersubxectividade como detonantes do uso do marcador *seica*. Tratábase neste caso dun *seica* de diluído valor inferencial e forte valor intersubxectivo, cun fin cortés e empático de deferencia cara os oíntes por canto suxire que o falante é consciente de que os oíntes tamén o escoitaron. Copiamos a continuación o devandito exemplo:

(135) Pilaira –Agora xa ha de estar frío.

Climente. –O mesmo dá, tratándose de raxo, esquénzome de todo. ¡Hastra do burro do teu home! (Dispoñéndo's'a cear). Bota pr'acá ese coitelo.

(Síntese petar fóra).

Pilaira –*Seica* petan no portal...

TILG. N'a casa d'o ciruxano. Xoguete cómico.

Rivero, Roxelio. 1919. Teatro en prosa.

Casos nos que a conxectura está esvaída ou é inexistente son continuos no corpus e no seu canto, emerxen múltiples funcións de cortesía negativa, como no seguinte exemplo:

(136) –E vostede, *seica* non come, non lle gusta a galiña?

–Non estou bo eu.

CORGA. Quen faga voar. Vázquez Pintor, Xosé. 2000. Narrativo.

O feito de que o participante non coma é visible, sendo o acceso compartido inter-subxectivo como acontece en (135). Aínda que a fonte é visual (non marcada, en galego), xorde *seica* para subliñar a sorpresa e a dificultade para entender a inapetencia do participante. O que está en xogo non é a verdade do contido proposicional “non comes” (estado de cosas factitivo real e visible), senón a posible intromisión, se cadra descortés, de comentar algo que pertence ó terreo do oínte, as súas motivacións internas para non comer. Como estratexia preventiva, o emisor solicita, dunha maneira indirecta e sutil, información adicional sobre o motivo da falta de apetito, de maneira que se atenúa a inxerencia na esfera do oínte rebaixando a asertividade. Esta estratexia de saída, xa vista con anterioridade, de situar información coñecida fóra do seu territorio (*outbond strategy*, Kamio 1997: 187), pode ser o motivo de introducir o evidencial nun evento real e visible, e así mesmo pode explicar a inversión na posición do evidencial que está modificando a declaración factitiva, no canto de modificar a proposición non factitiva que vén despois, como sería o agardable: *seica non che gusta a galiña*.

Ata aquí comentamos a fonte inferencial e a súa relación coa cortesía negativa. Polo que se refire á fonte reportativa, pola súa propia definición, permite ós falantes apoiarse en terceiros, aspecto que potencia o seu emprego recorrente na fala, sexa para desresponsabilizar ó falante, atenuar, reforzar a verdade, ironizar ou evocar outro tipo de fins pragmáticos. Entre os efectos pragmáticos xa tivemos ocasións de demostrar que sobresaen, en primeiro lugar, o seu emprego como estratexia de cortesía negativa. En segundo lugar, serve como axuda ó desenvolvemento da toma de quendas conversacionais favorecendo o estilo colaborativo (*vid.* Cornillie e Gras 2015: 154-158). Mencionamos antes que nas culturas colectivistas, os falantes teñen como obxectivo comunicativo evitar ser acusados de asumir unha autoridade epistémica que pensan que non lles corresponde e, por conseguinte, constrúen colaborativamente a información proporcionando contribucións parciais, acudindo a coñecementos compartidos, insinuando implícitos e amosando dúbidas (*vid.* Iwasaki 2009; Hintz e Hintz 2017; Mansfield 2019; Nuckolls 2014; Ahn e Yap 2015; Ahn 2016). Os falantes buscan a confirmación dos destinatarios para co-construír o coñecemento e as conversas decorren harmonicamente. Ó noso modo de ver, os marcadores reportativos *disque*, *seica* e ó parecer funcionarían como estratexias de interacción cortés para compensar a autoridade epistémica asimétrica na conversa, e así poder o falante aliñarse co destinatario. Vexámolo nos exemplos a seguir:

- (137) –Xa deixaron de traballa-la terra, logo?
–Pois *disque* si. Xa hai moitísimo tempo. Aínda atopei ó home o outro día e pregunteille como lles ía.

En (137), debido á relación epistémica desigual entre os participantes por mor da falta de coñecemento dun deles (- Coñecemento / + Coñecemento entre os interlocutores, i.e. asimetría epistémica característica das preguntas, Du Bois 2007), o interlocutor que pregunta pode perder autoridade e así danar a súa imaxe positiva (quizais non saiba algo que debería saber ou que todo o mundo sabe). O oínte alíñase empáticamente co primeiro falante respondendo cun marcador de fonte reportativa que funciona como mitigador cortés; isto é, alíñase coa falta de coñecemento do primeiro falante, xa que suxire non ter información de primeira man, cando si a ten porque aínda falou o outro día co home. Vai de seu que a inclusión de *disque* non diminúe o compromiso coa veracidade, non atenúa a forza veritativa da aserción, visto que engade un reforzo explícito que afiuzo o seu apego á verdade: *xa hai mo-tísimo tempo, aínda atopei o home o outro día*. Trátase de novo dunha estratexia de saída (*outbond strategy*, Kamio 1997) porque introduce un evidencial reportativo en aras de fomentar a cortesía –promover o acordo– e o aliñamento co interlocutor, no canto de enunciarse directamente o que sabe con certeza.

As análises de (135), (136) e (137) revelan a posta en funcionamento da vixilancia epistémica e, como froito dela, reflicten a incongruencia epistémica conversacional, o desaxuste entre o coñecemento real do locutor (estatuto epistémico) e o presentado (postura epistémica) por motivos de cortesía. Os marcadores reportativos *disque*, ó parecer, *parece que*, *parece ser que* e *seica*, cando aparecen en forma illada na conversa como resposta a unha pregunta e reforzados por ‘si’ e ‘non’ como en (137): *disque si / disque non*, afánanse en proxectar esta función atenuadora cortés e, en posición final, alentan a cesión de quenda conversacional. Deste xeito, acádase o mantemento dos participantes da conversa nunha relación de simetría de autoridade epistémica e de igualdade de dereitos a afirmar.

Outro exemplo desta co-construción cortés do coñecemento e de *disque* como facilitador do cambio de quenda é o seguinte:

(138) Matilde: –Vou traballar de secretaria con Pablo Veiga.

Indalecio: –De verdade que é abogado? Non o parece.

Matilde: –Pasou unha chea de anos en Santiago, estudiando, *disque*.

CORGA. Audiovisual As leis de Celavella.

Tempada 1, episodio 1: Unha sombra do pasado. Dramático.

Na intervención de Indalecio, prodúcese unha resposta ameazante, non preferida, xa que discorda sutilmente de Matilde (pódese interpretar que a contradí e a reta e, por así dicilo, dado que a muller se atopa na situación de ter que traballar con ese avogado que Indalecio acaba de criticar). Indalecio ten a autoridade epistémica para iniciar esa quenda disruptiva retante (*de verdade...non o parece*). Pola contra, Matilde non parece ter autoridade epistémica, mais deféndese ratificando os anos de estudo do avogado e atenuando a posible ulterior discrepancia grazas ó emprego de *dis-*

que ó fin da súa quenda. A cortesía maniféstase en canto a falante evita o conflito, minimiza a inxerencia de Indalecio e salvagarda a imaxe de si mesma e a maltrata imaxe do terceiro participante, o avogado. Asemade, convida ó oínte a manifestar a súa opinión persoal sobre a verdade do contido proposicional que acaba de emitir. A posición do adverbio evidencial no fin do enunciado subliña esta función de operador interaccional de distribución de quendas, cesión de quenda neste caso. A conversa discorre traveso de opinións discrepantes con cortesía e colaborativamente. Grazas ó emprego de *disque* acádase o mantemento de ambos os dous participantes nunha relación de simetría de autoridade epistémica e de igualdade de dereitos a afirmar.

II.IV Conclusións

Este capítulo pretendeu proporcionar unha panorámica xeral da evidencialidade e dos marcadores evidenciais dende unha perspectiva funcional, semántica e pragmática. Iniciouse o capítulo coa descrición da categoría e o debate da inclusión ou non da evidencialidade como parte integrante da modalidade epistémica. A posición asumida aquí dirixiuse a favor da independencia por se trataren de ámbitos que manteñen a súa natureza e finalidade individualizada a pesar da posible confluencia contextual ocasional. Os marcadores evidenciais teñen por principal cometido fixar e emmarcar no contexto comunicativo a orixe da información como parte dunha perspectivización opcional do contido enunciado e nada sinala en por si da veracidade do contido. A modalidade indica o grao de certeza do falante sobre a veracidade ou factualidade do contido enunciado. O feito de rexistrar no corpus ocorrencias de marcadores evidenciais sen matices epistémicos corrobora a hipótese da independencia entre a evidencialidade e a modalidade epistémica. As expresións evidenciais vencéllanse a valores epistémicos só en función do contexto e, por conseguinte, non codifican a incerteza como trazo invariante de seu, como xa apuntaran Rosales (2000, para *disque* e *seica*), Wiemer (2006) e Aikhenvald (2021), entre moitos outros. Neste sentido, cómpre mencionar a excepción dos auxiliares modo-evidenciais *deber* (*de*) e *haber de* xa cuxo valor de dúbida proveniente dunha conxectura está integrado inherentemente na súa semántica (*vid.* van der Auwera e Plungian 1998 para o inglés *must*; Dendale 1994).

Tras esta cuestión da relación modo-evidencial, abordouse a interacción da evidencialidade co dominio pragmático-cognitivo de postura epistémica co fin de demostrar que os evidenciais contribúen á toma dunha postura, principalmente na interacción conversacional. Posteriormente, analizáronse as achegas a esta categoría na lingua galega, achegas circunscritas ós adverbios *seica* e *disque*, tralo cal, explorouse o amplo elenco de expresións coas que os falantes expresan as fontes de información inferencial e reportativa. A análise revelou que existe unha división nidia entre, dunha banda, os marcadores evidenciais con capacidade para denotar os dous significa-

dos, inferencial e reportativo, en función do contexto (*parece que*, ó parecer, *parece ser que*, *seica*, *aparentemente*) e, doutra banda, os marcadores unívocos válidos para manifestar un só significado, sexa o inferencial (*vexo que*, *vese que*, *deber (de)*, *haber de*, *semella que*), sexa o reportativo (*disque*, *dise*, *din que*). No primeiro grupo, os que se caracterizan pola súa polisemia, contextualmente poden amalgamar os dous significados creando un terceiro tipo de valor, o significado indirecto-indiferente (Marín-Arrese 2013).

Xunto ós tres significados evidenciais (evidencial inferencial, reportativo e indirecto-indiferente), nas mostras de linguas analizadas xorden múltiples connotacións pragmáticas contextuais verbo da postura epistémica, do territorio da información e da cortesía negativa, o que magnifica o valor social desta categoría. Neste sentido, deixouse constancia que nas linguas nas que a evidencialidade non é obrigatoria, como é o caso do galego, determinar a motivación que alenta ós falantes a indicar o seu acceso á información (indicación en aparencia secundaria) é un aspecto aínda por esclarecer. Para algúns autores “os evidenciais gramaticais son un recurso que os falantes utilizan para expresar a súa postura cara ó seu coñecemento” (Mushin 2013: 637), afirmación onde se orixina a proclama de que nas linguas de evidencialidade opcional son os significados pragmáticos os que motivan a presenza da xustificación evidencial, e non a mera intención de sinalar a orixe informativa (*vid. Grzech 2021*). Neste punto cómpre non esquecer que os evidenciais son utilizados non só na interacción dialogal, senón tamén nas declaracións monolóxicas, no xénero descritivo / expositivo, nas declaracións neutrais (ou o máis neutrais que calquera representación humana da realidade permita), contextos nos que a presenza do oínte / lector exerce lene influencia. Concordamos con Wiemer (2006) na importancia de distinguir un núcleo evidencial semántico inherente fronte ós matices pragmáticos producidos en certas condicións contextuais, sexan ou non dialogadas (*vid. tamén Clift 2005*, “evidenciais independentes” fronte a “evidenciais interaccionais.”). Con todo, perder de vista a función orixinaria ou primaria da evidencialidade en por si é frecuente nas linguas con evidenciais opcionais, como Aikhenvald (2004, 2021) lembra.

Para conseguir unha visión panorámica da interacción da evidencialidade con factores culturais, pescudouse nos exemplos do corpus a interrelación con tres factores sociais, en canto que todos eles interveñen na toma de postura epistémica do falante cara o contido e cara os participantes na conversa. Como resultado da posta en funcionamento do territorio da información, da intersubxectividade e da cortesía negativa, verificácase que a categoría que nos ocupa, máis alá dos significados estritamente evidenciais, amplía a súa repercusión ó posibilizar ó falante a adopción dun variado abano de posicionamentos subxectivos, como son a atenuación, o afastamento do comunicado, o reforzo da verdade, a protección da imaxe do falante e do oínte, a incongruencia epistémica, a cortesía negativa e a creación dun territorio

de coñecemento intersubxectivo común entre os interlocutores. Argumentouse que os evidenciais prestan o servizo de debuxar os límites do territorio informativo do falante co cal, por conseguinte, salientan e potencian os dereitos epistémicos dos interactuantes. Verbo do matiz intersubxectivo, aínda que este valor cumpre unha función secundaria dende o punto de vista semántico, deuse fe de que o seu carácter pragmático resulta primordial dende a perspectiva interaccional. Colaborar a construír solidariamente o coñecemento na conversa, é un dos papeis que realiza este matiz intersubxectivo, como se puido comprobar.

Polo que concirne á cortesía negativa, comprobouse que a percepción da falta de autoridade epistémica por parte do falante (i.e. carencia de dereitos interaccionais e de lexitimación social para aseverar) nos casos en que este non só dispón de máis información do que o oínte senón que está seguro dela (i.e. casos de incongruencia epistémica), ademáis de agochar cortesía negativa e deferenca cara o receptor, permite tamén crear un terreo común compartido intersubxectivo que deriva en empatía co interlocutor. Quedou posto de manifesto que a evidencialidade se asocia con mecanismos de protección da imaxe tanto en actos potencialmente ameazantes (rogos, peticións, ordes, queixas, críticas), como tamén en actos non ameazantes aseverativos. A presenza dos marcadores evidenciais en interacción conversacional en enunciados non ameazantes débese a que existe sensibilidade ó potencial dano da imaxe positiva de ambos os dous interlocutores. Se proferimos unha afirmación, caracterizada polo alto grao de compromiso co contido expresado, agárdase unha resposta ou pronunciamento (sexo validación, sexo refutamento) respecto dese contido, resposta que é facilitada coa inclusión da mediación da perspectivización evidencial que permite ó oínte discrepar con máis facilidade do falante. A perspectivización conseguida pola inclusión da orixe da información, reportativa ou inferencial, coadxuva a que o oínte amose o seu punto de vista de xeito máis imparcial, sen sentir a coacción de ter que concordar co falante ou disentir del. Manifestar que o enunciado está condicionado a unha perspectiva informativa determinada, libera os dous interlocutores, nun primer paso, dunha toma de postura unilateral. O discurso vaise co-construíndo, o significado negociando entre os interlocutores, ó mesmo tempo que inadvertidamente transitan contidos interaccionais e sociais implícitos. No que respecta a isto último, ó longo deste traballo comprobamos que mediante a evidencialidade se transmiten contextualmente contidos dos que os falantes non son de todo conscientes; eses matices concirnen, dependendo do contexto, á imaxe de cada un dos interlocutores (sexo para salvagardala ou para non se impor sobre o receptor), á creación dun terreo intersubxectivo común, á empatía e deferenca cortés cara oínte. Os falantes, tras realizaren un seguimento ou “vixilancia epistémica” do que os outros saben, descoñecen, do que poden arriscar a dicir ou insinuar en función da autoridade epistémica e da percepción dos límites dos territorios, perciben a necesidade de incluír evidenciais para comunicar inadvertidamente sutís mensaxes de atenuación, expresión de empatía, intersubxectividade e perspectivización do que

afirman. Os evidenciais na conversa en galego cumpren esta función de transmisión implícita de contidos interaccionais e sociais. Poden tamén contextualmente desresponsabilizar ó falante da verdade do que enuncia e marcar a súa falta de participación no estado de cousas que comunica sen que estas dúas connotacións modais sexan significados inherentes da semántica dos evidenciais.

133

En definitiva, de acordo cos estudos dos últimos anos sobre a evidencialidade en interacción conversacional, a escolla de empregar ou non un evidencial non reside só no interese de expresar a orixe da información, senón que outros factores como a protección da imaxe, a cortesía negativa, a percepción e respecto dos territorios dos participantes na conversa, a postura epistémica inflúen na decisión de empregar un evidencial. A existencia de dous marcadores de seu *disque* e *seica* –se o comparamos coa maioría das linguas románicas que carecen destas formas, principalmente *seica*– evidencia a importancia que o falante galego lle concede á indicación da orixe da información e ás connotacións sociais orixinadas por ela.

Conclusións

Un obxectivo proposto ó principio deste traballo encamiñábase a estudar tres trazos discursivos asignados con tanta frivolidade como insistencia ós falantes galegos: atenuación, indireccionalidade e retransca. Dende o punto de vista aquí asumido, sobre estas tres características descansan os fundamentos lingüísticos dunha vella imaxe estereotipada, procedente do exterior, do modo de comunicación en Galicia. A pretensión deste libro non foi desmentir nin ratificar a validez desas peculiaridades verbais como pertencentes á fala galega –salvante a retransca que é admitida dabondo na bibliografía–; antes ben, o interese dirixiuse a realizar unha análise lingüística delas e a situalas no contexto do seu emprego noutras culturas. Ó estudo sumóuselle unha cuarta dimensión, a evidencialidade, contribuidora de igual modo, ó noso xuízo, á formación da visión estereotipada e, asemade, transmisora dun importante aspecto cultural e social da forma de concebir a comunicación en todas as linguas. Con independencia da lingua en que se presenten, os catro trazos aquí analizados reflicten un xeito de conceptualizar a realidade, a comunicación e as relacións humanas, de aí que estas dimensións da lingua se vexan suxeitas e condicionadas polas variadas identidades culturais, entendida a cultura, seguindo a Hall (1976), como mecanismo subconsciente de categorización da realidade.

Falantes de culturas diversas empregan estes catro recursos de xeito diferente motivados por múltiples factores: a forma na que na súa identidade social se perciben e respectan as fronteiras subxectivas dos territorios dos participantes na conversa; a forma en que se reflicten a cortesía e a empatía; o valor que dentro da cultura se lle outorga á responsabilidade de emitir unha información veraz, contextualizada e precisa, e, en definitiva, a forma en que se expresa a postura epistémica. Os membros de identidades sociais dispares discrepan no discernimento dos límites dos territorios da información (o territorio propio do falante e o do oínte); por conseguinte, non existe a mesma percepción da necesidade de poñer en práctica a cortesía negativa (a necesidade de protexer as imaxes) nin a mesma quenenza por co-construír o dis-

curso e o significado colaborativamente. Lembremos que nos grupos culturais que acollen a cortesía negativa se presta atención ó oínte e se crea un contexto empático orientado ó consenso e á negociación do significado entre os interlocutores (sexo este un oínte, sexa un lector).

Culturas con outra visión da importancia dos territorios informativos farán que agrome un menor emprego destes tres trazos respecto das culturas posuidoras dun concepto fondo e interiorizado de cortesía negativa e respectuosos cos territorios informativos. Dito doutro xeito, os factores pragmático-culturais de territorio de información e de cortesía negativa actúan sobre o modo de presentar a información e inciden na conformación dun estilo comunicativo, nomeadamente, motivan o emprego dos catro trazos analizados.

No estilo comunicativo galego semella que non disgustan a atenuación, a indireccionalidade, a cortesía negativa, a marcación da evidencialidade, o que vén significar que a identidade galega abandeira varias características propias das culturas de afastamento. Con "non disgustan" quérese dicir que son ben aceptadas pola maioría dos falantes, independentemente de que esa maioría as teña integradas nas súas prácticas comunicativas. A indireccionalidade, por exemplo, se ben estaría por demostrar que forme parte dos hábitos dos falantes galegos, é certo dabondo que en Galicia nin provoca dificultades de procesamento á hora de interpretala nin está asociada ás connotacións negativas que xorden nas culturas de achegamento e nas culturas de baixo contexto. O respecto e deferencia ó territorio de información do oínte e ós seus dereitos epistémicos, a recorrencia a certo grao de atenuación e indireccionalidade, a invocación implícita ó coñecemento compartido entre os interlocutores (como vimos que acontece con *seica*) son aspectos que van sumando para rematar situando ó estilo comunicativo galego perto das culturas de afastamento de cortesía negativa colaborativa.

As diferenzas tanto nas situacións como na frecuencia con que se empregan estes recursos nas linguas son xerme de malentendidos entre culturas diverxentes e crea, na maioría dos casos, prexuízos e estereotipos mutuos. Vai de seu que o valor e a estima social outorgados ós trazos en cuestión son discordantes entre as identidades culturais, discordancia agromadora dos estereotipos ou clixés. Polo tanto, algúns estereotipos culturais galegos poderían ser explicados tomando en consideración estas características verbais alleas ás culturas de achegamento –berce onde se forxou a imaxe estereotipada galega– e, en troques, perfectamente inseridas nas culturas de afastamento. De ser o mapa cultural limítrofe a Galicia máis cercano ás culturas de afastamento –con excepción da cultura portuguesa, ben próxima á galega–, os estereotipos cesarían de ser tales. Se interesa determinar os alicerces sobre os que se fundamentan os estereotipos construídos dende ópticas externas, precisase acometer unha análise polo miúdo do estilo comunicativo galego e comparalo co modo de fala doutras culturas, traballo que debería ir enfocado cara á de-

construcción da imaxe estereotipada e as súas connotacións, vista a existencia de distintos grupos culturais e xuízos asociados a eles. Neste estudo moitos aspectos quedan por afondar e explicar, e por suposto, cómpre esclarecer a presenza da xustificación evidencial, da atenuación e da indireccionalidade a nivel interlingüístico, evitando a distorsión dos xuízos de valor característicos do etnocentrismo. Lembremos que Aikhenvald (2004) aludía ó erro cometido por adoptar un punto de vista cultural europeísta nas análises evidenciais, xa que esta perspectiva imbuía de valor modal á evidencialidade. Tal distorsión estaba motivada pola dificultade (ou incapacidade) dos falantes de linguas europeas de entender a indicación da fonte de información sen lle asignar a función de enfeblecemento modal da verdade do enunciado. Así, realizando un paralelismo co afirmado por Aikhenvald sobre a evidencialidade, un cambio de perspectiva na forma de contemplar as catro categorías abordadas, por difícil que este poida ser, permitiría o borrado de estereotipos negativos a nivel intercultural e, máis concretamente, a visión distorsionada da identidade galega.

Como se subliñou nalgunha ocasión, é posible que as catro características nas que nos detivemos neste estudo comecen a decaer rapidamente, unha vez que as xeracións que preservaban estes trazos desaparezan, como xa esvaeceu o contexto onde se cultivaban. No século XXI co imperio do audiovisual en imparable aumento –derivando, pois, na primacía do sensorial e emocional sobre o racional–, a perda de lectores e a subestimación da importancia da veracidade e da orixe da información, os falantes tenden á direccionalidade sen importar a procedencia da información, baleira esta de prezados incisivos, mensaxes esquemáticas resultado desa modificación cognitiva que estamos a experimentar ou sufrir. A sutileza dos matices comunicativos transmitidos polas dimensións estudadas enriquece non só a lingua como medio de comunicación, senón que fomenta procesos mentais máis elaborados e abstractos dos que emerxen cando a presentación da información é directa, unilateral e non negociada. Comprobamos ó longo do traballo que o cofre de matices co que a lingua nos agasalla para debuxar a realidade aumenta con estes catro recursos grazas ás inferencias operadas coa indireccionalidade, á gradación necesaria para atenuar no seu xusto punto, ó enxeño e agudeza da retransmisión e, por último, á perspectivización na comunicación exercida pola evidencialidade.

Para concluír, neste libro reflexionamos sobre múltiples aspectos: o modo en que as prácticas lingüísticas se relacionan coas identidades colectivas; a visibilidade ou pegadas na lingua das posicións discursivas dos falantes; o relativismo cultural e o relativismo e inoperancia dos estereotipos; a posición do falante en relación cos demais e co seu propio discurso; a captación das connotacións subxectivas e subliterais que se adoitan pasar por alto por non ser conscientes delas; a negociación do significado entre os interlocutores; a importancia dos límites dos territorios comunicativos dos falantes determinadora dos diferentes tipos de cortesía, e un longo etcétera. Tentamos tamén, aínda que implicitamente, facer máis consciente ó lector de

como empregamos a lingua, amosándolle as posibilidades expresivas inadvertidas que están ó servizo dos falantes para transmitir aspectos non só lingüísticos, senón tamén persoais e sociais.

- 138 Como resultado da análise de todo o anterior e, principalmente, trala comprobación da existencia de estilos comunicativos culturais semellantes canto ás características atribuídas ás prácticas discursivas galegas, dedúcese que o suposto modo comunicativo galego está inserido dentro dunha máis extensa categoría cultural e que, por conseguinte, calquera xuízo negativo contra el non é real ou obxectivo en por si, senón que é a consecuencia dunha visión subxectiva e etnocentrista de culturas rexidas por unha concepción da comunicación e das relacións humanas discordante.

Referencias bibliográficas

Corpus

CORGA: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)* [4.0] <<http://corpus.cirp.gal/corga/>>

TILG: Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega* (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/TILG/>>

Referencias

Ahn, Mikyung e Foong H. Yap (2015): “Evidentiality in interaction: A pragmatic analysis of Korean hearsay evidential”. *Studies in Language* 39 (1), 46-84.

Ahn, Mikyung (2016): “Emotion in interaction. A diachronic and pragmatic analysis of the sentence-final particle *-tani* in Korean”. *Studies in Language* 40 (4), 872–893.

Aikhenvald, Alexandra (2004): *Evidentiality*. Oxford: Oxford University Press.

Aikhenvald, Alexandra (ed.) (2018): *The Oxford Handbook of Evidentiality*. Oxford: Oxford University Press.

Aikhenvald, Alexandra (2021): *The web of knowledge. Evidentiality at the Cross Roads*. Leiden / Boston: Brill.

Albelda Marco, M. (2004): “Cortesía en diferentes situaciones comunicativas. La conversación coloquial y la entrevista sociológica semiformal”. En: Briz, Antonio e Diana Bravo (eds.). 109-134.

Albelda Marco, Marta (2008): “Atenuantes en Chile y en España: distancia o acercamiento”. En: Briz, Antonio *et al.* (eds.), *Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral*. Valencia: Universidad de Valencia/Programa EDICE. 98-113.

Albelda, Marta e Antonio Briz (2010): “Cortesía y atenuantes verbales en las dos orillas a través de muestras orales”. En: *La lengua española en América: normas y usos*. 237-260.

Albelda Marco, Marta (2018): “¿Atenuación del compromiso del hablante?: El caso de los evidenciales *por lo visto* y *se ve que*”. *Rilce* 34 (3), 1179-1214.

Albelda, Marta, Ana M^a Cestero, Silvana Guerrero e Marta Samper (2020): “Variación sociopragmática y geolectal en el uso de la atenuación”. *Lengua y Habla* 24, 1-53.

Alonso Montero, Xesús (1974): *Galicia vista por los no gallegos*. Madrid: Ed. Júcar.

- Alvarez, Rosario e Xesús Xove (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Anderson, L.B. (1986): “Evidentials, Paths of Change, and Mental Maps: Typologically Regular Asymmetries”. En: Chafe e Nichols (eds.): 273-312.
- Babel, Anna (2009): “Dizque, evidentiality, and stance in Valley Spanish”. *Language in Society* 38, 48- 511.
- Baltrusch, Burghard (1998): “Teoría e práctica sincrónica da retransa a partir do refraneiro e da literatura galega vangardista”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 117-140.
- Barnes, Janet (1984): “Evidentials in the Tuyuca verb”. *International Journal of American Linguistics* 50: 255-271.
- Baroja, Pío (1919): *La caverna del humorismo*. Madrid: Editorial Rafael Caro Raggio.
- Barreiro Rivas, Xosé Luis (2006): “A retransa: ironía e metáfora na identidade cultural de Galicia”. [Conferencia pronunciada no Encontro de Culturas. Barcelona, xuño 2006].
- Beinhauer, Weinrich (1991 [1929]): *El español coloquial*. Madrid: Gredos.
- Bergqvist, Henrik (2017): “The role of “perspective” in epistemic marking”. *Lingua* 186–187, 5–20.
- Blum-Kulka, Shoshana (1987): “Indirectness and politeness in requests: Same or different?” *Journal of Pragmatics* 11(2), 131-146.
- Bourdieu, Pierre (1980): *Le sens pratique*. Paris: Les Éditions du Minuit.
- Boye, Kasper e Peter Harder (2009): “Evidentiality. Linguistic categories and grammaticalization”. *Functions of Language* 16(1), 9-43.
- Boye, Kasper (2010): “Evidence for what? Evidentiality and scope”. *STUF* 63 (4), 290-307.
- Boye, Kasper (2012): *Epistemic Meaning. A Crosslinguistic and Functional-Cognitive Study*. Berlin / Boston: Mouton De Gruyter.
- Brandimonte, Giovanni (2005): “Competencia pragmática e interferencias culturais en la enseñanza de español a estudiantes italianos”. En: *Actas da Asociación de Español como Lengua extranjera*, XVI. Madrid: Centro Virtual Cervantes. 196- 207.
- Bravo, Diana (2004): “Tensión entre universalidad y relatividad en las teorías de cortesía”. En: Bravo, Diana e Antonio Briz (eds.): *Pragmática sociocultural: estudios sobre el discurso de cortesía en español*. Barcelona: Ariel Lingüística. 15-37.
- Bravo, Diana (2021): “Atenuación, conflicto interlocutivo e identidad de imagen”. *Pragmática sociocultural* 9 (2), 184-205.
- Brinton, Laurel J. (1996): *Pragmatic Markers in English: Grammaticalization and Discourse Functions*. Berlin/Boston: Mouton de Gruyter.
- Briz, Antonio (1995): “La atenuación en la conversación coloquial. Una categoría pragmática”. En: *El español coloquial: Actas del I Simposio sobre análisis del discurso oral*: Cortés Rodríguez (ed.) Almería: Universidad de Almería. 101-122.
- Briz Gómez, Antonio e Diana Bravo (2004): *Pragmática sociocultural. Estudio sobre el discurso en cortesía en español*. Barcelona: Ariel Lingüística.
- Briz, Antonio (2004): “Cortesía verbal codificada y cortesía verbal interpretada”. En: Bravo, Diana e Antonio Briz (eds.). 67-93.
- Briz, Antonio (2006): “La segmentación de una conversación en diálogos”. *Oralia* 9, 45-72

Briz Gómez, Antonio (2011): “Cortesía, atenuación y partículas discursivas”. En: Fuentes, Carolina, Esperanza Alcalde Lara e Ester Brenes Peña (eds.), *Aproximaciones a la (des)cortesía verbal en español*. Berlín: Peter Lang, 13-26.

Briz, Antonio (2018): *Al hilo del español hablado. Reflexiones sobre pragmática y español coloquial*. Sevilla: Universidad de Sevilla.

Brown, Penelope e Stephen C. Levinson (1987): *Politeness: Some universals in language usage*. New York: Cambridge University Press.

Brutti, Silvia (2007): “Complexity in audiovisual translation. Some reflections on the speech act of complimenting”. En: *Lexical Complexity: Theoretical Assessment and translational perspectives*, Bertucelli, Marcella, Gloria Cappelli e Silvia Masi (eds.) Pisa: Plus Edizione. 101-120.

Caballero Wangüemert, Félix (2012): *O humor galego alén da retranca*. Cangas do Morrazo: Edicións Rinoceronte.

Caballero Wangüemert, Félix (2016): “A retranca como autodefensa e a súa confusión co sarcasmo e outras formas agresivas de humor”. En: Vázquez Lobeiras, María Xesús e Alexandre Veiga (eds.), *Cultura e humor. Homenaxe a Celestino Fernández de la Vega (1914-1986)*. Santiago: Servizo de publicacións da USC. 27-35.

Caffi, Claudia (1990): “Modulazione, mitigazione, litote”. En: M. E. Conte, Giacalone Ramat e Paolo Ramat (eds.): *Dimensione della linguistica*. Milán: Angeli. 69-78.

Caffi, Claudia (1999): “On mitigation”. *Journal of Pragmatics* 3, 881-909.

Caffi, Claudia (2004): *Mitigation: a pragmatic approach*. Oxford: Elsevier.

Cappelli, Gloria (2007) “*I reckon I know how Leonardo da Vinci must have felt*”.

Epistemicity, evidentiality and English verbs of cognitive attitude. Pari: Pari Publishing.

Carballo Calero, Ricardo (1975): “Castelao e a súa lingua”. *Boletín da Real Academia Galega* 357, 151-157.

Carracedo, Angel (2015): “Del sentido del humor”. En: *La voz de Galicia* 08/11/2015. (Consultado 10/4 /2022).

Carretero, Marta (2004): “The role of evidentiality and epistemic modality in three English spoken texts from legal proceedings”. En: Marín-Arrese, Juana (ed.), *Perspectives on Evidentiality and Epistemic Modality*. Madrid: Editorial Complutense. 25-62.

Casares, Carlos (2017 [2001]): “A cultura galega no século XXI”. Conferencia pronunciada no *Congreso A cultura galega no século XXI*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Castelao, Alfonso Daniel R (1971): *Cousas da vida*. Vigo: Galaxia.

Castelao, Alfonso Daniel R. (1976): *175 Debuxos de Castelao*. Edición especial. Santiago de Compostela: Servicio de Publicaciones de la Caja de Ahorros de Santiago de Compostela.

Castelao, Alfonso Daniel R. (1986 [1944]): *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.

Castelao, Alfonso Daniel R. (1989a [1961]): *Cousas da vida. Caciques*. Vigo: Galaxia.

Castelao, Alfonso Daniel R. (1989b [1961]): *Cousas da vida. Vellos*. Vigo: Galaxia.

Castelao, Alfonso Daniel R. (1989c [1961]): *Cousas da vida. Mulleres*. Vigo: Galaxia.

Casseb-Galvão, Vânia Cristina (2001): *Evidencialidade e gramaticalização no português do Brasil: os usos da expressão diz que*. Tese Doutorado en Lingüística. São Paulo: Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho”.

- Cestero, Ana M.^a (2017): “La atenuación en el habla de Madrid: patrones sociopragmáticos”. *Rilce* 33(1): 57-86.
- Cidrás, Francisco (2016): “Why do they say ‘I know’ when they mean ‘I really don’t know’? Semantic change and constructionalization of Galician particle *seica*”. (Manuscrito inédito).
- Cornillie, Bert e Nicole Delbecque (2008): “Speaker commitment: back to the speaker: evidence from Spanish alternations”. *Belgian Journal of Linguistics* 22, 37-62.
- Cornillie, Bert e Pedro Gras (2015): “On the interactional dimensions of evidentials: the case of the Spanish evidential discourse markers”. *Discourse Studies* 17 (2), 141– 161.
- Cornillie, Bert e Dámaso Izquierdo (2016): *Gramática, semántica y pragmática de la evidencialidad*. Pamplona: Eunsa.
- Cornillie, Bert, Juana Marín-Arrese e Björn Wiemer (2016): “Gramática, semántica y pragmática de la evidencialidad. Apuntes teóricos y metodológicos”. En: Cornillie, Bert e Dámaso Izquierdo (eds.). 15-36.
- Christie, Agatha (2002 [1926]): *The Murder of Roger Ackroyd*. London: Harper Collins.
- Cruschina, Silvia e Eva Maria Remberger (2008): “Hearsay and reported speech. Evidentiality in Romance”. En: Benincà, P., Damonte, F., Penello, N. (eds.), *Selected Proceedings of the 34th Incontro di Grammatica Generativa* 33. Padova: Unipress Padova. 95-116.
- Chafe, Wallace e Johanna Nichols (1986) (eds): *Evidentiality: The linguistic coding of epistemology*. Norwood, NJ: Ablex
- Chafe, Wallace (1986): “Evidentiality in English conversation and academic writing”. En: Chafe, Wallace (eds.), 261-272.
- Chao Rego, Xosé (1987): *Para comprendermos Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Cheng, Rong (2001): “Self-politeness: A proposal”. *Journal of Pragmatics* 33, 87-106.
- Cheng, Winnie (2003): *Intercultural conversation*. Amsterdam: John Benjamins.
- Davies, Eirllys e Abdelali Bentahila (2012): “Anglo-Arab Intercultural Communication”. En: *The Handbook of Intercultural Discourse and Communication*, Bratt Paulston, Christina, Scott F. Kiesling, Elizabeth S. Rangel (eds.). 231-251.
- Clift, Rebecca (2006): “Indexing stance: Reported speech as an interactional evidential”. *Journal of Sociolinguistics* 10/5, 569–595.
- Costa Clavell, Xulio (1983): *Los gallegos*. Vigo: Xerais.
- De Haan, Ferdinand (1999): “Evidentiality and Epistemic Modality: Setting Boundaries”. *Southwest Journal of Linguistics* 18, 83-101.
- De Haan, Ferdinand (2005): “Encoding speaker perspective: evidentiality”. En: Zygmunt Frajzyniec, Z., Hodges, A., Roo, D. S. (eds.), *Linguistic Diversity and Language Theories*. Amsterdam: John Benjamins. 379-417.
- De Haan, Ferdinand (2013): *The world atlas of language structures online*. Leipzig: Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology. <http://wals.info> (Consultado 10.09.2021).
- De la Mora, Juliana e Ricardo Maldonado (2015): “Dizque: Epistemics blurring evidentials in Mexican Spanish”. *Journal of Pragmatics* 85, 168-180.
- DeLancey, Scott (2001): “The mirative and evidentiality”. *Journal of Pragmatics* 33 (3), 369–382.

- Del Val, José (2000): *Entender y comprender al otro*. En: *Diversidad cultural y tolerancia*. México: Gobierno de la Ciudad de México. Delegación Coyoacán.
- Dendale, Patrick e Liliane Tasmowski (eds.) (1994). *Les sources du savoir et leurs marques linguistiques*. Paris: Larousse (Langue Française, 102).
- Dendale, Patrick (1994): “Devoir épistémique, marqueur modal ou évidentiel?”. *Langue Française* 102, 24-40.
- Dendale, Patrick (2001): “Introduction: evidentiality and related notions”. *Journal of Pragmatics* 33 (3), 339-348.
- Dijk, Teun A. van (2000 [1997]): *El discurso como interacción social. Estudios del discurso: una introducción multidisciplinaria*. Barcelona: Gedisa.
- Domínguez Romero, Elena, Victoria Martín de la Rosa e Viviane de Moraes Abrahão (2022): “Evidentiality in Portuguese”. En: Wiemer, Björn e Juana Marín-Arrese (eds.). 371-394.
- Du Bois, John (2007): “The Stance Triangle”. En: Englebretson, R. (ed.), *Stancetaking in Discourse: Subjectivity, Evaluation, Interaction*. Amsterdam: John Benjamins. 139-182.
- Duranti, Alessandro (2000): *Antropología Lingüística*. Madrid: Cambridge University Press.
- Escandell Vidal, Victoria (2017 [1993]): *Introducción a la Pragmática*. Barcelona: Ariel.
- Fant, Lars (1992): “Scandinavians and Spaniards in negotiation”. En: A. Sjögren e L. Janson (eds.) *Culture and Management in the Field of Ethnology and Business Administration*. Estocolmo: Stockholm School of Economics. 125-153.
- Fant, Lars (2007): “Rapport and identity management in Spanish spontaneous dialogue”. En: M. E. Placencia / C. García (eds.), *Research on Politeness in the Spanish-Speaking World*. Mahwah NJ: Lawrence Erlbaum. 335-365.
- Farr, Fiona e O’Keefe, Anne (2002): “Would as a hedging device in an Irish context: An intra-varietal comparison of institutionalized spoken discourse”. En: R. Reppen, S. M. Fitzmaurice, e D. Biber (eds.), *Using corpora to explore linguistic variation*. John Benjamins. 25-48.
- Félix-Brasdefer, César (2009). Pragmatic variation across Spanish (es): Requesting in Mexican, Costa Rican, and Dominican Spanish. *Intercultural Pragmatics* 6, 473-515.
- Félix-Brasdefer, César (2019): *Pragmática del español: contexto, uso y variación*. New York: Routledge. Series: Introductions to Spanish language and linguistics.
- Fernández Cid, Miguel (2017): *Castelao grafista. Pinturas, dibujos y estampas*. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e Fundación Torrente Ballester.
- Fernández de la Vega, Celestino (1983 [1963]): *O segredo do humor*. Vigo: Galaxia.
- Ferro Ruibal, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Discurso lido na recepción pública do 4 de maio de 1996. Real Academia Galega.
- Fitneva, Stanka A (2001): “Epistemic marking and reliability judgments: evidence from Bulgarian”. *Journal of Pragmatics* 33 (3), 401-420.
- Fox, Barbara (2001): “Evidentiality: Authority, Responsibility, and Entitlement in English Conversation”. *Journal of Linguistic Anthropology* 11 (2), 167-192.
- Fraser, Bruce (1980): “Conversational mitigation”. *Journal of Pragmatics* 4, 341-350.
- Fraser, Bruce (1990): “Perspectives on Politeness”. *Journal of Pragmatics* 14 (2), 219-236.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (2010): *La gramática de la cortesía en español / LE*. Madrid: Arco Libros.

- García Ramón, Amparo (2019): "Incongruencia epistémica, partículas intensificadoras y elaboración de la información". *Signos* 52(101), 804-829.
- García-Sabell, Domingo (1978): *Intervención nas sesións de discusións do Seminario "Galicia 2002"* celebradas en Santiago de Compostela en 1976. En: VV. AA (eds.). 174-176.
- Gašior, Weronika Zofia (2014): *Intercultural pragmatics: an investigation of expressing opinions in Irish English amongst Irish and Polish students*. Tese doutoral. University of Limerick.
- Gibbs, R. W. (2001): "Intentions as a emergent product of social interactions". En Bertram F. Malle, Louis J. Moses, Dare. (eds.), *Intentions and Intentionality: Foundations of Social Cognition*. Massachusetts: MIT Press. 105-122.
- Gibbs RW. (2007): "Why irony sometimes comes to mind: Paradoxical effects of thought suppression". *Pragmatics and Cognition* 15, 229-251.
- Givón, Thomas (1982): "Evidentiality and Epistemic Space". *Studies in Language* 6 (1), 23-49.
- Goffman, Erving (1967): *Interaction ritual: Essays on face-to-face behavior*. New York: Doubleday.
- Goddard, Cliff e Anna Wierzbicka (2000): "Discurso y cultura". En: Dijk, Teun (ed.). 331-366.
- Goddard, Cliff e Anna Wierzbicka (2013): *Words and Meanings: Semantics Across Languages, Cultures and Domains*. Oxford: Oxford University Press.
- González González, Manuel (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/dicionario>> [Consultado: 10. 03 20]
- Gondar Portasany, Marcial (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra.
- González Ramos, Elisa (2016): "Por lo visto y al parecer: evidencialidad y restricción del compromiso con la verdad de un contenido enunciado". En: Ramón González Ruiz, Dámaso Izquierdo Alegría e Óscar Loureda Lamas (eds). 129-152.
- González Ruiz, Ramón, Dámaso Izquierdo Alegría e Óscar Loureda Lamas (2016) (eds.): *La evidencialidad en español: teoría y descripción*. Madrid: Iberoamericana-Vervuert.
- González Seoane, Ernesto e Dolores Vilavedra (1994): "Introducción". En: *Castelao, Alfonso Rodríguez: Retrincos e un ollo de vidro*. Vigo: Galaxia.
- González Vázquez, Mercedes (1998): "La interacción de la modalidad epistémica y la evidencialidad citativa desde un punto de vista tipológico". *Ibero-Americana Pragmática*. Año XXXII. 43-61.
- González Vázquez, Mercedes (2000): "La modalidad epistémica subjetiva & objetiva y su interacción con la evidencialidad". En: Corbella Díaz, C. (ed.): *Cien años de investigación semántica, de Michel Breal a la actualidad: Actas do Congreso Internacional de Semántica*. La Laguna: Universidad de La Laguna. Vol. 2, 1349-1362.
- González Vázquez, Mercedes (2002): "Hacia un concepto de modalidad". *Linguística Pragmática*. Vol xii, 57- 82.
- González Vázquez, Mercedes (2004 [2000]): *De lo posible a lo necesario: Semántica de la modalidad*. Tese Doutoral CD-Rom. Vigo: Universidade de Vigo.
- González Vázquez, Mercedes (2006): *Las fuentes de la información: tipología, semántica y pragmática de la evidencialidad*. Vigo: Universidade de Vigo.
- González Vázquez, Mercedes (2016): "La naturaleza y función de la evidencialidad en español". En: González Ruiz et al. (eds.). 49-74.
- González Vázquez, Mercedes (2021): "The evidentiality system in Galician and the *seica* marker". *Journal of Pragmatics* 178, 83-92.

- González Vázquez, Mercedes (2022a): “Unhas notas sobre o sistema evidencial galego”. *Estudos de Lingüística Galega* 14 (1), 1-33.
- González Vázquez, Mercedes (2022b): “Algo máis alá da evidencialidade e dos estereotipos culturais galegos”. En: Acuña, Ana, Xosé Henrique Costas e Rexina Vega (eds.), *Caer abrindo círculos pechados*. Vigo: Universidade de Vigo. 151-167.
- González Vázquez, Mercedes e Elena Domínguez Romero (2022): “Evidentiality in Galician”. En: Wiemer, Björn e Juana Marín-Arrese (eds.). 169-189.
- Gordon, Raymond (2005) (ed.): *Ethnologue: Languages of the world*. Dallas: SIL International.
- Levisen, Carsten (2012): *Cultural Semantics and Social Cognition: A Case Study on the Danish Universe of Meaning*. Berlin: Mouton De Gruyter.
- Grainger, Karen e Sara Mills (2016): *Directness and Indirectness Across Cultures*. New York: Palgrave Macmillan.
- Grice, Herbert Paul (1991 [1975]): “Lógica y Conversación”. En: Valdés Villanueva, Luis (ed.), *La búsqueda del significado*. Madrid: Tecnos. 511-530.
- Grygierzec, Wiktoria e Xesús Ferro Ruibal (2009): “Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués”. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 81-111.
- Grzech, Karolina (2016): “The non-evidential meaning of the Tena Kichwa direct evidential”. *York Papers in Linguistics* 3, 73–94.
- Grzech, Karolina (2021): “Using discourse markers to negotiate epistemic stance: A view from situated language use”. *Journal of Pragmatics* 177 (1): 208-223.
- Gumperz, John J. (1992): “Contextualization revisited”. En: Peter Auer e Aldo Di Luzio (eds.), *The Contextualization of Language*. Amsterdam: John Benjamins. 177-192.
- Hall, Edward (1976): *Beyond Culture*. New York: Anchor/Doubleday.
- Hall, Edward (1983): *The dance of life: The other dimension of time*. New York: Doubleday.
- Hall, Edward T. e Mildred R. Hall (1990): *Understanding cultural differences: German, French and Americans*. Yarmouth, ME: Intercultural Press.
- Haßler, Gerda (2010): “Epistemic modality and evidentiality and their determination on adiectic basis”. En: Becker, Martin G. e Eva-Maria Remberger (eds.): *Modality and mood in Romance. Modal interpretation, mood selection, and mood alternation*. Berlin: de Gruyter. 95-108.
- Haßler, Gerda (2018): *Evidential and epistemic sentence adverbs in Romance languages*. *Linguistik Online*, 92(5). <https://doi.org/10.13092/lo.92.4506>.
- Hardman, M. J. (1986): “Data source marking in the Jaqi languages”. En: Chafe e Nichols (eds.). 113-136.
- Haug, Michael (2007): “The co-constitution of politeness implicature in conversation”. *Journal of Pragmatics* 39 (1), 84-110.
- Haug, Michael (2008): “Intention in pragmatics”. *Intercultural Pragmatics* 5(2), 99-110.
- Haverkate, Henk (1994): *La cortesía verbal. Estudio pragmalingüístico*. Madrid: Gredos.
- Haverkate, Henk (2000): “Estrategias de cortesía. Análisis intercultural”. *Forma y Función* 13, 17-30.
- Haverkate, Henk (2004): “El análisis de la cortesía comunicativa, categorización pragmalingüística de la cultura española”. En: Bravo, Diana e Antonio Briz (eds.). 55-65.
- Heritage, John (2012): “Epistemics in action: action formation and territories of knowledge”. *Research on Language & Social Interaction* 45 (1), 1–29.

- Heritage, John e Geoffrey Raymond (2005): "The Terms of Agreement: Indexing Epistemic Authority and Subordination in Talk-in-Interaction". *Social Psychology Quarterly* 68(1), 15–38.
- Hernández Flores, Nieves (2004): "La cortesía como búsqueda del equilibrio de la imagen social". En: Bravo, Diana e Antonio Briz (eds.). 95-108.
- Hernández López, María de la O (2010): "El humor como lengua de contacto ¿estrategia afliativa o de autoafirmación? Estudio comparativo inglés español del discurso institucional". *Odisea* 10, 285-299.
- Hickey, Leo e Miranda Stewart (2005): *Politeness in Europe*. Multilingual Matters: 127) British Library Cataloguing in Publication Data Ltd: Clevedon. Cromwell Press Ltd.
- Hintz, Daniel e Diane Hintz (2017): "The evidential category of mutual knowledge in Quechua". *Lingua* 186, 209- 228.
- Hofstede, Geert (2001): *Culture's Consequences: comparing values, behaviors, institutions, and organizations across nations*. Thousand Oaks, California: Sage.
- Hofstede, Geert (2011): "Dimensionalizing cultures: The Hofstede model in context". *Online Readings in Psychology and Culture*, 2 (1).
- Holmlander, Disa (2008): "Atenuación con y sin cortesía. Un estudio de conversaciones interculturales entre españoles y suecos". En Briz, A., Hidalgo, A., Albelda, M. Contreras J. e Hernández Flores N. (eds.). *Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral. III Coloquio Internacional del Programa EDICE*. Valencia: Universidad de Valencia. 730-753.
- Huth, Thorsten (2013): "Pragmatics and Culture". En: Carol A. Chapelle (ed.): *The Encyclopedia of Applied Linguistics*. London/New York: Blackwell Publishing. 1-6.
- Izquierdo Alegría, Dámaso (2019): "¿Qué tipo de información codifica realmente un evidencial? Propuesta de una distinción conceptual entre fuente, base y modo de acceso para el reconocimiento de unidades evidenciales". *Estudios filológicos* 63, 211-236.
- Iwasaki, Shimako (2009): "Initiating interactive turn spaces in Japanese conversation: Local projection and collaborative action". *Discourse Processes* 46(2): 226-246
- Jacobs, Scott e Sally Jackson (1983): "Strategy and Structure in Conversational Influence Attempts". *Communication Monographs* 50, 285–304.
- Kallen, Jeffrey (2005): "Politeness in Ireland: 'In Ireland, It's Done Without Being Said'". En: Hickey, Leo e Miranda Stewart (eds.). 130-144.
- Kamio, Akio (1994): "The theory of territory of information: The case of Japanese". *Journal of Pragmatics* 21, 67-100.
- Kamio, Akio (1997): *Territory of Information*. Amsterdam: John Benjamins.
- Kecskes, Istvan e Jacob Mey (2008): *Intention, Common Ground and the Egocentric Speaker-Hearer*. Berlín: Mouton de Gruyter.
- Kerbrat-Orechionni, Catherine (2004): "¿Es universal la cortesía?". En: Bravo *et al.* (eds.). 39-53.
- Keysar, Boaz (2008): "Egocentric processes in communication and miscommunication". En: Kecskes, Istvan e Jacob May (eds.). 277-296.
- Keysar, Boaz e A. Henly (2002): "Speakers' overestimation of their effectiveness". *Psychological Science*, 13, 207-212.
- Koestler, Arthur (1980 [1964]): *Le cri d'Archimède*. Paris: Calmann-Lev.
- Laird, J.D. e N.S. Thomson (1992): *Psychology*. Boston: Houghton Mifflin.


- Landaburu, Jon (2005): "Expresión gramatical de lo epistémico en algunas lenguas del Norte de Sud-america". *Proceedings of the Conference on Indigenous Languages of Latin America*. 1-13.
- Lakoff, Robin T. (1989): "The Limits of Politeness: Therapeutic and Courtroom Discourse". *Multilingua* 8(2-3), 101-129.
- Lazard, Gilles (1999): "Mirativity, evidentiality, mediativity, or other?". *Linguistic Typology* 3, 91-101.
- Lee, James J. e Steven Pinker (2010): "Rationales for indirect speech: The theory of the strategic speaker". *Psychological Review* 117(3): 785-807.
- Leech, George (1983): *Principles of pragmatics*. London: Longman.
- Lempert (2012): "Indirectness". En: *The Handbook of Intercultural Discourse and Communication*, Bratt, Christina, Scott F. Kiesling & Elizabeth S. Rangel (eds.). New York: Blackwell Publishing Ltd.
- Levisen, Carsten (2012): *Cultural Semantics and Social Cognition: A Case Study on the Danish Universe of Meaning*. Berlin: Mouton De Gruyter.
- López Férez, Juan Antonio (2006): "Los celtas en la literatura griega de los siglos VI-I a.C." *Cuadernos de Filología Clásica. Estudios griegos e indoeuropeos* 16, 45-84.
- López Lorenzo, Siro (1996): *Castelao humorista*. Cadernos Instituto Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- López Lorenzo, Siro (2016): *Cervantes e o Quixote. A invención do humorismo*. Cadernos Instituto Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Louis, Sasha e Rana N. Khoudary (2021): "Lebanese conversational style and cultural values". *Intercultural Pragmatics* 18(5): 571-604.
- Mansfield, John (2019): "Epistemic authority and sociolinguistic stance in an Australian Aboriginal language". *Open Linguistics* 5, 25-48.
- Marín-Arrese, Juana (2013): "Stance taking and intersubjectivity in the Iraq Inquiry: Blair vs. Brown". En: Marín-Arrese, Juana, Marta Carretero e Johan van der Auwera (eds.): *English Modality: Core, Periphery and Evidentiality*. Berlin: Mouton De Gruyter. 410-445.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Marsily, Aurélie (2018): "Directness vs. indirectness. A contrastive analysis of pragmatic equivalence in Spanish and French request formulations". *Language in Contrast* 18 (1), 122-144.
- Martínez Quiroga, Pilar (2014): "Unha espía no Reino de Galicia de Manuel Rivas: o humor e a construción da identidade nacional galega". *Revista de Filología Románica* 31(2), 209-226.
- Matisoff, James A. (2000 [1979]): *Blessings, curses, hopes, and fears: psycho-ostensive expressions in Yiddish*. Philadelphia: ISHI, Stanford, California: Stanford University Press.
- Michael, Lev (2012): "Nanti self-quotation: implications for the pragmatics of reported speech and evidentiality". *Pragmatics and Society* 3 (2), 321-357.
- Miki, E. (1996): "Evocation and tautologies". *Journal of Pragmatics* 25, 635-648.
- Miquel, Lourdes e Neus Sans (1992): "El componente cultural: un ingrediente más en las clases de lengua". *Cable* 9, 15-21.
- Mushin, Ilana (2001): *Evidentiality and epistemological stance*. John Benjamins Publishing Company.
- Mushin, Ilana (2013): "Making knowledge visible in discourse: Implications for the study of linguistic evidentiality". *Discourse Studies* 15(5), 627-645.

- Nuckolls, Janis (2012): "From quotative other to quotative self: Evidential usage in Pastaza Quichua". *Pragmatics and Society* 3(2), 226–242.
- Nucholls, Janis e Lev Michael (eds.) (2014): *Evidentials in interaction*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Núñez Ramos, Rafael (1985): "Aspectos semiológicos del humor de Cousas da vida", en *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, Universidad de Oviedo. Oviedo: Gredos. 519-529.
- Núñez Ramos, Rafael (1989): *Castelao, a arte do humor*. En: Beramendi, Justo e Ramón Villares (eds.) *Actas Congreso Castelao* Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986. Universidade de Santiago de Compostela: Fundación Castelao. 147-153.
- Núñez Seixas, Xosé M. (2020): "A identidade colectiva en Galicia no espello bretón (séculos XIX e XX): unha interpretación". En: Villares, Ramón, Jean- François Botrel e Christine Rivalan Guégo (2020): *Galicia Breaña. Olladas comparadas*. Santiago: Consello da Cultura Galega. 193-212.
- Nuyts, Jan (2017): "Evidentiality reconsidered". En Marín Arrese, Juana, Gertraud Haßler e Marta Carretero (eds.): *Evidentiality revisited: cognitive grammar, functional and discourse-pragmatic perspectives*. Amsterdam: John Benjamins. 57–83.
- Ogierman, Elda (2009): "Politeness and In-directness across cultures: a Comparison of English, German, Polish and Russian Request". *Journal of Politeness Research* 6(4), 189-216.
- Olbertz, Hella (2007): "Dizque in Mexican Spanish: the subjectification of reportive meaning". *Rivista di Linguistica* 19 (1), 151-172.
- Olbertz, Hella. e M.M. Dall’Aglio Hattner (2018): "On objective and subjective epistemic modality again. Evidence from Portuguese and Spanish modal auxiliaries". En: Keizer, E. e Hella Olbertz (eds.), *Recent Developments in Functional Discourse Grammar*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Paulston, Christina Bratt, Scott F. Kiesling e Elizabeth S. Rangel (2012): *The Handbook of Intercultural Discourse and Communication*. Oxford: Blackwell Publishing.
- Piccardi, Alice (2004): "A retranscricao como acto lingüístico". *Cadernos de Lingua*, 26, 99-108.
- Peres Vigo, Alexandre (2020): "Do supremacismo á xenofobia: o idioma galego no pensamento castelán (séculos XV- XVII)". *Revista Galega de Filoloxía* 21, 139-171.
- Pinker, Steven (2007): "The evolutionary social psychology of off-record indirect speech acts". *Intercultural Pragmatics* 4 (4), 437–461.
- Piñeiro, Ramón (1974): "Algunhas notas sobre a realidade humana de Galicia". En: Piñeiro, Ramón (ed.), *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia. 245-256.
- Piñeiro, Ramón (1978): *Intervención nas sesións de discusións do Seminario "Galicia 2002"* celebradas en Santiago en 1976. En VV. AA. (eds.). 127- 34
- Piñeiro, Ramón (2009 [1984]): *Filosofía da saudade* (Vol. 1). Vigo: Editorial Galaxia.
- Plungian, Vladimir (2001): "The place of evidentiality within the universal grammatical space". *Journal of Pragmatics* 33, 349-357.
- Priego Valverde, Béatrice (1999): *L'humour dans les interactions conversationnelles: jeux et enjeux*. Thèse doctorale. Marseille: Université Aix- Marseille:

- Risco, Vicente (1992 [1954]): "As manifestacións psíquicas". En: *El Correo gallego. Biblioteca* 114 (53) (ed.), *Prosa varia. Textos de Etnografía e Historia*. Santiago: Editorial Compostela. 46-48.
- Rivas, Manuel (2004): *Unha espía no reino de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Rivero Grandoso, Javier (2011): "Crímenes y humor en las novelas de Domingo Villar". *Madrygal* 14, 109-116. 149
- Rodríguez Ramalle, Teresa (2015): "Información contextual, estructura discursiva y modalidad evidencial en la selección de las locuciones consecutivas del español". *Spanish in Context* 12 (1), 80-101.
- Rosales Sequeiros, Xosé (2000): "Uso interpretativo de la lengua: disque y seica en lengua gallega". En: Ruiz de Mendoza Ibáñez, Francisco (coord.), *Panorama actual de la lingüística aplicada. Conocimiento, procesamiento y uso del lenguaje* (vol. I). Logroño: Universidad de la Rioja. 375-385.
- Ruiz Gurillo, Leonor (2012): *La lingüística del humor en español*. Madrid, Arco/Libros.
- Ruiz Gurillo, Leonor (2013): "Eva Hache y El Club de la Comedia: del guión monológico al registro dialógico". *Onomázein* 28, 148-161.
- Ruiz Gurillo, Leonor (2019): "El humor como hecho pragmático en español". *Revista de Investigación Lingüística* 22, 183-198.
- Rutherford, John (2007): "O humorismo da periferia e a comicidade do centro: a retranca e a guesa". En: Liñeira, María e Dolores Vilavedra (eds.). *John Rutherford, Mar por medio*. Trasalba (Amoeiro). Fundación Otero Pedrayo. 19-27.
- Rutherford, John (2012): *Novas achegas ao estudo da cultura galega II*. A Coruña: Universidade da Coruña. 15-24
- Sanromán Vila, Begoña (2020): "Do evidential markers always convey epistemic values? A look into three Ibero Romance reportatives". *Lingua* 238, 1-26.
- San Roque, Lila (2015): "Using you to get to me: Addressee perspective and speaker stance in Duna evidential marking". *STUF Sprachtypologie und Universalienforschung* 68(2): 187-210.
- Sidnell, Jack (2012): "Who knows best?: Evidentiality and epistemic asymmetry in Conversation". *Pragmatics and Society* 3(2), 294-320.
- Scollon, Ron e Suzanne Scollon (1995): *Intercultural Communication: A Discourse Approach*. Oxford: Blackwell.
- Scollon, Ron, Suzanne Scollon e Jones, R. H. (2012): *Intercultural Communication: A Discourse Approach*. Oxford: Wiley-Blackwell.
- Sifianou, Maria (1999 [1993]): *Politeness Phenomena in England and Greece: A Cross-cultural Perspective*. Oxford: Oxford University Press.
- Sifianou, Maria (2008): "Off-Record Indirectness and the Notion of Imposition". *Multilingua Journal of Cross-Cultural and Interlanguage Communication* 12 (1): 217-225.
- Sifianou, Maria (2012): "Disagreements, face and politeness". *Journal of Pragmatics* 44, 1554-1564.
- Sousa, Xulio (2012): "Estrategias evidenciales y expresión de la fuente de información en gallego: los marcadores gramaticalizados". En: Viejo Fernández, Xulio (ed.): *Estudios sobre variación sintáctica peninsular. Anexos de Revista de Filología Asturiana* iii. Oviedo: Universidad de Oviedo. 75-98.
- Searle, John. (2004 [1969]): *Actos de habla*. Barcelona: Planeta
- Searle, John (1977 [1975]): "Actos de habla indirectos". *Teorema* 7(1), 23-53.
- Searle, John (1979): *Expression and meaning. Studies in the theory of speech acts*. Cambridge: University Press.

- Searle, John (1983): *Intentionality: An essay in the philosophy of mind*. Cambridge: University Press.
- Searle, John (2007): "What is language: Some preliminary remarks". En: Horn, Lauren e Istvan Kecskes (eds.), *Explorations in Pragmatics. Linguistic, cognitive and intercultural aspects*. Berlín / New York: Mouton de Gruyter.
- Spencer-Oatey, Helen (2000): "Introduction: Language, culture and rapport management". En: Spencer-Oatey, Helen (ed.), *Culturally Speaking: Managing Rapport through Talk Across Cultures*. London: Continuum. 1-10.
- Sperber, Dan e Deirdre Wilson (1981): "Irony and the use-mention distinction". En: Cole, P. (ed.), *Radical Pragmatics*. New York: Academic Press. 295-318.
- Sperber, Dan e Deirdre Wilson (1986): *Relevance. Communication and Cognition*. Oxford: Blackwell.
- Sperber, Dan e Deirdre Wilson (1992): "On verbal irony". *Lingua*, 87, 53-76.
- Sperber, Dan e Deirdre Wilson (1995): *Relevance. Communication and Cognition*. Oxford: Blackwell.
- Sperber, Dan, Clément F., Heintz C., Mascaro O., Mercier H., Origggi G e Wilson D. (2010): "Epistemic vigilance". *Mind and Language* 25(4), 359-393.
- Squartini, Mario (2001): "The internal structure of evidentiality in Romance". *Studies in Language* 25 (2), 297-334.
- Squartini, Mario (2004): "Disentangling evidentiality and epistemic modality in Romance". *Lingua* 114, 873-895.
- Squartini, M. (2008): "Lexical vs. grammatical evidentiality in French and Italian". *Linguistics* 46/5, 917-947.
- Stivers, Tania, Lorenza Mondada e J. Steensig (2011) (eds.): *The morality of knowledge in conversation*. Cambridge University Press: Cambridge.
- Storch, Anne (2018): "Evidentiality and the expression of knowledge: An african perspective". En: Aikhenvald, Alexandra (ed.). 610-628.
- Tannen, Deborah (1981): "Indirectness in discourse: ethnicity as conversational style". *Discourse processes*, 4, 221-238.
- Tannen, Deborah (1990): *You Just Don't Understand: Women and Men in Conversation*. New York: Ballantine Books.
- Tannen, Deborah (1992): *That's not what I mean!* London: Virago Press.
- Tannen, Deborah (2005): *Conversational style. Analyzing talk among friends*. Oxford: University Press.
- Tarrío Varela, Anxo (1989): *Álvaro Cunqueiro ou Os disfraces da melancolía*. Vigo: Galaxia.
- Terkourafi, Marina (2019): "Indirectness in the Age of Globalization: A Social Network Analysis". *Russian Journal of Linguistics* 23 (4), 930-949.
- Thomas, Jenny (1995): *Meaning in interaction*. New York: Longman.
- Toro Santos, Xelís de (1995): "Negotiating Galician Cultural Identity". En: Graham, Helen e Jo Labanyi (eds.), *Spanish Cultural Studies: An Introduction: The Struggle for Modernity*. Oxford: Oxford University Press. 346-351.
- Toro Santos, Xelís de (2000): "Bagpipes and Digital Music: The Remixing of Galician Identity". En: Jo Labanyi (ed.), *Constructing Identity in Contemporary Spain: Theoretical Debates and Cultural Practices*. Oxford: Oxford University Press. 237-254.
- Travis, Catherine E. (2006): "Dizque: a Colombian evidentiality strategy". *Linguistics* 44, 1269-97.

- Trent, Noriko (1998): Cross-cultural discourse pragmatics: Speaking about hearsay in English and Japanese. En: *Texas Papers of Foreign Language Education* 3 (2), 1-31.
- Van der Auwera, Johan e Vladimir Plungian (1998): "On modality's semantic map". *Linguistic Typology* 2, 79-124.
- Villar, Domingo (2012 [2006]): *Ollos de auga*. Vigo: Galaxia.
- Villar, Domingo (2007): *Ojos de agua*. Madrid: Siruela.
- Villar, Domingo (2009): *A praia dos afogados*. Vigo: Galaxia.
- VV. AA (1978): *Galicia 2002 a través da imaxinación creadora*. Vigo: Secretariado de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Wiemer, Björn (2006): "Grammatical evidentiality in Lithuanian (A typological assessment)". *Baltistica* 36, 33-49.
- Wiemer, Björn (2010): "Hearsay in European languages: toward an integrative account of grammatical and lexical marking". En: Diewald, Gabriele e Elena Smirnova (eds.), *Linguistic Realization of Evidentiality in European Languages*. Berlin: Mouton de Gruyter. 59-130.
- Wiemer, Björn e Juana Marín-Arrese (eds.) (2022): *Evidential Marking in European Languages. Toward a unitary comparative account*. Berlin / Boston: Mouton de Gruyter.
- Wierzbicka, Anna (1985): "Different cultures, different languages, different speech acts: Polish vs. English". *Journal of Pragmatics* 9(2-3), 145-178.
- Wierzbicka, Anna (1991): *Cross-cultural pragmatics: The semantics of human interaction*. New York: Mouton de Gruyter.
- Wierzbicka, Anna (1992): *Semantics, Culture and Cognition: Universal Human Concepts in Culture-Specific Configurations*. Oxford: Oxford University Press.
- Wierzbicka, Anna (2014): *Imprisoned in English: The Hazards of English as a Default Language*. Oxford University Press, New York.
- Wilson, Deirdre e Dan Sperber (2012): "Explaining irony". En: Wilson, Deirdre e Dan Sperber (eds.), *Meaning and Relevance*. Cambridge: Cambridge University Press. 123-145.
- Willett, Tomas (1988): "A crosslinguistic survey of the grammaticization of evidentiality". *Studies in Language* 12 (1), 51-97.
- Yan, Zhou (2019): "What are speakers doing when they pretend to be uncertain? Actions with non-committal epistemic stance in Mandarin Conversation". *Chinese Language and Discourse* 10(2). 187-223.
- Zaharna, R. S. (1995): "Understanding Cultural preferences of Arab Communication Patterns". *Public relations review* 21(3), 241-255.



Monografías

Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais

Últimas publicacións na colección

Análisis de políticas públicas: Enfoques y metodologías
(2023)

Xosé M^a Mahou Lago & Victoria Canoura Leira

*The multidimensionality of the plant. An art and
ecophysiology approach to the comprehension of Amazonian
tree seedlings (English-Galician edition)* (2022)

Antía Iglesias Fernández & Marion Boisseaux

*O Penedo Gordo: Intervención arqueolóxica nun abrigo con
pintura rupestre esquemática da Galicia suroriental* (2022)

Beatriz Comendador Rey

Cima del Monte Parnaso Español de José Delitala.

Edición anotada (2021)

Manuel Ángel Candelas Colodrón

*El poblamiento humano del NW peninsular durante el
Paleolítico antiguo. Un yacimiento achelense de finales
del Pleistoceno Medio en Arbo, Pontevedra.* (2021)

Eduardo Méndez Quintas



Da indireccionalidade á retranca

Análise das características lingüísticas asociadas á imaxe estereotipada do falante galego

Nos estudos de comunicación intercultural deféndese que malia a aparente liberdade de expresión que teñen os falantes para se comunicar na súa lingua, as diversas culturas –mecanismos de control subconsciente– parecen ir moldeando a fala das sociedades ata o punto de lles imprimir un estilo comunicativo propio. Este libro céntrase principalmente na análise de tres características discursivas existentes en todas as linguas: a indireccionalidade, a atenuación e a evidencialidade, ás que lles sumamos a retranca. Preténdese pñer en relación estes catro trazos lingüísticos coa imaxe estereotipada –proveniente do

exterior– do estilo comunicativo galego e, asemade, tentarase demostrar que esta imaxe está fondamente distorsionada polo prisma dende onde somos observados. A distorsión evidénciase ó comprobar que moitos outros grupos culturais integran as tres primeiras características discursivas como parte das súas prácticas comunicativas sen recibir as connotacións estereotipadas que se lle atribúen ó falante galego. Veremos que o amplo mapa das culturas deixa transparentar múltiples modos comunicativos transmitindo cada un deles unha forma de concibir a comunicación e as relacións humanas.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

